FACULTADE DE CIENCIAS DA INFORMACIÓN

Traballo de Fin de Grao

# Cosmopolitismo e europeísmo na revista *Nós*

Antonio Méndez Rodríguez

Titor: Xosé Manuel Outeiriño Gallego

**Grao en Xornalismo**

Curso 2018-2019

FACULTADE DE CIENCIAS DA INFORMACIÓN

Traballo de Fin de Grao

# Cosmopolitismo e europeísmo na revista *Nós*

# Cosmopolitismo y europeísmo en la revista *Nós*

# Cosmopolitanism and Europeanism in the *Nós* magazine

Antonio Méndez Rodríguez

Titor: Xosé Manuel Outeiriño Gallego

**Grao en Xornalismo**

Curso 2018-2019

# Índice

1. Introdución ..... 5
1.1. Xustificación ..... 8
1.2. Hipótese ..... 17
1.3. Obxectivos ..... 20
2. Marco teórico ..... 21
2.1. As ideas de cosmopolitismo e europeísmo ..... 21
2.2. A Xeración Nós: antecedentes, contexto histórico, características, integrantes e a revista *Nós* ..... 25
2.2.1. O século XIX: provincialismo, Rexurdimento, federalismo, rexionalismo ..... 25
2.2.2. As Irmandades da Fala: a chegada do nacionalismo ..... 26
2.2.3. A Xeración Nós: contexto histórico, integrantes, características e importancia ..... 30
2.3. A revista *Nós*: contextualización, nacemento e evolución, colaboradores e relevancia ..... 39
3. Metodoloxía ..... 47
4. Comentario e resultados ..... 53
4.1. Comentario dos artigos seleccionados ..... 53
*4.1.1. Do meu diario* ..... 53
*4.1.2. Dos nosos tempos* ..... 59
*4.1.3. A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo* ..... 63
*4.1.4. Nós, os inadaptados* ..... 66
*4.1.5. Notas encol da paisaxe romántica* ..... 76
*4.1.6. A moderna literatura irlandesa* ..... 80
*4.1.7. Irlanda e Galizia* e *Irlanda políteca no século XIX* ..... 86
*4.1.8. Portugal e Galizia* ..... 91
*4.1.9. Da Alemaña* ..... 95
*4.1.10. Mitteleuropa* ..... 103

4.2. Resultados ..... 107
5. Conclusións ..... 109
Referencias documentais ..... 112
Anexos ..... 117

## Resumo

A revista *Nós* (1920-1936) supuxo para a cultura e o xornalismo galegos un dos fitos máis importantes da primeira metade do século XX así como da historia de Galicia. *Nós* foi o órgano de expresión da xeración de autores homónima que renovaron e innovaron no eido literario e xornalístico e desenvolveron unha gran labor na dignificación e valorización da lingua, converténdose nun dos grupos máis significativos do panorama galego. Este Traballo de Fin de Grao ten como obxectivo analizar dous trazos característicos tanto da revista coma da xeración no seu conxunto: o carácter cosmopolita e europeísta. Desde o primeiro número de *Nós*, os responsables da publicación manifestan o seu interese por mediar entre as diferentes culturas e situar a Galicia nun chanzo semellante ás mesmas. Esta investigación analiza un total de corenta e catro artigos da revista para demostrar a presenza do cosmopolitismo e europeísmo nas páxinas de *Nós* ao longo de toda a súa traxectoria, así como debullar e caracterizar ámbolos dous aspectos.

## Resumen

La revista Nós (1920-1936) supuso para la cultura y el periodismo gallegos uno de los hitos más importantes de la primera mitad del siglo XX así como de la historia de Galicia. *Nós* fue el el órgano de expresión de la generación de autores homónima que renovaron e innovaron en el campo literario y periodístico y desarrollaron una gran labor en la dignificación y valorización del idioma, convirtiéndose en un de los grupos más significativos del panorama gallego. Este Trabajo de Fin de Grado tiene como objetivo analizar dos trazos característicos tanto de la revista como de la generación en su conjunto: el carácter cosmopolita y europeísta. Desde el primer número de N*ós*, los responsables de la publicación manifiestan su interés por mediar entre las diferentes culturas y situar a Galicia en un escalón semejante a las mismas. Esta investigación analiza un total de cuarenta y cuatro artículos de la revista para demostrar la presencia del cosmopolitismo y europeísmo en las páginas de *Nós* a lo largo de toda su trayectoria, así como desgranar y caracterizar ambos aspectos.

## Abstract

*Nós* magazine (1920-1936) was one of the most important landmarks of Galician culture and journalism in the first half of the 20th century, as well as the history of Galicia. *Nós* was the organ of expression of the homonymous generation of authors who renewed and innovated in the literary and journalistic fields and developed a great work in the dignification and valorization of the language, becoming one of the most significant groups of the Galician scene. The purpose of this Final Degree Project is to analyze two characteristic features of tha magazine and the generation as a whole: the cosmopolitanism and Europeanism. From the first issue of *Nós*, those responsible for the publication show their interest in mediating between different cultures and placing Galicia on a similar scale to them. This research analyzes a total of forty-four articles of the magazine to demonstrate the presence of cosmopolitanism and Europeanism in the pages of *Nós* throughout its history, as well as to describe and characterize both aspects.

## Palabras chave

Xornalismo galego – Revista *Nós* – Cosmopolitismo – Europeísmo – Xeración Nós

## Palabras clave

Periodismo gallego – Revista *Nós* – Cosmopolitismo – Europeísmo – Generación Nós

## Keywords

Galician journalism – *Nós* Magazine – Cosmopolitanism –Europeanism – Nós Generation

# 1. Introdución

A revista *Nós* (1920-1936) é unha das publicacións máis importantes da historia de Galicia e, en verbas de Ramón Piñeiro:

> "Como órgano cultural, a revista 'Nós' foi a publicación de máis alta categoría que deica entón tiña aparecido na nosa lingua. Nela colaboraron as máis importante figuras da Galicia de entón" (1978, p. 12).

Dita publicación viu a luz en outubro de 1920 en Ourense, nos talleres do xornal *La Región*, co título completo de *Nós. Boletín mensual da cultura galega. Órgao da Sociedade Galega de Pubricacións Nós*. Neste senso, poderiamos englobar a *Nós* baixo a denominación de « prensa cultural» que César Antonio Molina define como:

> "Aquela que favorece o cultivo das facultades intelectuais do home desde os seus múltiples aspectos, tales como o literario, científico, filosófico, artístico, político, etc. A prensa literaria durante moito tempo estivo englobada como unha máis dentro desta outra xeral. Aínda hoxe en día é moi difícil separalas. É por iso que eu mesmo emprego ás veces indistintamente «cultural» e«literaria», cando na primeira de ambas hai moitos elementos (aínda que non son todos) da segunda" (1990, p. 21-22).

*Nós* manifesta ao longo dos seus 144 números un claro interese polo eido literario, non só galego senón universal, aínda que a presenza da literatura decrece segundo avanzan as edicións da revista e agroman, en maior medida, outros campos como a arqueoloxía ou a etnografía. Porén, pódese incluír a *Nós* dentro do coñecido como prensa literaria xa que apoiándonos nas verbas previas de Molina, presenta moitos elementos literarios aínda que non en tódalas páxinas.

Na década de 1920, "a prensa literaria en Galicia, coma no resto de España, afronta a súa idade dourada" (Molina, 1989, p. 289). Nesa época, Xunto con *Nós*, xorden revistas como *Ronsel* ou *Alfar* e "moitos xornais incorporan ás súas páxinas seccións e suplementos literarios" (*Ibíd.*). Ditas publicacións "souberon auna-la recuperación das súas raíces nacionais coas universais" (*Ibíd.*). É nesta última idea onde se centra o presente Traballo de Fin de Grao: a análise do cosmopolitismo e do europeísmo en *Nós*, do desexo, por parte dos homes que elaboraban a revista, de tender pontes cara outras culturas e a súa intención de suprimir intermediarios entre elas e Galicia.

Neste senso, existe unha ampla bibliografía que reflicte o carácter cosmopolita e europeísta de *Nós* aínda que ningunha analiza dita circunstancia no conxunto da publicación, xa que os diferentes estudos, ensaios e artigos que tratan este tema abarcan as seguintes opcións (as cales se ampliarán no apartado seguinte: "Xustificación"):

1. O carácter europeísta e cosmopolita que caracteriza individualmente as personalidades e o pensamento dos distintos fundadores e colaboradores da revista *Nós*.[1]
2. As relacións dos contribuíntes da revista *Nós* con outras culturas europeas, con escritores, pensadores e intelectuais alén das fronteiras galegas; ou a análise de textos da revista que reflicten o senso europeísta e cosmopolita.[2]
3. Artigos que analizan a presenza do europeísmo, o cosmopolitismo e a universalidade dos homes de Nós nas páxinas dos seus libros.[3]
4. Libros e artigos que albergan nas súas páxinas o carácter universal, cosmopolita e europeísta da Xeración Nós no seu conxunto, é dicir, en toda a súa traxectoria.[4]

Porén, este Traballo de Fin de Grao pretende desenvolver unha perspectiva novidosa desde a que nunca se considerara o tratamento do europeísmo e cosmopolitismo na revista *Nós*. Tendo isto en conta, o estudo presentará unha estrutura que comezará co marco teórico onde se desenvolverá a idea de cosmopolitismo, apoiándose, sobre todo, nos apuntamentos de David Held:

> "O cosmopolitismo cultural non está defrontado coa cultura nacional; non nega a diferenza cultural, nin a significación perdurable da tradición nacional. Non vai contra a diversidade cultural. Son poucos os cosmopolitas contemporáneos que manteñen ese punto de vista, se é que hai algún que o faga. Diríase, máis ben, que o cosmopolitismo cultural deberíase entender á maneira de capacidade para mediar entre culturas nacionais, comunidades de destino e estilo de vida alternativos. Abrangue a posibilidade de diálogo coas tradicións e discursos doutros con fin de expandir os horizontes do marco de prexuízo e significado propio" (2011, p. 60).

[1] Véxase Casares, C. (1981). *Otero Pedrayo.* Vigo: Editorial Galaxia.
[2] Neste senso, achamos o artigo MacCarthy, A. (2003, xullo, agosto, setembro). Os cambios da literatura irlandesa en inglés durante o século XX. *A Trabe de Ouro* , *55*, 55-65.
[3] Tal é o caso de Outeiriño, M. (2009, outubro, novembro, decembro). Sobre *A Coutada*. *A Trabe de Ouro* , *4*, 45-58.
[4] Como por exemplo *Historia Xeral da Literatura Galega* (Gómez e Queixas, 2001, p. 207-208)

Tales ideas maniféstanse gran cantidade de artigos de *Nós*, poñamos por caso *Do meu diario*, *Da Alemaña*, *A moderna literatura irlandesa* ou *Mitteleuropa*, entre moitos outros; así como nos obxectivos marcados polos homes responsables da revista: convertir a *Nós* na representación da personalidade galega co fin de afirmarse como valor universal, autóctono e diferenciado así como suprimir intermediarios entre o cultura galega e o pensamento dos pobos cultos.

Por outra parte, exporanse, co fin de analizar a presenza do europeísmo en *Nós*, as ideas que o sociólogo polaco Zygmunt Bauman desenvolve no seu libro *Europa: Una aventura inacabada*. Na súa obra, Bauman describe a esencia de Europa, que podemos caracterizar, a grandes riscos e a modo de resumo, como unha idea sen fronteiras, crítica e autocrítica, aventureira, globalizadora, inventora e cultivadora da cultura e tolerante cos outros, entre outros aspectos. Todos estes ideais europeístas reflíctense, en maior ou menos medida, nunha parte considerable dos artigos de *Nós* (aínda que tamén nos obxectivos marcados polos homes responsables da revista antes descritos) como por exemplo: *Dos nosos tempos*, *Nós, os inadaptados*, ou *O valor da Historia e a interpretación do noso tempo*.

Ademais, resulta necesaria unha exposición da traxectoria de *Nós*, así como a conformación dos seus responsables e colaboradores e a importancia da revista para Galicia. Neste senso e co fin de analizar o tema sobre o que se vertebra o presente estudo, tamén é preciso reflexionar sobre a xeración que agromou en consonancia coa revista: o Grupo Nós. Esta Xeración, que presenta como figuras máis representantivas a Vicenre Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, ocupa un lugar destacado na historia de Galicia pola súa inxente aportación á lingua galega (dignificándoa e promovéndoa), á literatura galega (renovándoa e actualizándoa) ou á política (traballando polo recoñecemento da nación galega e da súa cultura e tradición). Porén, a análise dos seus antedecedentes, das súas influenzas e das súas inquedanzas é esencial para o desenvolmento óptimo deste Traballo de Fin de Grao.

A continuación, co fin de describir o aspecto cosmopolita e europeísta en *Nós* ao longo da súa traxectoria, seleccionaranse, seguindo un criterio temático, un conxunto de artigos nos que se evidencie e manifeste en maior medida a realidade a estudar, co fin

de elaborar, a posteriori, un comentario que demostre a presenza do cosmopolitismo e europeísmo nos textos e no conxunto da publicación.

## 1.1. Xustificación

O presente traballo, que leva por título *Cosmopolitismo e europeísmo na revista Nós*, quere tratar dun xeito novo a faceta europeísta e cosmopolita da publicación *Nós*. En primeiro lugar, existen unha gran cantidade de publicacións que compilan entre as súas achegas o carácter europeísta que caracteriza as personalidades dos distintos fundadores e colaboradores da revista. Verbi gratia, o escritor e catedrático Carlos Casares, un dos persoeiros máis versados sobre o director de *Nós* Vicente Risco, recolleu nos seus libros[5] sobre as traxectorias vitais dos ourensáns Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco, as influenzas de escritores e intelectuais europeos e universais durante a súa mocidade. Sobre a figura de Risco enuméranse unha chea de lecturas de autores da literatura universal tales como Nietzsche, Huysmanns, Rimbaud, Tagore, Mallarmé, Apollinaire e un longo etcétera. En relación a Otero, Casares afirma que (1981a, p. 45-46) "leu a Verlaine e aos simbolistas e especialmente aos románticos franceses, con Chateaubriand á cabeza. Na novela detívose en Dickens, Balzac e Stendhal", pequenas mencións da longa lista de prosistas, filósofos, poetas... que ditos homes do Grupo Nós absorberon durante a xuventude. Ademais desta descrición dos seus gustos literarios, Casares expón, por exemplo, como Otero trasladou todas estas referencias nas colaboracións na revista que é cuestión de estudo (1981a, p.76):

> "A presencia de Otero en *Nós* non é pequena. (...) Se tivéramos que clasificar temáticamente estas colaboracións, agruparíamolas en cinco apartados distintos: ensaios xeográficos, notas sobre literatura extranxeira, comentarios en torno á cultura dos pobos celtas, divagacións sobre Compostela e narracións breves. De todas elas, as máis interesantes son quizáis as do primeiro apartado[6]. Pero tamén as notas sobre literatura

[5] O ourensán Carlos Casares escribiu dous volumes sobre Otero e Risco, os cales podemos considerar unha achega crucial ás figuras de ambos co fin de introducirse en estudos máis profundos. Sobre o primeiro persoeiro: Casares, C. (1981). *Otero Pedrayo*. Vigo: Editorial Galaxia. Acerca do segundo: Casares, C. (1981*). Vicente Risco*. Vigo: Editorial Galaxia.

[6] Carlos Casares escribe esta afirmación quizais pola gran cantidade de textos en *Nós* de Otero Pedrayo sobre xeografía, especialmente a que atinxe a Galicia, exposta en artigos como: *Ensaios encol do estilo da paisaxe* (número 113), *Encol do elemento animal na paisaxe* (número 105), *Notas encol do sentimento da paisaxe n'antiga epopeya irlandesa* (número 81), *Probremas de Xeografía Galega. Notas en col das dormas de poboazón labrega* (número 45) ou *Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía* (número 27), entre outros.

> extranxeira, que abranguen desde comentarios encol de Baudelaire ou Stendhal e Flaubert, hasta Rilke e Marcel Proust, pasando por Aldous Huxley, Ernst-Robert Curtius e James Joyce. Sobre este último é hoxe célebre a traducción que Otero fixera de algúns fragmentos do *Ulysses*, a primeira da famosa novela do escritor irlandés realizada nunha lingua peninsular".

Neste senso, Manuel Outeiriño e Olivia Rodríguez González afondan no europeísmo e no nacionalismo, non illado ou arredado doutras culturas, de Risco no volume coordinado pola Fundación do autor, sita en Allariz, e coa colaboración do xornal *La Voz de Galicia*: *Vicente Risco. O mestre sempre vivo*; onde se recompilan unha gran variedade de textos sobre o ourensán dunha serie de autores coñecedores da súa obra. A mesma Olivia Rodríguez, tamén trata o carácter europeísta de Risco no seu ensaio *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*, así como o atlantismo[7], un dos piares do pensamento do escritor que garda relación coa súa visión de Europa e sobre o que se discutirá máis adiante. Sexa como for, ditos libros e artigos citados (como tantos outros non aludidos para non alongar excesivamente a exposición dos argumentos), non evidencian unha achega á faceta europeísta e cosmopolita dos homes de *Nós* no conxunto da revista, senón na súa propia personalidade e pensamento.

En segundo lugar, atopamos publicacións que versan sobre as relacións dos contribuíntes da revista *Nós* con outras culturas europeas; con escritores, pensadores e intelectuais alén das fronteiras galegas; ou a análise de textos da revista que reflicten o cariz do tema que pretende estudar o presente traballo. A modo de exemplo, podemos sinalar o artigo de Alicia Valiente Fernández *La recepción de la cultura portuguesa en la revista Nós*, que pretende "ser unha explicación de por que os intelectuais galegos que conformaban o denominado grupo Nós buscaron un acercamento cara Portugal como medio de engrandecer ao pobo galego e como, para podelo levar a cabo, utilizaron as páxinas da revista Nós" (Valiente, 2007, p. 251). Dito artigo conclúe que "a presenza portuguesa mana da gran maioría dos artigos, xa sexa en alusións directas, ou en alusións indirectas, en notas a pé de páxina, ou, incluso, na bibliografía incluída" (Valiente, 2007, p. 260), unha mostra do carácter cosmopolita da publicación polo seu afán de asumir un intercambio de ideas e discursos doutras culturas.

[7] Contrapunto ó clasicismo mediterráneo.

Por continuarmos cos argumentos, achamos outros escritos que amosan un gran interese, os cales describen o europeísmo e o cosmopolitismo cultural de *Nós*, como *A revista galega Nós e os seus contactos coa literatura e a cultura italiana contemporáneas*, de María Consuelo de Frutos Martínez. Neste artigo, De Frutos analiza as relacións dos homes do Grupo Nós coa cultura de italiana da época, esclarecendo que a pesar de prestar "unha menor atención á denominada cultura mediterránea, á que consideraban responsábel da situación presente de tantas culturas minoritarias[8]" (De Frutos, 2006, p. 69), Risco, Castelao, Otero e demais persoeiros da revista non cumpriron ese presunto afastamento porque "si existiron relacións culturais, concretamente relacións literarias con Italia, xa foran directas ou indirectas, (...) que amosan claramente como o equipo redactor da revista *Nós* e os seus colaboradores non se mantiveron pechados a outras manifestacións alleas aos seus principios programáticos" (De Frutos, 2006, p. 69). De por parte, as anotacións da profesora Mª Consuelo de Frutos fundamentan ese europeísmo e cosmopolitismo cultural que se busca describir neste traballo e, ademais, axudan a comprender un trazo característico da idiosincrasia do Grupo Nós: o afán de construír pontes e vieiros transitábeis entre as diferentes culturas nacionais. No seu texto, De Frutos asegura que (2006, p. 69) os representantes de *Nós* "mostran unha maior afinidade e un contacto máis estreito coas culturas de países como Irlanda, Francia, Alemaña e Portugal"[9], aspecto que se ampliará ao longo deste texto. Consonte á temática deste segundo grupo de obras, o profesor de Lingua Galega e Literatura

[8] Vicente Risco considera que o chamado europeísmo mediterráneo está en decadencia e, en contraposición, o atlantismo xorde como a única solución para superar o que el considera a «crise do europeísmo» (Rodríguez, 2001, p. 128). O escritor ourensán opinaba que dito "mediterraneísmo ", ao que se adscribía o espírito ibérico e español, era o causante dos males do pobo galego. Emporiso, Risco sostiña, en palabras de Olivia Rodríguez, que "Galicia e Portugal teñen a misión histórica de recompoñer para o futuro a civilización atlántica" (2001, p. 128) e espallar esta circunstancia "ás chamadas a formar parte desa civilización atlántica: Highlands, Illa de Man, Irlanda, Gales, Cornwall e Bretaña (2001, p. 129). Verbo disto, é preciso mencionar a obra de Risco, que nunca publicou en vida, editada por Manuel Outeiriño que mellor trata este asunto: Risco, V. (1990). *Las tinieblas de Occidente: ensayo de una valoración de la civilización europea*. Barcelona: Sotelo Blanco.

[9] Como mostra desta circunstancia, é preciso mencionar que, por exemplo, o número 8 da revista Nós dedicouse integramente a Irlanda; que Vicente Risco publicou vinte artigos sobre a súa viaxe por Europa, coa súa estadía principal en Berlín, baixo o título Da Alemaña; ou que as relacións de Nós con Portugal frutificaron en colaboración de persoeiros como Leonardo Coimbra ou Teixeira de Pascoaes así como a publicación de numerosos artigos sobre dita unión como por exemplo *Porgutal e Galizia* no número 2. Neste senso e en relación a Portugal, Casares explica que "Risco abriu as páxinas de *Nós* aos intelectuais portugueses, mantivo relacións amistosas con moitos deles, participou en congresos, escribíu en revistas de alén Miño e foi distinguido con premios e nomeamentos por parte dos colegas do país irmán" (1981b, p. 70).

Alberto Allegue, escribiu un par de artigos[10] sobre a presenza de Irlanda na revista *Nós* e conclúe que a publicación "ollou cara a Irlanda de maneira máis ou menos continua, e con información relativamente actualizada" (Allegue, 2001, p. 22); en troques, Allegue fala de que "a lectura de Irlanda que se fai en Nós é manifestamente «distorsionada» (...) coñecen datos da actualidade deste país, non obstante, sempre se incide na interpretación desa realidade de maneira que sirva ao discurso nacionalista promovido desde o grupo ourensán". Sexa como for, se atendemos ás anotacións elaboradas por Anne MacCarthy no seu artigo *Os cambios da literatura irlandesa en inglés durante o século XX*, a revista *Nós* acolleu entre as súas páxinas a un escritor irlandés que non asimiu a causa nacionalista: James Joyce:

> "Moita xente opina que a procura das novas identidades literarias debe conlevar fortes sentimentos de nacionalismo, mais penso que a «Xeración Nós» non se obsesionou con ese aspecto, cando menos no que atinxe á actitude de Joyce" (2003, p. 58).

Polo tanto, os apuntamentos de Allegue non contemplan esta realidade que se pode comprobar en artigos como *A moderna literatura irlandesa* de Vicente Risco, onde introduce a figura de Joyce e as súas obras aos galegos. A estas análises das relacións de *Nós* con Irlanda, Italia ou Portugal, podemos engadir o texto de Luís Mariño que se ocupa da tradución duns anacos do *Ulysses*, escrito polo autor irlandés James Joyce, que ofreceu aos galegos Otero Pedrayo nas páxinas de *Nós*[11]. Mariño loa a Otero e engrandece a tradución debido á súa aparición moi temperá nas nosas letras, en 1926 (Mariño, 1976, p. 246):

> "Polo que se refire á data coido que, sen ser decisiva, pódenos ser útil pra a clarexar, se fose necesario, e poñer de releve a anticipación intelectual e as relacións de primeira hora do homes que se moven arredor da Revista Nós cos cimeiros da cultura europea do século. Non se trata somentes de acceder á lectura do Ulises, moi difícil naquel intre, senón tamén do feito de se prantexar a súa divulgación i espallamento pola cultura galega. Pénsese que no 1926 o libro non fora aínda traducido íntegramente a ningunha

[10] Allegue dividiu a súa exposición en dous textos. O primeiro: Allegue Leira, A. (2010). Irlanda na revista Nós. Apuntamentos para un estudo das relacións culturais (I). *Madrygal. Revista de estudios gallegos*, 13, 19-28. O segundo, no que se inclúen as conclusións: Allegue Leira, A. (2010). Irlanda na revista Nós. Apuntamentos para un estudo das relacións culturais (II). *Madrygal. Revista de estudios gallegos*, 14, 13-24.

[11] Otero Pedrayo, R. (1926, 15 de agosto) Ulysses (anacos da soadisema novela de James Joyce, postos en galego do texto inglés, por Ramón Otero Pedrayo). *Nós*, 32, 3-11.

> outra língoa e, no orde das versións fragmentadas, soio un precedente que eu seipa: a do Valery Larbaud pra 'Le Novelle Reveu Française" no mes de abril do 1922".

A diferenza do exposto por Allegue (ese apoio dos homes de Nós no país irlandés para fortalecer e difundir o discurso nacionalista galego), Mariño tamén considera que "o interés da intelectualidade galega pola novela de Joyce foi (...) máis alá dunha pretendida problemática de «hirmandade no nacionalismo»", quere dicir, que responde ao cosmopolitismo cultural que é o eixe do noso estudo: construír pontes cara outras culturas, tradicións e pensamento. En definitiva, estoutras publicacións (ao igual que no argumento primeiro estas tan só son algunhas deste grupo segundo, nas cales non se afonda máis pola inxente cantidade de textos que non contribúen de forma primordial á realización do traballo) sérvennos para evidenciar a orixinalidade do noso obxectivo de achegarnos ao europeísmo e cosmopolitismo no conxunto da revista e, así mesmo, como posibles antecedentes da cuestión estudada.

En terceiro lugar, a inmensa presenza e influencia literaria das figuras de Nós provocou unha inxente e profunda a análise das súas obras, entre as que atopamos referencias ao carácter europeísta. Tal é o caso das anotacións do profesor Manuel Outeiriño sobre a novela de Vicente Risco, *A coutada*. No seu comentario, Outeiriño expón "algúns apuntamentos sobre a relación da novela de Risco co saudosismo portugués e co anacronismo estético", "aspectos do que Marx e Engels chamaron «socialismo reaccionario» e "algunhas semellanzas do que se di n' *A coutada* co pensamento nacionalista francés" (Outeiriño, 2009, p. 45). Tamén Álvaro Cunqueiro analizou dita perspectiva nunha das obras de Otero Pedrayo: "En *Fra Vernero*[12] está a máis ampla, doorida e gozosa á vez, sabia e profunda, ollada de Otero Pedrayo sobre Europa, os pobos, as ideas, emocións e momentos que a formaron" (Cunqueiro, 1976, p. 278).

En cuarto lugar, resulta innegable a existencia dun voluminoso número de publicacións que amosan o carácter universal, cosmopolita e europeísta da Xeración Nós no seu conxunto. Tal é o caso de *Historia Xeral da Literatura Galega* (Gómez e Queixas, 2001, p. 207-208):

[12] En referencia á relación e de Otero e a súa visión sobre Europa, véxase Vélez Latorre, J. M. (2018). Alemaña en Otero Pedrayo. Para unha interpretación de "La fiesta del Conde Bernstein". *A Trabe de Ouro* , 109, 71-81.

> "Mediante a síntese entre o autóctono e o universal, o enxebrismo e o cosmopolitismo, Otero Pedrayo, Vicente Risco, López Cuevillas, Castelao, Cabanillas, Losada Diéguez e un senfín de nomes máis, (...) continúan o labor de europeizar a cultura galega e tirala do carácter decimonónico en que estaba sumida a principios do XX, a partir dun idioma culto e válido para a expresión científica. (...)
>
> O seu proxecto modernizador ficará definitivamente recollido en tres obras emblemáticas e simbólicas da ideoloxía dos seus autores en concreto, mais tamén do colectivo: *Nós, os inadaptados*, de Vicente Risco; *Dos nosos tempos*, de López Cuevillas; e *Arredor de si*, de Otero Pedrayo, onde se condensan unha serie de principios común a todos os membros do grupo que Dolores Vilavedra resume nos seguintes apartados:
>
> a. O carácter erudito da maioría dos membros.
> b. O problema da identidade, detonante da súa conversión ao pensamento galeguista.
> c. Evolución desde un xuvenil cosmopolitismo elitista a un galeguismo europeísta.
> d. Cultivo da prosa ficcional e non ficcional".

O escritor e doutor en Filoloxía Xosé Ramón Pena, tamén aporta unha visión semellante aos parágrafos anteriores: "En efecto, si que houbo -os testemuños non se poden obviar- un interese, unha insistencia na europeidade, na necesidade de entrar en relación co Europa, por parte dos membros do Grupo Nós" (Pena, 2016, p. 329). Ora ben, Pena amosa certas reticencias xa que sostén que "tal propósito non conforma unha exclusiva por parte de Risco, Otero... nin tampouco significa que tivese lugar unha apertura de portas, de par en par, unha especia de rendición incondicional diante do cosmopolitismo e a modernidade" (Pena, 2016, p. 329). O carácter europeísta do Grupo Nós é manifesto, Ramón Piñeiro observa que (1978, p. 13) "os homes que constituiron o núcleo fundamental da revista 'Nós', os que lle deron o seu verdadeiro significado, eran homes de formación cultural europea e de sensibilidade novecentista"; e, amais, non dubida en afirmar que dita xeración tivo unha importancia decisiva na conformación da cultura galega: "Eles transformaron radicalmente a nosa fisonomía cultural, dándolle a estruturación e as arelas propias dunha cultura adulta do século XX europeo" (Piñeiro, 1978, p. 13). Así e todo, ese carácter europeísta e cosmopolita non só o trasladaron ás súas lecturas, á súas relacións con outras culturas e con outras figuras máis aló de

Galicia ou aos seus artigos da revista *Nós*, non soamente fixeron del un trazo da súa xeración senón que, como expresa o catedrático Anxo Tarrío (1994, p. 201):

> "Rexístrase, por primeira vez en toda a historia das letras galegas contemporáneas, unha clara e bastante xeneralizada vocación de modernidade e de universalidade que se reflecte, fundamentalmente, na incorporación e asimilación dos programas estéticos emitidos polas vangardas europeas ó longo das primeiras décadas do século".

Porén, resulta xustificable afirmar que a Xeración Nós ten unha importancia radical e senlleira á hora de anovar as letras galegas (non só en literatura senón tamén podemos dicir que en xornalismo xa que o seu principal órgano de comunicación era unha revista cultural como *Nós*) e aproximalas aos estilos e estéticas que nacían e se desenvolvían ao longo de Europa; os homes de *Nós* mantiñan estreitos lazos e relacións con recoñecidas figuras portuguesas, como o escritor saudosista Teixeira de Pascoaes, ou francesas, o ensaísta e tradutor Philéas Lebesgue[13], pero tamén catalás, irlandesas, vascas ou españolas. En resumo e pechando este terceiro grupo de libros e artigos como o de Pena ou Tarrío, ditos argumentos axúdannos a proseguir na xustificación da orixinalidade do noso estudo xa que as publicacións descritas apóianse na xeración en xeral e non teñen como núcleo a análise do global da revista *Nós*.

A modo de coda, os eixes das obras anteriormente presentadas pertencen a catro categorías: a análise individualizada do europeísmo e o cosmopolitismo nas personalidades e no pensamento das figuras de *Nós*; os lazos que mantiveron con outras culturas europeos con escritores, pensadores e intelectuais estranxeiros así como o estudo de artigos da revista que reflicten o senso europeísta e cosmopolita; a análise da presenza do cosmopolitismo e europeísmo nas obras literarias dos homes de *Nós*; e, por último, libros e artigos que recollen a traxectoria da Xeración Nós e analizan o carácter universal, cosmopolita e europeísta no conxunto da mesma.

Xa que logo, non achamos ningún traballo que se limite a estudar o europeísmo e o cosmopolitismo da revista *Nós* no global dos seus artigos e ao longo de todo o período que estivo activa: 1920-1936 (cun cese de dous anos entre 1923 e 1925).

[13] Sobre este asunto véxase Figueroa, A. (1996). *Lecturas alleas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, onde o autor da obra describe a relación de Lebesgue cos escritores galegos, sinalando a importancia da correspondencia entre o francés e Vicente Risco. Ademais, Figueroa adxunta dita correspondencia e explica a labor de intermediario de Lebesgue en revistas francesas coma *La Reveu de l' Époque*, onde ofrece "panoramas xerais da literatura galega" da época (Figueroa, 1996, p. 46).

Expostos os motivos que xustifican o carácter novidoso do noso traballo, é imprescindible detallar esoutros fundamentos que amparan a realización deste Traballo de Fin de Grao (TFG). Como xa expomos con anterioridade, o órgano de expresión dos homes do Grupo Nós foi a revista homónima, é dicir, un medio de comunicación: un produto xornalístico. A académica da RAG e xornalista Margarita Ledo Andión, explicou a importancia de *Nós* dentro do xornalismo galego durante a celebración do 90 aniversario do nacemento da revista, verbas que vemos necesarias e nos gustaría reproducir:

> "En termos contemporáneos, como produto xornalístico, Nós é unha mostra do resultado de tres elementos basilares: o primeiro, e do que se derivan os outros dous, podemos localizalo na conxunción entre identidade dunha cultura, que faría referencia ás súas características – e por iso procúranse sinais na historia, na arqueoloxía, na paisaxe, na xeografía humana...- e identidade cultural en tanto aquelas características que se atribúe un colectivo para sentirse partícipe dela, neste caso da cultura galega, co acerto de situar a identidade en dous elementos inconfundíbeis, a lingua e a terra. O segundo terá que ver coa tematización, precisamente, da lingua e da terra (dende xa sinónimo da nación); co uso da lingua para todo o que teña que ver coa terra; coa posta en relación da terra con todo o que, dentro e fóra a representa, e coa actitude desta súa intelixencia, os autores da nación-proxecto, o crenáculo que se fai chamar *Nós*. Porque as cousas –mensaxes e rituais- deveñen cousas en poñéndose a andar. Eís o terceiro elemento nodal nun medio de comunicación: a certeza de que existe un público posíbel que cómpre tocar, seducir, configurar, fidelizar nesta descuberta da Terra "oculta ao noso ollar –en palabras de Vicente Risco- por un estrato de cultura allea". E abofé que a consigna debeu dar co seu segmento de público ideal ou senón Fole, o mozo, non ousaría dicir "despois de Nós non fai falla Madrí". A referencia dominante muda de lugar (Ledo, 2010).

Ledo fai referencia ao carácter transversal e interdisciplinar de *Nós*, con autores que desenvolveron a súa labor e acción xornalística nunha grande cantidade de pólas: etnografía, literatura (traducións, achegas propias, exposición de novidades alleas...), xeografía, historia, arqueoloxía, etc. Así pois, cumpriron convenientemente eses dous preceptos ou fins xornalísticos que ponderan sobre o resto: informar e formar. Incluso Victorino Pérez Prieto chega a afirmar que "o inxente labor de «Nós» foi o meirande froito do periodismo galego, posiblemente o meirande esforzo sociocultural da Galicia moderna, ata o punto de que por eles tamén nós somos nós" (Pérez, 1988, p. 44); situando a produción de Nós como un fito xornalístico no eido galego. Neste senso,

Piñeiro vai máis aló e considera que a revista "representa o feito cultural máis significativo da primeira mitade do século XX galego" (1978, p. 13).

Xunto con esta importancia e renovación xornalística, resulta significativo o feito de que unha revista que contaba con pequenos recursos económicos resultou tan notable para a cultura do pobo galego en materias como a etnografía, a tradición, a historia celta, as relacións con outras culturas, a literatura e a arqueoloxía, entre outras. Recordemos que a revista por mor das dificultades económicas, coincidindo tamén co inicio da Ditadura de Primo de Rivera, cesou a súa actividade en xullo de 1923 e regresou en 1925 (Pena, 2016, p. 316). En relación a esta circunstancia, urxe rememorar as palabras dun dos editores de *Nós,* a partir do número 18, Ánxel Casal, que lle escribiu a Salvador Cabeza en maio de 1929 (Pena, 2016, p. 316):

> "Non me extraña canto me di da mala administración do Seminario[14]. Ten que ser que estea en Pontevedra, en Santiago ou, en Ourense, non é cuestión do pobo, é que a intelectualidade, xeralmente, non anda ben cos números. Repítese o caso da primeira etapa de *Nós* en que a administración se levaba a ollo!, saíron 18 números e morreu; aquí van publicados 37 e non morre" (Vázquez Souza, 2003, p. 230-231, citado en Pena, 2016, p. 316).

Entón, a pesar da presunta mala xestión dos primeiros números, *Nós* conseguiu sacar do prelo 18 edicións ata o cese de 1923 que, coa axuda de editores como Carré Alvarellos ou Ánxel Casal, logrou superar os seus problemas administrativos e económicos e publicou sen interrupción ata o 1936. Así é todo, coa chegada dos editores a situación queda claro que mellorou e como afirma Pena (2016, p. 342): "Así e todo, e maila os atrancos, non cabe dúbida de estarmos a falar do máis conseguido escaparate da cultura galega na primeira metade do século XX".

Por último, outro dos motivos da realización deste traballo é que o centenario do nacemento da revista está próximo aos nosos días. En outubro do ano 2020, *Nós* cumprirá cen anos polo que o presente traballo é unha forma de enxalzar, conmemorar e reivindicar unha revista, un produto xornalístico galego que alcanzou non só altos cotos en Galicia ou en España senón en toda Europa; amais da honra que para o autor ourensán do estudo supón poder gabar a importancia na historia da Galicia de tres

[14] Refírese ao Seminario de Estudos Galegos.

veciños que foron os piares da revista xunto con Castelao: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Florentino López Cuevillas.

## 1.2. Hipótese

A hipótese principal do estudo é que a revista *Nós* presenta un marcado europeísmo e cosmopolitismo no global da publicación ao longo dos seus 14 anos de vida (de 1920 a 1936 cun parón de dous anos en 1923 por mor das dificultades económicas). Respecto disto, existen unha serie de argumentos que sosteñen e apoian a nosa hipótese.

En primeiro lugar, Vicente Risco foi, indiscutiblemente, o ideólogo tanto da revista como do Grupo Nós (Lorenzana, 1965, p. 81; Pérez, 1988, 119) e, ademais, exerceu o papel de director literario da publicación. Por conseguinte, non resulta enganoso subliñar que gozaba dunha ampla influenza sobre *Nós*, polo que as súas inquedanzas, os seus pensamentos e as súas reflexións tiñan unha presenza profunda na revista. Desta maneira, unha das características máis destacables da súa personalidade, o europeísmo, veríase reflectido en *Nós*. Con anterioridade ao nacemento da publicación cultural, o ourensán demostrou a súa faceta europeísta e cosmopolita. Os decadentistas franceses e ingleses e, en menor medida, os románticos alemáns estiveron presentes nas súas lecturas e influíron no pensamento risquiano (Casares, 1981b, p. 20). Nas súas colaboracións previas a *Nós*, tamén se pode dilucidar dita característica de Risco. Por exemplo, o escritor galego comezou a escribir para o xornal de Ourense *El Miño* en 1910 e nel "traduce a poetas franceses de segunda fila, pero moi de moda por aquel tempo, e publica fragmentos do Mahabharata e textos de Verlaine, Anacreonte, Hafiz de Chiraz ou Kalidasa (Casares, 1981b, p. 33); tamén "cita a Rimbaud, a Verhaeren, Stuart Merril, Viellé-Griffin, Renato Ghil, Paul Adam, Gustav Khan, todos estranxeiros" (Casares, 1981b, p. 33). Como se pode apreciar, con tan só 20 anos Vicente Risco xa demostra un interese e un coñecemento moi amplo das letras universais e, incluso, tres anos despois o ourensán é protagonista dun acontecemento que tivo moita sona: "En 1913, a Real Academia Sueca concedeulle o Premio Nobel de Literatura a Tagore, motivo que aproveitou Risco para pronunciar unha conferencia no Ateneo de e dar a coñecer o poeta hindú nos medios literarios madrileños" (Casares, 1981b, p. 43). Nas súas andaduras en *La Centuria* e *A Nosa Terra* tamén se encarga de espallar este afán europeísta. En canto á primeira das mencionadas, Risco escribe na sección *Letras*

*contemporáneas* e introducirá "textos do Sâr Péladan, o fundador da orde católica dos Rosa-Cruz, cabalista e teósofo; de Tagore, Rimbaud, Mallarmé, Meredith, Gustav Kahn e Chesterton" (Casares, 1981b, p. 47). En relación á súa andadura en *A Nosa Terra*, resulta interesante e case imprescindible inserir íntegras as seguintes verbas de Carlos Casares (1981b, p. 55), onde se pon de manifesto o influínte que era Risco nos homes do seu arredor e a capacidade de inclusión de novidades europeas nos seus artigos e publicacións:

> "Por vez primeira nunha publicación galeguista[15], e por influencia de Risco, aparecerán nomes comos os Rimbaud, Verlaine, Apollinaire, Mallarmé, Max Jakob, Verhaeren, Omar Khayyan e outros. Por outra parte, nas tertulias convírtese nun dos abandeirados do ultraísmo, o movemento poético que xurde como reacción contra o manierismo modernista despois de 1918 e no que militarían algúns galegos, a maior parte deles amigos de Vicente Risco: Euxenio Montes, Evaristo Correa Calderón, Xavier Bóveda e Sebastián Risco. Non obstante, a Manuel Antonio ponno en garda contra as modas e recoméndalle o estudo do folklore galego (unha vez máis o folklore), o saudosismo portugués, os *haikai* xaponeses, a arte negra e as literaturas escandinavas".

Ditos antecedentes manifestarán, como é lóxico, unha presenza considerable e rechamante nas páxinas de *Nós*. Vicente Risco incluíu na revista a intelectuais portugueses así como amosou un forte interese por Irlanda, escribindo algún artigos sobre a súa cultura[16] e, incluso, "consagroulle todo un número en 1921, é dicir, un ano antes da independencia" (Casares, 1981b, p. 71-72). Estas non foron as únicas culturas ás que o ourensán fixo referencia en *Nós*, outra dun grande calado foi Alemaña.

En segundo lugar, este trazo europeísta non soamente provén da figura de Risco senón que tamén é característico dos outros colaboradores máis acreditados da revista: Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Como xa mencionamos anteriormente, entre o «Cenáculo Ourensán» (Risco, Otero e Cuevillas) evidéncianse factores vitais e ideolóxicos concomitantes entre eles. En canto ao eido literario, así o describe Lorenzana (1965, p. 76):

> "As leituras xuvenís póñennos en relación viva con Europa. Todos eles son intelixentes engulipadores da letra impresa. ¿Qué é o que lén durante a súa leitora mocedade, istes

[15] Refírese ao xornal *A Nosa Terra.*
[16] Tal é o caso da serie de tres artigos *A moderna literatura irlandesa* nos números 26, 27 e 28) ou *Irlanda e Galizia* (no número 8).

homes do cenáculo ourensán? Todos teñen lido, pouco máis menos, os mesmos libros estranxeiros, carretados polo gosto universal de aquel entón".

Tales preferencias enunciounas Vicente Risco nas páxinas de *Nós* a través do seu ensaio *Nós, os inadaptados*:

> "D'Inglaterra, liamos en traduciós a Ruskin, Carlyle, Swimburne, Rosetti, e dos escritores de lingua ingresa, por riba de todos, a Edgar Poe. Mais ja digo, as nosas leituras predomiñantes eran francesas: en poesía, Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, Rimbaud, Laforgue; en novela e conto, Huysmanns, Peladanm Jean Lorrain, Rachilde, na críteca, Remy de Gourmont; no teatro, Maeterlinck. Ainda n'isto tiñamos a Ibsen e mais a d'Annunzio, úneco italián qu'entraba na nosa preferencia. Os nosos filósofos eran Nietzsche, e algúns místecos que nos descobría Maeterlinck, como Ruysbroeck o ademirábele, Novalis, Emerson, Ernesto Hello. Despoixas procurábamos outros escritores mais raros ainda: León Bloy, o Conde de Leautremont. Dos exóticos, Omar Khayyan de Nischapur, e mais tarde Rabindranath Tagore. Hespañol, moi pouco: Ganivet, por riba de todo, e os primeiros modernistas; dos portugueses, Eça de Quieroz, Lopes Vieira, e principalmente Eugenio de Castro; algús catalás Maragall, o Xenius[17] da primeira época, o esquecido Diego Ruíz. D'América, Rubén Darío e algús argentinos raros que non lembra ninguén" (Risco, 1933, p. 20).

Á par que Risco, Otero contaxiou a tinta de *Nós* cos "comentarios encol de Baudelaire ou Stendhal e Flaubert, hasta Rilke e Marcel Proust, pasando por Aldous Huxley, Ernst-Robert Curtius e James Joyce. Sobre este último é hoxe célebre a traducción que Otero fixera de algúns fragmentos do *Ulysses*" (Casares, 1981a, p. 76).

En terceiro lugar e como consecuencia do expresado nos parágrafos superiores, podemos concluír que "os homes da xeración Nós, ou grupo Nós, sobre todo se centralizamos a nosa consideración nos tres mestres ourensáns, desempeñaron no proceso da cultura galega a función de europeizala" (Carballo Calero, 1975, 636, citado en Pena, 2016, p. 308). Neste senso e poñendo o foco sobre a revista *Nós*: o «Cenáculo Ourensán» e Castelao dispuxeron "un medio de comunicación co saber estranxeiro, un centro de intercambio coa cultura europea" (Carballo Calero, 1975, 636, citado en Pena, 2016, p. 309).

[17] Refírese ao escritor Eugenio D'Ors.

## 1.3. Obxectivos

O obxectivo principal deste estudo é demostrar, describir e analizar a presenza do europeísmo e o cosmopolitismo nas páxinas da revista cultural *Nós* ao longo de todo o seu período de actividade xornalística.

Como propósitos secundarios do traballo, emporiso non menos importantes, pódense citar os seguintes:

- Salientar a importancia xornalística e cultural da revista *Nós*, non só durante as primeiras décadas do século XX senón como un fito de gran calado e influenza na historia cultural de Galicia.
- Evidenciar a transcendencia dos homes do Grupos Nós na renovación e innovacións das letras galegas, na defensa e dignificación do idioma, no desenvolvemento dun nacionalismo político e cultural en constante comunicación con outras culturas e nas constantes achegas investigadoras acerca da nosa comunidade (etnografía, xeografía, historia, tradicións, arqueoloxía...).
- Describir e analizar a ideoloxía, o pensamento, as influencias e as características comúns e diverxentes dos representantes máis significativos da Xeración Nós.
- Pór en contexto as principais contribucións teóricas no eido do europeísmo e o cosmopolitismo, así como relacionalas (non dun xeito directo, loxicamente) co exposto polos colaboradores de *Nós* na revista.

No tocante ao propósitos persoais do autor, cómpre destacar os seguintes: achegar aos nosos días un produto xornalístico e cultural presente en poucos campos e esquecido en moitos, entre eles o xornalismo, e, desa maneira, reivindicar a súa magnitude; axudar a que se comprendan situacións actuais botando á vista cara atrás, apoiándonos na historia xa vivida, contada e analizada; e, por último, potenciar e dignificar o uso da lingua galega en tódolos ámbitos (neste caso no educativo e no investigador), situación pola que loitaron os homes de Nós e que na actualidade é cuestión de debate.

# 2. Marco teórico

## 2.1. As ideas de cosmopolitismo e europeísmo

O concepto de cosmopolitismo, como ben explica Held, non posúe un único significado, é dicir, "non hai unha comprensión unificada ou monolítica do cosmopolitismo" (2012, p. 27). Porén, é unha cuestión que evidencia certa complexidade para a súa presentación e análise. No presente Traballo de Fin de Grao, achegaremos o exposto por David Held no seu libro *Cosmopolitismo. Ideas y realidades* e no artigo *A cultura nacional, a globalización das comunicacións e a comunidade política vinculante*, os cales presentan apuntamentos sobre o cosmopolitismo que concordan coas ideas presentes na revista *Nós*.

Held sinala a existencia de tres concepcións do cosmopolitismo máis unha propia do autor:

> "O primeiro uso sostido do termo «cosmopolita» remóntase aos estoicos. A súa principal aspiración foi a de substituír a primacía da relación do individuo coa polis pola idea dun cosmos que abarca a toda a humanidade, nun ideal de pertenza universal" (2012, p. 27).

A segunda concepción aséntase coa chegada da Ilustración, "cando o termo *Weltbürger* (cidadán do mundo) se converteu nun dos termos clave" (Held, 2012, p. 49): "Kant vinculou a idea de cosmopolitismo co punto de vista da razón pública. Un dereito individual a entrar no ámbito da razón pública reflíctese no dereito á libre participación na comunidade global de debate" (2012, p. 27). Neste senso, os homes de *Nós* evidencian esta circunstancia desde a primeira páxina da publicación, onde se manifesta o interese por achegar a Galicia ao intercambio de ideas da comunidade global, sen necesidade de intermediarios.

Continuando co exposto polo filósofo Immanuel Kant, este autor tamén desenvolve a idea de "dereito cosmopolita":

> "Kant concibe a participación nunha sociedade cosmopolita (*weltbürgerlich*), en lugar dunha civil (*bürgerlich*), como un dereito –o dereito a entrar nun mundo de diálogo aberto, non coaccionado- e adapta esta idea á formulación do que el chama «dereito cosmopolita» (Kant, 1970, p. 105-108, citando en Held, 2012, p. 50). O dereito

> cosmopolita connota a capacidade de presentarse e ser escoitado dentro e fóra das comunidades políticas, é o dereito a entrar a dialogar sen restricións nin limitacións artificiais. Kant facía fincapé en que este dereito se estendían ás circunstancias que permitían ás persoas disfrutar dun intercambio de ideas (e mercancías) cos habitantes duotros países, pero que non incluía o dereito de residencia permanente ou cidadanía nos territorios (*Ibíd.*)" (Held, 2012, p. 50).

Dito "dereito cosmopolita" está presente en artigos de *Nós* como, por exemplo, en *Portugal e Galizia* (publicado no número 2), onde se expresa o interese por fixar "un proxecto de futuro no que se habían intercambiar conferencias e actividades culturais de tódolos tipos entre os mesmos. Poñendo o maior énfase na necesidade dun mellor coñecemento editorial" (Molina, 1989, p. 334).

A última das tres concepcións expostas por Held é a seguinte:

> "Unha terceira e máis recente concepción do cosmopolitismo implica tres elementos fundamentais: (i) o individualismo igualitario, (ii) o recoñecemento recíproco e (iii) o razonamento imparcial (véxanse Barry, 1999; Pogge, 1994a; Beitz, 1979). O primeiro elemento limítase a establecer que os individuos son as «unidades finais do ámbito moral». O segundo, que todos deben recoñecer a igualdade de valor moral das personas. Por último, o terceiro esixe que as demandas de toda persoa deben ter dereito a un exame imparcial na deliberacióne debate dos públicos" (Held, 2012, p. 27).

Neste senso, a primeira característica fai referencia a que "cada persoa é xulgada igualmente digna de respecto e consideración (Beitz, 1994, 1998; Pogge, 1994b, citado en Held, 2012, p. 52). O segundo aspecto refírese a que esta igualdade de valor debe suscribirse a un recoñecemento recíproco, isto é: "debe ser recoñecida por todos" (*Ibíd.*). A última característica esixe un tratamento imparcial das reivindicacións de cada persoa.

Ademais, Held achega unha visión propia da súa concepción cosmopolita, baseada nun entorno ético e político onde as persoas poidan desenvolver a súa autonomía e igualdade de valor pero tendo en conta que "non pode separarse da complexidade hermenéutica das tradicións, coas súas estruturas temporais e culturais únicas" (2012, p. 56-57).

Por outra banda, no seu artigo *A cultura nacional, a globalización das comunicacións e a comunidade política vinculante* , Held introduce unha idea moi interesante sobre o cosmopolitismo que será básica para entender esta realidade nas páxinas de *Nós*:

> "O cosmopolitismo cultural non está defrontado coa cultura nacional; non nega a diferenza cultural, nin a significación perdurable da tradición nacional. Non vai contra a diversidade cultural. Son poucos os cosmopolitas contemporáneos que manteñen ese punto de vista, se é que hai algún que o faga. Diríase, máis ben, que o cosmopolitismo cultural deberíase entender á maneira de capacidade para mediar entre culturas nacionais, comunidades de destino e estilo de vida alternativos. Abrangue a posibilidade de diálogo coas tradicións e discursos doutros con fin de expandir os horizontes do marco de prexuízo e significado propio" (2011, p. 60).

Emporiso, as series de artigos *Da Alemaña* e *Mitteleuropa*, entre outros escritos da resvista, manifestan esta concepción cosmopolita ao desenvolver nas súas páxinas un achegamento a outras culturas e tradicións grazas ás diferentes viaxes de Vicente Risco por Europa (exactamente París, Berlín, Praga e Viena). Ditos textos son un bo exemplo deste diálogo entre tradicións e discursos alleos e de mediación entre culturas nacionais. Ademais, evidencian outra das concepcións de Held acerca do cosmopolitismo que é necesario mencionar:

> "Sexa como for, o cerne do cosmopolitismo consiste tamén na *habilidade para estar fóra dun emprazamento singular (o emprazamento natal, a terra, o lugar de crianza ou conversión) e para mediar entre tradicións*" (2011, p. 61).

Pola súa parte, a concepción europeísta aparece sintetica e axeitadamente presentada na obra de Zygmunt Bauman: *Europa. Una aventura inacabada*. O sociólogo polaco define a Europa como "unha misión: algo que se fai, se crea e se constrúe" (2006, p. 13), isto é, non é unha idea que se descubre (*Ibíd*.). Bauman considera que existe unha esencia propiamente europa, a cal manifesta características como:

> "Ir por diante da 'Europa que realmente existe': é a esencia do ser europeo o ter unha esencia que sempre está por diante da realidade, e é a esencia das realidades europeas o ir sempre por detrás da esencia europea" (2006, p. 16).

Porén, dita circunstancia deriva nunha serie de trazos característicos: "unha identidade eternamente inalcanzada aínda, enoxosamente elusiva e sempre en desacordo coa realidade dos seus tempos" (Bauman, 2006, p. 59); a procura dun "estado que cre bo e desexable, en vez de conformarse co que xa disfruta" (Bauman, 2006, p. 184); e "ao ir a 'Europa que existe' dalgunha maneira sempre á zaga da Europa que a Europa quería ser, esa noción fixo aos europeos inherentemente críticos e auto-críticos" (Bauman, 2006, p.

185). Neste senso, os homes de *Nós* evidencian esa vontade por traballar na procura dunha identidade inalcanzada (tanto para Galicia como para Europa), pola necesidade de acadar un novo chanzo que mellore o actual e, tamén, móstranse críticos coa situación presente e co tempos que lles tocou vivir pero tamén auto-críticos (sobre todo cando falan de Galicia como unha comunidade a que eles pertencen e que consideran que deben mudar a situación da mesma).

Outo dos aspectos que salienta Bauman en relación á Europa é a cultura. O sociólogo expón que "non é só a cultura o descubrimento/a invención de Europa. Europa tamén inventou a necesidade de *cultivar la cultura*". (2006, p. 24). Isto é:

> "A cultura –o propio proceso de produción do mundo humano- converteuse nun obxecto de crítica teórica e práctica humana e de subsiguiente *cultivo*" (Bauman, 2006, p. 25).

*Nós*, logo, é un claro exemplo deste desexo de potenciar, sementar e exercitar o ámbito cultural, creando vieiros para o achegamento cara outras culturas nunha clara admisión do externo, outro ideal europeísta segundo Bauman (2006, p. 19).

Por último, Bauman salienta que a admisión e o interese polo externo, provocou que se potenciase o entedemento entre culturas pero cun impedimento: a diferenza de linguas. Agora ben, isto non foi un obstáculo para o aumento dese achegamento xa que a tradución é outro dos piares da concepción europea, o que derivou na arte da interpretación e a comprensión cultural:

> "Balibar toma de Umberto Eco a idea da 'linguaxe de Europa', que se formou na 'práctica da tradución'. Durante moitos séculos Europa foi unha totalidade composta, na que moitas linguas e variedades culturais tiñan contacto diario. Podería dicirse que por esa razón Europa era o solo ideal para o florecemento da hermenéutica, a arte da interpretación e a comprensión. Europa foi e segue sendo a patria da tradución perpetua; durante este tempo, conseguiu crear un diálogo proveitoso entre diferentes linguas culturais sen borrar a identidade de ningún dos participantes. Aprendeu (citando a expresión de Franz Rosenweig) a tratar aos interlocutores coma se tiveran lingua ademais de oídos: como falantes, no só como ouvintes. Balibar suxire que esta habilidade práctica tradicional de falar e escoitar, de ensinar e aprender, de entender e facerse entender (resumindo, de traducir) 'poderíase expandir levando a idea da <tradución> do nivel meramente lingüístico ao *cultural*, máis amplo" (Bauman, 2006, p. 134-135).

## 2.2. A Xeración Nós: antecedentes, contexto histórico, características, integrantes e a revista *Nós*

### 2.2.1. O século XIX: provincialismo, Rexurdimento, federalismo, rexionalismo

As catro figuras máis representativas do Grupo Nós (Castelao, Risco, Otero e Cuevillas) naceron, todos eles, na década de 1880. Por conseguinte, a súa traxectoria vital iníciase nun período temporal próximo ou mesmo contemporáneo no que se produciron tres correntes esenciais e capitais para entender o futuro nacionalismo ao que se adscriben os homes de Nós: o provincialismo (no que se engloba o Rexurdimento), o federalismo e o rexionalismo.

O provincialismo, (1840-1868) considerado como «A xeira inicial do galeguismo», "defendía a unidade política e administrativa galega nunha única provincia, herdeira do anterior Reino de Galicia" (Pérez, 1988, p. 15). Este movemento desenvolveuse en dúas fases: unha política (1840-1846) e unha cultural (a partir de 1854) onde se localiza o Rexurdimento literario (Pérez, 1988, p. 15). A corrente romántica que se espallou por Europa durante o século XIX tamén ía xermolar en Galicia. A tradición, o autóctono e a reivindicación dos aspectos diferenciais dos distintos pobos convertéronse nos estandartes deste movemento que foi "a alma do Rexurdimento" galego (Pérez, 1988, p. 15). Os Xogos Florales de A Coruña en 1861 (publicados como *Album de la Caridad* en 1862) e *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (1863), son os "dous fitos máis importantes deste Rexurdimento" (Pérez, 1988, p. 14-15). "Rexurdimento e Provincialismo (logo Rexionalismo) enuncian un mesmo afán por enmarcar as orixes da nación galega, coñecer os entretecidos da súa historia como motivo de reivindicación redentora", así os define o profesor Pena (2014, p. 41). Como sinala Pérez (1988, p. 15), "o cultivo da poesía e o estudio da historia de Galicia van se-las grandes aportacións do romanticismo galego ó proceso de recuperación cultural e a creación das bases necesarias para a transformación deste Renacemento literarios en rexionalismo político primeiro e en nacionalismo despois", é neste último onde se engloban as accións da Xeracións Nós. Resulta interesante mencionar que "Francisco Fernández del Riego falou dun segundo Rexurdimento" ao referirse á Época Nós (Tarrío, 1994, p. 199).

Previamente ao rexionalismo, ten lugar a xeira do federalismo que "se estende de 1868 ata 1885. Xurde coa revolución de 1868, e o clima de libertade que se creou en España" (Pérez, 1988, p. 15). Esta corrente tivo dúas etapas: a política e a político-cultutal na que un gran parte dos federalistas comezan a sumarse ao rexionalismo.

A última corrente desenvólvese ao longo dun período no que Castelao, Cuevillas, Risco e Otero xa naceran e, polo tanto, son máis próximos e inmediatos a ela que a ningunha das outras (o que non quere dicir que sexa a máis influínte neles e tampouco, como se verá, que a prolonguen ou a asuman). Dita xeira, que transcorre durante os últimos anos do século XIX[18] e os primeiros do século XX, alcanza dous puntos álxidos coa publicación de *El Regionalismo* de Alfredo Brañas en 1889 e coa fundación da Asociación regionalista gallega en 1891, que "buscaba unha descentralización e un goberno rexionalista" (Pérez, 1988, p. 17). Como sinala Pena, Alfredo Brañas e Manuel Murguía álzanse, durante o período 1885-1892, como as dúas grandes figuras da mobilización rexionalista do século XIX (Pena, 2014, p. 192-193).

Estas tres correntes tan vitais para a historia de Galicia e o seu devir posterior, impulsaron o nacionalismo galego do que formaron parte os homes de Nós e fomentaron, na súa xusta medida, "converte-lo galego en lingua literaria e dar a Galicia unha conciencia histórica" (Pérez, 1988, p. 15), realidades polas que loitaron os galeguistas das primeiras décadas do século XX.

### 2.2.2. As Irmandades da Fala: a chegada do nacionalismo

As Irmandades da Fala supoñen non só un antecedente senón un feito chave para a construción do Grupo Nós, como así o sostén Piñeiro: "A revista *Nós* e o *Seminario de Estudos Galegos* non se explican sin este antecedente galeguizador[19]" (Piñeiro, 1978, p. 12). Neste senso, Victorino Pérez Prieto considera indispensable a figura das Irmandades na adscrición dos futuros homes de *Nós* á causa galeguista (1988, p. 36):

> "Aparecerán para o galeguismo da man das Irmandades da Fala. Elas foron as que moveron non só ós homes do cenáculo ourensán, senón tamén ao mesmo Castelao, que

[18] "Coinciden os diferentes investigadores da nosa historia contemporánea en situar 1886 como a data de nacemento do Rexionalismo" (Pena, 2014, p. 187).
[19] Refírese ás Irmandades da Fala.

> seguira unha traxectoria semellante (...) anque non tan exótica. Foron elas as que os comprometeron solidariamente coa súa terra, facéndoos saír do seu individualismo".

Incluso algúns estudosos, como Xosé Ramón Pena, conclúen nas súas obras que o Grupo Nós insírese dentro dun movemento máis amplo que denominan "xeira das Irmandades" (Pena, 2016, p. 321). Por conseguinte, é imprescindible explicar a súa conformación, os seus obxectivos e a súa traxectoria para comprender a Xeración Nós e a súa revista.

O 18 de maio de 1916 nacen as Irmandades da Fala na Coruña nunha asemblea realizada no "local que daquela ocupaba a Real Academia Galega" (Pena, 2016, p. 9). O primeiro presidente foi Antón Villar Ponte e constituíse o que naquel intre se chamaría a «Hirmandade dos Amigos da Fala». O movemento propagouse cara outras cidades e, días despois, constituíronse a Irmandade de Santiago de Compostela e a de Monforte de Lemos: "Nacían así as Irmandades da Fala: sen dúbida, un dos capítulos fundamentais na historia da cultura galega e mais no artellamento do noso nacionalismo" (Pena, 2016, p. 10). Piñeiro identifica como obxectivo principal da formación "despertar e movilizar a conciencia colectiva para reivindicar os direitos de Galicia como pobo con personalidade de seu" (1978, p. 11) e Beramendi e Ínsua (Beramendi, 2007, p. 434; Ínsua, 2016, p. 107-110, citado en Pena, 2016, p. 38), ao naceren, salientan os "obxectivos lingüístico-folclóricos" das Irmandades. Con todo, meses despois da súa constitución, as Irmandades definen a súa proxección política e, en 1917, inician a súa andadura para propagar a súa ideoloxía e o seu carácter político coa axuda dun "órgano de expresión propia, o boletín *A Nosa Terra"* (Pena, 2016, p. 38-39). Por estas datas comezan os principais representantes do Grupo Nós a formar parte do movemento irmandiño:

> "De contado se uníron ás Irmandade os homes que logo aparecían como as pezas claves de *Nós*, anque o cenáculo ourensán tardou un pouco máis, enrolados como estaban na aventura de *La Centuria*. Cabanillas foi dos primeiros; e non se fixeron esperar Castelao, Viqueira, Victoriano Taibo... Dos intelectuais agrupados arredor da tertulia da Comisión de Monumentos de Ourense, só aparece desde o comezo Lousada Diéguez, catedrático de Filosofía do Instituto, que viña actuando no agrarismo desde 1914" (Pérez, 1988, 37).

Sen dúbida, a figura de Losada Diéguez foi esencial para que o «Cenáculo Ourensán» deixase a un lado o seu individualismo e se unise ao sentimento galeguista e ás

Irmandades da Fala. Así o explicaba o propio Vicente Risco[20] despois de que Losada Diéguez, xunto cos irmáns Vilar Ponte e outros, acudisen á "Semana Gallega en Cataluña", en setembro de 1917, convidados pola Lliga Regionalista encabezada por Francesc Cambó:

> "Cando os emisarios das Irmandades da Fala voltaron de Cataluña, un dos primeiros que se lles xuntaron foi Otero Pedrayo. Eu, que fora seu compañeiro constante... non había andar agora moi lonxe, i efeutivamente, na nova lista atopámonos os dous"

Xa cos homes de *Nós* na xeira das Irmandades da Fala, celébrase en novembro de 1918 en Lugo a Primeira Asemblea Nacionalista. En dita reunión, a corrente irmandiña deixou atrás o rexionalismo (descrito no apartado anterior do traballo) e iniciouse o nacionalismo, un brinco que supuxo unha serie de actividades e accións que cambiarían para sempre a historia política, cultural e lingüística de Galicia. A constancia de tal cambio está presente na "declaración preliminar do manifesto-programa público" que se redactou a raíz da reunión (Pena, 2016, p. 40):

> "Tendo Galicia tódalas características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba «rexionalismo» non recolle tódalas aspiracións nin encerra toda a inmensidade dos nosos problemas" (Pena, 2016, p. 40).

Como expón Pena, "a Asemblea esixía a «autonomía integral para Galiza» (capítulo II, puno 1º -«problemas Constituíntes»), declaraba a «cooficialidade dos idiomas galego e castelán» (punto 3º) e asumía a «Federación da Iberia» e «dentro desa federación, igualdade de relacións con Portugal» (puntos 4º e 5º, respectivamente)" (2016, p. 40).

A Segunda Asemblea Nacionalista celebrouse en Santiago de Compostela en novembro de 1919 e a Terceira Asemblea levouse a cabo entre o 16-18 de abril de 1921 en Vigo. Durante estes anos "a asociación Losada-Risco gaña prestixio e poder no seo das Irmandades; especialmente cando en 1920 Risco publica a súa *Teoría do nacionalismo galego*, acontecemento que o transmuta nun auténtico «guieiro» teórico das hostes irmandiñas" (Pena, 2016, p. 41). Chegados a este punto, é necesario mencionar que, con anterioridade ás dúas últimas reunións nacionalistas mencionadas previamente, "as Irmandades iranse politizando progresivamente, ata comportarse coma un partido

[20] Cita recollida en (Casares, 1981b, citado en Pérez, 1988, p. 38).

político, cun programa, unha estratexia e uns obxectivos moi concretos, un deles o de presentarse ás eleccións parlamentarias en 1918 (...) O fracaso nas eleccións do 18 vai radicalizar aínda máis as Irmandades, aumentando a crise entre «políticos» e «culturalistas»[21] que houbo case desde o comezo" (Pérez, 1988, p. 39); circunstancia capital para o devir dos homes de Nós xa que Vicente Risco (e en consonancia o resto do Grupo Nós) era unha das figuras que encabezaba esa corrente interna das Irmandades da Fala máis apegada á cultura que á acción política. Na cuarta Asemblea, celebrada en Monforte de Lemos en febreiro de 1922, agromaron, en maior medida que antes, esas diferenzas entre os membros irmandiños:

> "Elixido –co apoio e mais a complicidade, mesmo coa presión, de Losada Diéguez e mais coa anuencia de A. Villar Ponte- para ocupar o posto inédito até a data, de Conselleiro Supremo do Consello Permanente das Irmandades, Vicente Risco apareceu como o (aparentemente) verdadeiro vencedor no litixio entre «apolíticos»[22] e «políticos»" (Pena, 2016, p. 42).

"A manobra de Risco non foi aceptada pola maior parte dos membros da Irmandade coruñesa" (Pena, 2016, p. 43) o que provocou unha ruptura dentro das Irmandades da Fala, ao que se unía a Ditadura de Miguel Primo de Rivera en 1923, que "fixo viable só a liña cultural" (Pérez, 1988, p. 40). Se ben é certo que resulta indispensable mencionar tales feitos que provocaron unha escisión dentro das Irmandades, non é conveniente nin preciso afondar nestas circunstancias (nin tampouco nas actividades políticas) no presente traballo xa que se afastan dos obxectivos establecidos. O que si é indispensable remarcar é a esencia da corrente irmandiña que ía influír nos home de Nós: a aparición e a difusión do galeguismo xunto cunha dignificación e o uso do galego en tódolos ámbitos (o literario sería un deses piares), así como outorgar á nosa terra e ao noso pobo unha conciencia histórica e unha personalidade propias.

Por último, cómpre subliñar que ese pulo iniciático do nacionalismo e o galeguismo das Irmandades da Fala "vai recollelo o Partido Galeguista, que aparece en nadal do ano

[21] Esta denominación é un tanto vaga ou superflua, xa que como di Pena "non militaban realmente en ningunha sorte de culturalismo puro" (Pena, 2016 p. 43). Ademais, podemos afirmar que Risco si practicou unha «política da cultura» porque demostrou a súa inquedanza polo desenvolvemento de accións e prácticas sociais no eido cultural.

[22] Xosé Ramón Pena denomina «apolíticos» ao grupo que Pérez Prieto nomea como «culturalistas» xa que el considera que "non militaban realmente en ningunha sorte de culturalismo puro" (Pena, 2016 p. 43). Ora ben, no presente estudo non se afondará máis nesta cuestión porque non se recolle dentro dos obxectivos fixados nin inflúe drasticamente na temática principal da investigación até o momento.

1931, como resultado da unión dos distintos grupos que xermolaban nas principais cidades" (Pérez, 1988, p. 40). Dito partido político, con Castelao á cabeza, obtivo tres deputados nas eleccións de 1936 que levaban consigo a promesa da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia que se viu truncada polo inicio da Guerra Civil en xullo. A modo de coda, as verbas que en 1978 escribiu Piñeiro sobre o que supuxo a corrente das Irmandades resumen o contado nos parágrafos anteriores: "unha especie de sopro, de chama vital que se move e vai prendendo o lume do entusiasmo en distintas dirección. Esa é a súa grandeza" (Piñeiro, 1978, p. 12).

### 2.2.3. A Xeración Nós: contexto histórico, integrantes, características e importancia

A descrición e análise da Xeración Nós é unha tarefa que podería albergar unha extensión casa que ilimitada. Os homes que conforman dito grupo produciron unha inmensa cantidade de textos (novelas, pezas xornalísticas, ensaios, poemas, artigos de investigación, etc.), desenvolveron unha traxectoria vital moi rica en actividade cultural, política e artística e influíron en tal medida nos seus coetáneos e nos seus sucesores que resulta inabarcable recollelo todo nun Traballo de Fin de Grao. Porén, o presente estudo tentará reflectir os aspectos máis importantes relacionados coa Xeración Nós, caracteriza-la a ela e aos seus integrantes e argumentar a súa importancia dun xeito global e afondando naquelas cuestións que o precisen para o seu mellor entendemento.

De por parte, o primeiro chanzo desta ascensión metafórica para alcanzar un coñecemento dos homes de Nós é expor por que conforman unha xeración ou un grupo[23]. Para elo, resultan esclarecedoras as verbas do catedrático Carlos Baliñas Fernández (2000, p. 303):

> "Fálase lexítimamente de xeneración cando un grupo de individuos cumple estas tres condicións: 1) ser coetáneos, 2) ter un referente histórico común, 3) compartir un corpus

[23] Xosé Ramón Pena recolle no seu terceiro tomo da *Historia da Literatura Galega* o debate arredor da consideración dos homes de Nós como xeración ou grupo. No presente traballo empregaremos ambas acepcións por igual xa que non existe un consenso entre os estudosos e, as dúas, serven para caracteriza-los. Pena, na súa exposición, chega á seguinte conclusión: "Xeración –ou como nós preferimos, *xeira*- das Irmandades, e dentro dela o Grupo Nós: velaí, pois, a nosa proposta de nomenclatura. Unha oferta nacida da necesidade –iso nos impulsa- de visualizarmos mellor, e na medida das nosas posibilidades, un tempo cenital na deriva como pobo de noso" (2016, p. 321). Para máis información sobre esta circunstancia, consultar: Pena, 2016, p. 307 e seguintes.

de opinions, valores, estilos e xeitos de reaccionar cara o ambente. Todo, por descontado, salvando as diferencias de persoa a persoa.

Por se cumpliren estas condicións está xustificado que falemos de «Xeneración Nos». Os intelectuáis que se incluien nela

1) naceron na década dos 80 do século XIX.

2) responderon para Galicia á efervescencia do nacionalismo que en Europa se producíu de resultas da Primeira Guerra Mundial. Mesmo por esa influencia bautizaron co rubro de *nacionalismo* o sentimento de «nostridade» que, de antes, había na súa e nosa Terra.

3) compartían un mínimo ideolóxico suficiente para unilos, a pesar das normáis diferencias de matices e de xeitos".

Como ben di Baliñas, as catro figuras "máis significativas" (Pérez, 1988, p. 29) da Xeración Nós chegan ao mundo na década de 1880: Vicente Risco en 1884 (na rúa da Paz de Ourense), Ramón Otero Pedrayo en 1888 (no mesmo edificio que Risco na rúa da Paz de Ourense), Florentino López Cuevillas en 1886 (tamén en Ourense pero na rúa do Progreso) e Alfonso D. M. Rodríguez Castelao en 1886 (en Rianxo). Non sería inxustificable "ensanchar un pouco", como afirma Tarrío (1994, 201), e incluír a Antón Losada Diéguez pola súa "influencia decisiva en todos eles" (Tarrío, 1994, 201) para que se sumasen á xeira galeguista e nacionalista; amais que o propio Losada Diéguez tamén naceu na década de 1880 (exactamente en 1884) na provincia de Ourense.

O século XIX (o da chegada ao mundo dos homes de Nós) é o "xurdir dos socialismos modernos (...) É dicir, a elaboración sistemática dunha ideoloxía anovadora, apoiada nas derradeiras achegas da metodoloxía científico-positivista" (Beiras, 1968, p. 162.). A crítica ao positivismo foi fervente por parte de Risco e de Otero que defendían o espiritualismo e a relixión (neste caso a católica); así mesmo, profesaron un "cristianismo católico fronte a laicismo e marxismo" (Pena, 2016, p. 375). Como xa mencionamos nos parágrafos anteriores, "na orde cultural, o romantismo, o retorno ó mundo preclásico" (Beiras, 1968, p.163) son capitais para entender os diferentes movementos e fases que se produciron en Galicia. É un século no que se estende o amor ao autóctono, ao tradicional, a reivindicación e busca daqueles aspectos dun pobo que o fan diferente: o chamado *Volkgeist*[24]. Ora ben, é un romanticismo "como aititude espritoal que tingue os fenómenos máis aló do eido creacional: alianza co nacionalismo

[24] É un concepto xurdido a partir da axitación do nacionalismo romántico que consiste en atribuír a cada pobo unhas características e trazos comúns ao longo da súa historia. Na época Nós vai ter suma importancia a capacidade para que os galegos adquiran conciencia de seu, da súa historia e do seu pasado como pobo e raza.

como revolta frente ao mundo cartesián" (Beiras, 1968, p. 164); un movemento que "inspira as novas tomas de concencia nacional: nacionalismo cultural, étnico, sociolóxico; non nacionalismo definido polas estroituras políticas dos estados renacentistas" (Beiras, 1968, p. 164). Esta última cuestión é relevante á hora de analizar o pensamento de Risco xa que, como mencionamos no apartado anterior, o ourensán dirixiu o seu nacionalismo cara unha vertente cultural e etnográfica, influenciando aos principais homes de Nós para que adoptasen unha postura menos política (representada, na súa maior parte, pola Irmandade da Coruña): así o sostén Baliñas: "Risco era culturalista máis que político" (2000, p. 319). Quizabes Castelao será quen se aparte máis da beira «culturalista» para achegarse á beira política como sinala Baliñas (2000, p. 319):

> "Eles eran dos que primaban o cultural sobre o poder fáctico. «Unha nación pode ser tal nación (...) sen autonomía de ningunha clase», escribiu Risco. Diríase que era unha «saída» peculiar de Risco, tan culturalista e pouco amigo da acción política, pero velahí que tamén Castelao, en *Sempre en Galiza*, despois dunha vida consagrada á actividade política, repetirá case literalmente a Risco (anque sin cítalo): «Unha nación pode ser tal sen autonomía de ninguha caste, sempre que o sentimento que a diferencia resulte inasimilable, sempre que se manteñan vivos os atributos que a caracterizan»"

Sexa como for, o de Rianxo participou na revista *Nós*, da que foi directora artístico, apoiou a Risco durante a ruptura das Irmandades da Fala e considera que (Pena, 2016, p. 410) "Galiza, a nación, vén ser sobre todo un *Volkgeist* –ao que atribúen o lirismo, o humorismo, o saudosismo e mais o espírito democrático do pobo galego (Monteagudo 2000, p. 46, citado en Pena, 2016, p. 410)-, esencialmente unido á lingua na que se manifesta, para alén dos elementos físicos –raza, territorio-, relixiosos ou incluso das vellas estruturas do conxunto que viamos, non obstante, como referentes fundamentais nas propostas de Risco ou Otero Pedrayo".

O século XX é o tempo da Xeración Nós. Así describe Beiras (1968, p. 164) o comezo do século, período de máxima actividade galeguista, cultural, xornalística e política para este homes:

> "Na orde económica, a revolución soviética establece a primeira economía planificada coleitivista"; "no orde político, a Gran Guerra pon en custión a hexemonía europea; o colonialismo ten os días contados"; "vaise facer política de *masas* (...) os sistemas autoritarios van vir seguidos".

Todas estas circunstancias, segundo Beiras, van facer de Risco un inadaptado: "Vicente Martínez Risco Agüero é un inteleitual, e ós inteleituais correspóndelles pasar polo trance da inadaptación, cando viven situacións á peripecia do Risco" (1968, p. 165). Tal consideración pode atinguir a todo «Cenáculo Ourensán», sobre todo se temos en conta os tres famosos textos que escribiron Risco, Otero e Cuevillas, os cales definen á súa xeración e son indispensables para analizar o seu pensamento e dilucidar as súas características como grupo: *Nós, os inadaptados* de Vicente Risco, *Arredor de si* de Otero Pedrato e *Dos nosos tempos* de Cuevillas; o primeiro e máis o últimos aparecidos na revista *Nós*. Neste senso, resultan clarificadoras e ilustrativas as palabras de Lorenzana acerca deles:

> "Bótase de ver neses escritos que a tónica definidora de atales homes, nos seus tempos mozos, é a insatisfación, o non conformismo, a rebeldía. Considéranse auténticos 'vencidos da vida', mesmamente por 'inadaptados'. Aprenden dos seus mestres a odiar a época que lles ten tocado vivir. Tencionan fuxir do meio que os arrodea, e acobíllanse así na idea do arte considerado como 'evasión'. Son rexamente 'individualistas'; contra do ambente social, real e ideal do seu tempo, opoñen un celo da súa libertade: sinten noxo do vulgar, do común, e por eso mesmo andan á percura de mundos eisóticos" (Lorenzana, 1965, P. 76).

Esa inadaptación e ese carácter individualista vano superar coa chegada ao galeguismo e ao nacionalismo, circunstancia na que foi vital a figura de Losada Diéguez; correntes ás que Castelao se subscribe con eles e que se formalizan na revista *Nós*.

Aínda que diferentes autores como Xosé Ramón Pena inclúan a Arturo Noguerol[25], a Johán Vicente Viqueira e aos irmáns Villar Ponte [estes últimos "até o momento da ruptura entre Risco e Antón Villar Ponte" (Pena, 2016, 322)] como importantes aliados e ramificacións do Grupo Nós, o presente traballo, co fin de enunciar as características do conxunto, delimita as figuras aos tres do «Cenáculo Ourensán» xunto con Castelao. Pena recolle os seguintes trazos comúns entre os representantes do Grupo Nós:

> "1. Membros da pequena burguesía (...) reaccionaron contra o seu tempo, declarándose *inadaptados*, contrarios aos valores *filisteos*, disidentes da mentalidade positivista—materialista reinante (...) 2. Baseados en cadansúa plataforma estética idealista haberían de verter logo, sen renunciar a eles, todos

[25] Xerente da revista *Nós*.

os seus coñecementos e experiencias na xeira irmandiña que foron abrazar. 3. Decididos a actuar socialmente, e xa militantes das Irmandades da Fala, teorizaron e artellaron dentro delas un nacionalismo tradicionalista no cal Risco achegou ademais a súa vía kármica para a liberación nacional. (...) 4. Tentaron, con desigual fortuna e na calidade de se proclamaren elite dirixente, guieiros..., converterse en grupo, forza hexemónica da mobilización nacionalista. (...) 5. Se ben que mantiveron aberto un diálogo arreo con Europa, a dita aproximación realizouse tendo sempre en conta, como criterio superior, a achega positiva/negativa [26] que tal «apertura de portas» significase para a mellor definición/consolidación da *nostridade*[27], na procura dunha estética nacional" (2016, p. 338-339).

Pola súa parte, Victorino Pérez Prieto explica que os trazos común dos homes de Nós parten do seu nacemento próximo na década dos 80 e "a condición de estar nun semellante nivel ou *altura dos tempos*" (1984, p. 28); características que se erixen como "dúas condicións esenciais que cómpren para ser unha xeración histórica: coetaneidade e mais instalación nun mesmo nivel histórico (Pérez, 1988, p. 29).

En resumo, as características globais da Xeración Nós poden aglutinarse de forma esquemática entre as seguintes:

- Ávidos e avezados lectores adolescentes, que beberon das principais correntes e novidades literarias europeas da década, acollendo aos románticos entre as súas meirandes influenzas (sobre todo Otero e Risco).
- Derivada desta primeira caracterización, os homes de Nós desenvolveron un pensamento «culturalista» que ía resaltar máis que o político no caso, sobre todo, do «Cenáculo Ourensán». Esta circunstancia, mesturada co seu carácter europeísta e atlántico, motivou a relación, diálogo e aproximación do Grupo Nós con intelectuais, escritores e figuras representativas doutras culturas europeas que frutificaron en epistolarios, colaboracións en revistas e xornais (como é o caso de *Nós*), congresos ou mesmo en influenzas ideolóxicas .

[26] Aínda que xa se iniciou este debate nos parágrafos superiores é unha circunstancia que se tratará na posterior análise da revista *Nós* .

[27] "Termo empregado por Carlos Baliñas en referencia a un entusiasmo común por todo o galego nunca antes nin despois concibido" (Tarrío, 1994, p. 200).

- Entrada no galeguismo e no nacionalismo, superando o seu individualismo e a súa «inadaptación» ao seu tempo derivada dunha condición de intelectuais que os mantivo, como explica Cuevillas no seu relato autobiográfico da xeración *Dos nosos tempos*, na denominada «Torre de Marfil».
- Importante labor e actividade política, primeiro coa entrada nas Irmandades da Fala e logo nos diferentes grupos nacionalistas, que os alzaron como ideólogos do galeguismo (este é o caso de Vicente Risco) e como guieiros e líderes do movemento (onde destaca a figura de Castelao e, en menor medida, a de Otero Pedrayo). Risco foi o primeiro que redactou unha teorización do nacionalismo galego mentres que Otero e Castelao foron deputados nas Cortes e, este último, encabezou o Estatuto de Autonomía de Galicia que se ía aprobar en 1936.
- Relacionado, nunha meirande parte, por ese sentimento romántico enunciado no primeiro punto, xermolou o que Baliñas entende por *nostridade* (ver nota 13). Este sentimento propiciou[28] que esta xeira de intelectuais introducisen o galego na prosa narrativa, sobre todo, e noutros moitos eidos onde era practicamente inexistente[29]; provocou un afán entre os homes de Nós por outorgarlle ao pobo galego alma e conciencia histórica de si mesmos, levándoos a investigar na etnografía, a xeografía e a paisaxes, a tradición, a historia ou a arqueoloxía, entre outras; e agromase un pulo galeguizador nunca antes visto.
- Un dos cernes do seu pensamento é a espiritualidade e a relixiosidade (en especial no «Cenáculo Ourensán»), fronte ao materialismo e ao positivismo. Otero, Risco e Cuevillas eran cristiáns ferventes e así o sinala Pérez: "A Xeración Nós aporta á Igrexa e á Teoloxía galega un espírito cristián e galego, a encarnación galega do cristianismo, como compromiso cristián cunha Terra e un Pobo" (1988, p. 248). Quizabes en Castelao non se manifestou tanto esta sensibilidade cara a relixión, inda que non é xustificable dubidar da súa fe cristiá[30].

[28] Explica Pérez Prieto (1984, p. 43): "Os homes de «Nós» tentan converter ese encantamento da Terra en engado que leve a unha concienciación civil e política que mova a tódolos galegos a loitas por unha Galicia liberada. De aí o nacionalismo política e a loita pola lingua, alma do pobo, elemento da identidade nacional. O seu esforzo vai ser grande por atopa-las raíces da Historia e a Alma do pobo (os estudios etnográficos e históricos son a meirande gloria de Nós)" .

[29] Así o explica Lorenzana (1965, p. 75): "Compre chegar aos tempos da Xeneración *Nós*, pra que o idioma acrete a súa validez como vehículo de expresión e de creación en tódolos eidos da vida cultural".

[30] Para esclarecer este debate son salientables as verbas de Victorino Pérez Prieto: "Respecto de Castelao hai unha reticencia bastante xeneralizada sobre a súa fe e o seu cristianismo, véndoo coma un home

A importancia da Xeración Nós para Galicia, en todo o seu conxunto, é dunha magnitude case que incalculable. Amais, os homes do grupo Nós cultivaron e influíron en numerosos eidos, producindo unha cantidade inxente de ramificacións que lostregan en tódolos recunchos da nosa historia, terra e cultura.

No ámbito das letras e da literatura galega, a Xeración Nós "supón un impulso definitivo. Francisco Fernández del Riego falou dun segundo Rexurdimento ó se referir a ela (...) Doutra banda, os propios protagonistas desta etapa tiñan o sentimento de estar asistindo a un novo rexurdir de Galicia, como se pode detectar en moitas publicación do momento e nos epistolarios" (Tarrío, 1994, p. 199). Se nós expomos que a súa magnitude é imponderable, Tarrío vai máis alá e considéraa case que inmellorable (1994, p. 201):

> "Dende o punto de vista literario (...), a Época Nós é dunha riqueza e dunha transcendencia tan grande para a consolidación das letras galegas que, tendo en conta os escasos medios de que dispoñían aqueles homes, ben podemos dicir que, aplicando o necesarios relativismo, aínda está sen superar".

Por outra parte, a Época Nós supuxo a renovación e innovación literaria en galego, sobre todo na prosa: "son os homes do Grupo Nós (...) os que, sen lugar a dúbida, levan a palma da modernización da prosa galega nos seus diferentes rexistros: narración curta, novela, discurso científico, ensaio, etc. Son eles, en definitiva, secundados dende logo por outros máis novos, os que sentaron as bases da moderna literatura galega na súas expresión non versificada" (Tarrío, 1994, p. 204-205). Dita modernización das letras galegas situou á nosa literatura á par que a das outras culturas europeas, nun chanzo compartido que foi posible, en gran medida, ao coñecemento da Xeración Nós das correntes literarias, artísticas e estéticas que fluían polos territorios europeos. Risco, Otero, Cuevillas e Castelao amosaron nas súas obras a memoria histórica de Galicia cun sentimento de seu, onde se mestura a tradición, a fala, a relixión, o humor, a paisaxe, etc. dunha terra que busca, por unha parte, diferenciarse (sen pecharse) e, por outra, construír pontes con outras culturas europeas. Explica Casares que "a primeira xeneración que como tal ten unha sólida formación literaria europea é a xeneración *Nós*,

---

anticlerical e descrido, o que pretendidamente casa ben soas súas convicción liberais e republicanas. Tópico que coido cómpre botar por terra, anque sen pasar agora ó extremo contrario de subilo ós altares" (Pérez, 1984, p. 218).

e a sua obra, sobre todo no caso de Otero e de Risco, é deudora de dita formación. Con eles o xénero novelístico despégase do ruralismo e adquire o seu pleno desenvolvemento" (Casares, 1981a, p. 141-142); isto é, prodúcese un novo rexurdir literario que sitúa a Galicia no mesmo chanzo que o resto das culturas de Europa.

A súa influenza e relevancia pode estenderse á cultura en xeral. Castelao foi un gran debuxante[31], artista plástico, prosista[32] (*Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* en 1922, *Cousas* entre 1926 e 1929, *Os dous de sempre* en 1934 ou o seu ensaio e testamento político *Sempre en Galiza*) e un excelso creador e fomentador de proxectos culturais. Otero foi, probablemente xunto con Risco, o que máis innovou e ampliou no eido da prosa (*Arredor de si*, *Pantelas home libre*, *Fra Vernero*, *A romeiría de Xelmírez*, *Escrito na néboa* ou *Os camiños da vida*), así como un notable investigador e ensaísta (destacando na xeografía, na paisaxe e sendo un gran coñecedor da historia galega, especialmente o século XVII), cunha profusa actividade xornalística e un labor educativo como profesor moi duradeiro. Vicente Risco eríxese como o ideólogo do grupo. O escritor ourensán exteriorizou a súa capacidade para a prosa en sonadas novelas (*O porco de pé*[33], *A Coutada*, ou a inacabada *Os europeos en Abrantes*) e, ao igual que Otero e Castelao, modernizouna ata conseguir en Galicia un desenvolvemento completo. Risco destacou tamén no campo do ensaio (*Mittleuropa*, *Nós, os inadaptados* ou *Teoría do nacionalismo galego*), o xornalismo (con colaboracións en *El Miño*, *La Centuria*, *A Nosa Terra*, *Euzkadi*, *La Región* ou, como non, a revista *Nós*, entre outros) e a investigación (especialmente, como xa se reflectiu, na etnografía); amais a súa labor educativa resultou significativa. Por último, Cuevillas destaca pola súa tarefa como investigador (sobre todo no eido da arqueoloxía), xa que tal actividade é unha das máis senlleiras da época. En conxunto, estes homes tamén experimentaron no ámbito teatral[34] e congregaron os seus esforzos nunha das revistas galegas máis acreditadas do século e

[31] Neste senso, o álbum de estampas *Nós* de Castelao deulle o nome a revista, como así o conta Risco: "O Castelao foi o padriño: o título Nós pertenecíalle a el; era o do seu pasmoso álbum no que Galiza xeme, chora, maldizoa e rebélase en cincuenta sepias admirábeis" (artigo de Vicente Risco nas páxinas de *Céltiga* (Buenos Aires, xullo de 1927), citado por Pena, 2016, p. 340). Nos nosos días, por exemplo, tamén alberga unha gran relevancia unha obra pictórica de Castelao, "A derradeira lección do mestre", a cal xa foi exposta na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela e na cidade de Ourense tras viaxar dende a Arxentina.

[32] Dolores Vilavedra considera que a obra de Castelao foi "primeiro paso firme cara unha verdadeira modernización e 'democratización' enunciativa da novela galega" (2000, p. 78).

[33] A profesora Vilavedra afirma que "resulta evidente que é Vicente Risco, entre tódolos autores do Grupo Nós, aquel que reúne na súa novela *O porco de pé* máis elementos modernizadores" (2000, p. 78).

[34] A obra dramática de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, *O Bufón de El-Rei* de Vicente Risco ou Otero con *Teatro de máscaras.*

probablemente da historia: *Nós*. Coas seguintes palabras conclúe Tarrío a súa exposición sobre a importancia destes homes na cultura da nosa terra en *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*:

> "En definitiva, foi a Época Nós unha etapa de lanzamento da cultura galega, en tódalas súas manifestacións, ata tal punto que, en moitos aspectos, aínda segue sendo fonte de exemplos a seguir e de bo quefacer editorial, publicitario, estético e mesmo político. De momento, a investigación científica sobre aqueles anos, asolagados baixo a lama da dictadura franquista, aínda está sen completar, e cando nos achegamos a eles co escalpelo de historiadores ou de críticos descubrimos sempre algún diamante esquecido" (Tarrío, 1994, p. 299).

Tarrío menciona a política e, indubidablemente, é outros dos aspectos nos que a influenza do Grupo Nós foi encomiable. A obra *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco supuxo un antes e un despois para movemento galeguista. En canto a Castelao, a súa case que febril actividade política converteuno nun dos guieiros da nosa Comunidade, incluso nos nosos días. En 1931, Otero e Castelao resultaron elixidos como deputados nas Cortes Constituíntes, o primeiro representando ao Partido Nacionalista Repubricán por Ourense, o segundo representando ao Partido Galeguista de Pontevedra. Representativas e emotivas son as palabras que lle dedicou Castelao ao Otero no transcurso de representaren a Galicia como deputados nas Cortes Constituíntes da República:

> "Ramonciño, non te asustes nin te precipites, mira que ti i eu somos os únicos representantes de Galicia, os demáis son representantes de partidos. Pero os únicos que recorrimos as aldeas e os pobos dando mítines i escribindo cartas, os únicos que loitamos pra conseguir as Actas de diputados en nome da Galicia pura, sin outra cousa, somos ti i eu" (Entrevista de Otero Pedrayo a Maribel Outeiriño en *La Región* do 13 de decembro de 1975, citado en Casares, 1981a, p. 149).

A finais de 1931 constitúese o Partido Galeguista agrupando a tódolos grupos galeguistas das diferentes provincias da nación. Nas eleccións de febreiro de 1936 Castelao foi elixido como deputado novamente pero esta vez o Partido Galeguista "contaba coa promesa do apoio ao Estatuto[35] por parte da coalición vencedora" (Casares,

[35] Refírese ao Estatuto de Autonomía de Galicia que se ía aprobar no 1936 e no que tiveron unha gran influencia algúns membros do Grupos Nós.

1981a, 159), o Frente Popular. Sen embargo, o estoupido da Guerra Civil en xullo de 1936 truncou os plans dos galeguistas.

En definitiva e para pechar a relevancia da Xeración Nós, recuperamos a anotación de Pérez: "A súa obra é o meirande monumento da cultura galega" (1988, p. 248).

## 2.3. A revista *Nós*: contextualización, nacemento e evolución, colaboradores e relevancia

César Antonio Molina define a prensa cultural como: "Aquela que favorece o cultivo das facultades intelectuais do home desde os seus múltiples aspectos, tales como o literario, científico, filosófico, artístico, político, etc. A prensa literaria durante moito tempo estivo englobada como unha máis dentro desta outra xeral. Aínda hoxe en día é moi difícil separalas. É por iso que eu mesmo emprego ás veces indistintamente «cultural» e«literaria», cando na primeira de ambas hai moitos elementos (aínda que non son todos) da segunda" (1990, p. 21-22). Neste senso, a revista *Nós* englóbase neste tipo de publicacións que recollen entre as súas páxinas o eido literario (polo que amosou un gran interese e polo que a poderiamos considerar prensa literaria, sobre todo na súa primeira época de 1920 a 1923), científico, filosófico, artístico ou político, entre outros.

*Nós* nace do desexo dun pequeno grupo de homes, que conforman tamén a xeración homónima, de reflictir os seus intereses, inquedanzas sobre Galicia, novidades literarias e sociais non só galegas e coñecementos non só individualmente senón que, tamén ,colectivamente. Porén, esta publicación galega manifesta o descrito por Molina no que se refire ao espírito grupal dos colaboradores das revistas:

> "A revista é un traballo de equipo, a imaxe dun grupo de espíritos. Certa maneira de examinar, de criticar os acontecimentos, os homes, as obras, exixe a revista, vehículo natural dun pensamento vixiante, dun pensamento que non renuncia á sua misión" (1990, p. 16).

Estas verbas correspóndese axeitadamente coa actividade desenvolvida polos homes de *Nós*, incluso dende o propio tiítulo da cabeceira, que, como sinala Clara Rocha: "Os títulos indiciam muitas vezes essa presença colectiva" (1985, p. 34). Ademais, outros apuntamentos de Rocha sobre as revistas tamén son útiles para coñecer outra das

propostas de *Nós*: crear un lugar de encontro entre os persoeiros galegos máis significativos do momento e a sociedade galega. Isto é:

> "A revista surge geralmente como lugar de afirmaçao dum grupo –que pode constituirse como geraçao, tendência ou mesmo vanguarda, mas não forçosamente. Isto é: como lugar de encontro dos espíritos criadores mais significativos dum momento (...); ou então daqueles que, ainda desconhecidos do público, pretendem lançar-se no meio literário através dum órgão colectivo" (1985, p. 33-34).

En palabras do propio director da revista, Vicente Risco:

> "A revista *Nós* é como o indicador fiel do movemento espiritual galego, que nela se reflicte exactamente, coas súas flutuacións, as súas indecisións, as súas preferencias temporais ou permanentes. Nela vese a clase de produción predominante en cada período: literaria, ensaística, arqueolóxica, folclórica, etc., segundo o sector que en cada momento acelera máis a súa actividade" (2018, p. 162-163).

As revistas tamén son publicacións que permiten dar a coñecer novos creadores e promover as súas obras e pensamento (Rocha, 1985, p. 34), aspecto que *Nós* non só acometeu no ámbito galego[36] senón que tamén a nivel estranxeiro (tal é o caso, por exemplo, do conxunto de artigos de Risco titulado *A moderna literatura irlandesa*).

*Nós* xorde en outubro de 1920, converténdose nun dos máximos expoñentes, segundo Molina, da época dourada da prensa literaria en Galicia:

> "O período de florecemento que se iniciara na década anterior vese confirmado nestoutra. A prensa literaria en Galicia, coma no resto de España, afronta a súa idade dourada. Xorden revistas tan importantes como *Nós*, *Ronsel* ou *Alfar* e moitos xornais incorporan ás súas páxinas seccións e suplementos literarios. Os movementos culturais europeos e americanos teñen un fiel reflexo nelas. Estas publicacións souberon auna-la recuperación das súas raíces nacionais coas universais" (1989, p. 289).

[36] Por exemplo: a inclusión da novela de Blanco Amor *A escadeira de Jacob* no artigo *Tres capídoos de A escadeira de Jacob* no número 118 do 15 de outubro de 1933; ou de forma grupal como no texto de Ricardo Carballo Calero *Balance e inventario da nosa literatura* no número 108 do 15 de decembro de 1932; ou achegando as novidades literarias galegas na asidua sección *Os homes, os feitos, as verbas*.

Este periodo de auxe e valorización da prensa cultural tamén tivo ecos na propia literatura, eido no que os homes de *Nós* tamén demostraron a súa implicación, calidade e destreza, converténdose nos representantes literarios galegos máis significativos da época:

> "Na literatura galega, os anos vinte son tamén unha das etapas máis fructíferas. O grupo Nós (Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas, amais de Cabanilllas, Castelao e outros) realiza unha labor inxente e decisivo no asentamento idiomático e maila recuperación e desenvolvemento da propia identidade cultural. O labor de Risco en tódolos campos que tocou foi exemplar (Molina, 1989, p. 255).

En definitiva, unha intelixente conclusión sobre as revistas e que se pode trasladar enteiramente ao que significou *Nós* para Galicia e os galegos achégaa axeitadamente César Antonio Molina:

> "Unha revista, si a súa calidade é alta e chega no momento oportuno, cambia o clima cultural dos seus lectores, adianta a evolución das ideas e a sensibilidade, sirve de catalizador. E iso en dúas direccións: cara dentro –actuando no grupo de colaboradores e redactores, ao darlles un denominador común, obxectivos precisos, intercambio constante de textos e ideas- e cara fóra, actuando sobre os seus lectores, sobre a sociedade en xeral" (Molina, 1990, p. 16).

En relación a eses "obxectivos precisos" que menciona Molina, un exemplo claro son os propósitos expostos no artigo *Primeiras verbas* do primeiro número de *Nós*, onde se salientaba a necesidade de "suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos" así como de "ser a representación no mundo da personalidade galega na sua ansia de s' afirmare como valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra".

Emporiso, o lugar no que a Xeración Nós máis e mellor evidenciou as súas características, as súas inquedanzas e o seu pensamento foi, certeiramente, a publicación que lle deu nome a dita xeira e o obxecto de estudo deste traballo: a revista *Nós*. A primeira edición aparece en Ourense en outubro de 1920 co título completo de *Nós. Boletín mensual da cultura galega. Órgao da Sociedade Galega de Pubricacións Nós*. O director durante todo o período que percorreu a publicación (1920-1936 cunha interrupción de dous anos en 1923) foi Vicente Risco e Castelao era o encargado da

parte artística[37]. Sempre é óptimo describir como xorde unha idea, neste caso unha publicación, en palabras dos seus fundadores, para elo son esclarecedoras estas anotacións de Vicente Risco:

> "A idea xurdiu en Pontevedra, un serán do mes de San Xoán, que estabamos arredor dunha mesiña, na acera do café Méndez Núñez, por frente á peregrina, o Cabanillas, o Castelao, o Losada Diéguez e mis eu. Falábase de saudade, de celtismo, da Atlántida e non sei cantas cousas máis (...). Planeouse alí unha revista literaria, e xurdiu, coma decote, a dificultade tantas veces insurmontábel: a dos cartos. Losada Diéguez, que era daquela dun optimismo ventador de tódolos abrentes –estabamos na idade heróica, e non pasaron disto máis de seis anos- dixo que o caso era sacar o primeiro número. Depois non sei como foi, o asunto ficou nas miñas mans e nas daquel tamén optimista Arturo Noguerol" (artigo de Vicente Risco nas páxinas de *Céltiga* (Buenos Aires, xullo de 1927), citado por Pena, 2016, p. 340).

A denominación da revista provén do "nome do álbum de deseños de Castelao exposto en 1918" (Carballo Calero, 1981, p. 633). Por outra parte, explica Emilio Ínsua que "*Nós* editábase no prelo do xornal *La Región* (a partir do nº 16 mudará para a Imprenta Poza Cobas, de Pontevedra), tiña a súa redacción e administración das cidade das Burgas e custaba 60 cts. o número solto (fronte aos 15 cts. do boletín *A Nosa Terra*), 6 ptas. a suscrición anual na Península e 15 ptas. a suscrición" (2016, p. 359). Segundo Ricardo Carballo Calero, "os números de *Nós* confeccionados en Ourense son os máis perfeitos e ambiciosos desde o punto de vista tipográfico, con ilustracións fora do testo e en cor. Todo esto resultaba moi caro, e non se dispuña de recursos suficientes. Houbo que constreñirse a límites máis modestos" (1981, p. 635).

Desde as súas "Primeiras verbas", aparecidas na páxina 2 da primeira edición *Nós* en 1920 debuxa claramente os seus obxectivos:

> "*Nós* ha ser a representación no mundo da personalidade galega na sua ansia de s' afirmare como valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra"

[37] Algúns colaboradores artísticos de *Nós* eran "Manuel Méndez, Fernández Mazas, Castro Gil, X. Prada, Luis Pintos Fonseca, Maside, Colmeiro, etc." (Molina, 1989, p. 305).

Por outra parte, o seu carácter europeísta e aberto aos contactos entre culturas tamén queda ratificado nelas:

> "Querendo suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, *Nós* abre as súas páxinas a prestixiosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co' a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideias no mundo civilizado"

En relación a isto, da entrevista de Víctor Freixanes con Ramón Otero Pedrayo poden extraerse anotacións moi aclaratorias: "*Nós* xurdíu co compromiso urxente de atopar un sitio pra o galego na cultura universal" (Freixanes, 1982, p. 33). Vicente Risco tamén escribiu unhas verbas a respecto do carácter cosmopolita de *Nós*:

> "Sempre unha apelación suprema ao sentido esencial da tradición galega. E en conexión con ela, o desexo de valorización universal da cultura autóctona, da reintegración de Galiza en Europa, dun íntimo contacto espiritual con aqueles países aos que estamos vinculados polo idioma e pola raza: Portugal e os países célticos. De aquí a copiosa colaboración portuguesa, a atención cara o movemento espiritual en Irlanda e de Bretaña, a noticia detallada dos *Gorsedd* bárdicos, a investigación das conexións culturais, o intercambio de revistas, a publicación que preparamos dunha versión galega do *Leabhar Gabhala*" (2018, p. 164).

O seu abano de colaboradores foi moi amplo. Ademais dos catro representantes máis significativos da Xeración (Castelao, Cuevillas, Otero e Risco), súmase a figura de Ramón Cabanillas[38], Arturo Noguerol[39], Valentín Paz Andrade ou os mozos que formarán o Seminario de Estudios Galegos (Bouza Brey, Filgueira Valverde...), entre moitos outros. Losada Diéguez tamén entrará neste grupo ata o seu temperán falecemento en 1929[40]. O groso de colaboradores aumento co paso dos anos e algúns nomes máis que poden enunciar da longa lista son: Lois Peña Novo, Johan Viqueira, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xaime Quintanilla, o redactor xefe Xavier Prado Lameiro, Euxenio Montes, Primitivo R. Sanjurjo, Eladio Rodríguez González, Antón Fraguas, entre moitos outros. Ora ben, as relacións con outras culturas europeas van

[38] "O poeta do grupo Nós é Ramón Cabanillas" (1965, p. 84), como conta Lorenzana.
[39] Quen exercía tamén a función de xerente.
[40] Ao ano seguinte da súa morte, os homes de Nós dedicáronlle un número completo (o 61) con textos inéditos do propio Losada Diéguez (Freixanes, 1982, p. 24-25).

favorecer as colaboracións de intelectuais como o portugués Teixeira de Pascoaes ou o francés Philéas Lesbesgue.

Debido a atrancos económicos a publicación ten que cesar en 1923, para regresar á actividade en 1925: "Por dificultades económicas tería que emigrar primeiro a Pontevedra (febreiro de 1923), logo a Coruña (xullo de 1925, tras dous anos de ausencia) e logo a Santiago (na primavera de 1931), onde rematará no 1936, polo número 144" (Pérez, 1988, p. 41). Se ben é certo, a primeira etapa de *Nós* ata 1923 caracterízase por un marcado afán literario que vai mudar cara unha vertente máis investigadora a partir de 1925, onde a arqueoloxía, a xeografía e a etnografía toman máis peso (Pena, 2016, p. 342; Valiente, 2007, 252). Chegados a este punto, é imprescindible inserir as palabras de Ramón Otero Pedrayo que describen perfectamente como se desenvolveu a situación da revista:

> "Económicamente moi mal. Sostíñase co que nós mesmos puñamos do noso peto. Os primeiros números, que se editaban en Ourense, eran moi bonitos, estaban moi ben feitos, matinábase moito neles e o mesmo Risco seguía paso a paso a súa elaboración. Castelao, que andaba sempre en Pontevedra, desenrolaba unha actividade pouco común: viaxaba, escribía, facía política, dibuxaba, tiña unha popularidade que moitos envexaban e que era moi difícil acadar naqueles tempos, e viña ás xuntanzas do equipo de redacción en Ourense. Despóis, cando a revista esconmezóu a se resentir na súa economía, houbo que pensar en máis xente e aparecéu Anxel Casal, que tamén daba ideas e ás veces engadía algunhas cousas no prelo. Anxel, cando os malos tempos pra a revista, sostivo a súa economía personalmente. Había que facer un idioma de cultura. (...) Ese era o noso compromiso dende a revista" (Freixanes, 1982, p. 33).

En canto á importancia da revista, en primeiro lugar é salientable, loxicamente, a súa dimensión xornalística. A publicación, que contaba cunha periodicidade normalmente mensual, reflectía as novidades literarias[41] e culturais non só de Galicia, senón tamén doutras rexións. A labor de investigación é un dos piares de *Nós*, que estaba aberta a todo tipo de colaboracións, estranxeiras inclusive. Todo elo leva a Pérez a afirmar que "o inxente labor de «Nós» foi o meirande froito do periodismo galego, posiblemente o meirande esforzo sociocultural da Galicia moderna" (1988, p. 44).

[41] Como afirma Tarrío (1994, p. 203) *Nós* "daba a coñecer non só o que se ía producindo no país nos diferentes xéneros literarios, senón tamén, e isto foi de grande relevancia, as novidades mundiais que atentamente procuraban seguir de cerca os editores e que puntualmente reseñaban".

En canto ao seu carácter literario, xa mencionamos en moitas ocasións ao longo do traballo que a Xeración Nós supuxo unha renovación das letras galegas e, como resulta comprensible, ese esforzo tamén se viu reflectido na revista. Otero achegou unha tradución de anacos do *Ulysses* de James Joyce, Cabanillas e moitos outroas poetas (incluso estranxeiros) achegaron os seus poemas, ou, por citar outro exemplo, Risco publicou en diferentes edicións[42] as partes da súa novela inacabada *Os europeos en Abrantes*. Neste senso, Piñeiro móstrase rotundo ao describir o que supuxo para Galicia o nacemento e a evolución da revista (1978, p. 12):

> "Como órgano cultural, a revista 'Nós' foi a publicación de máis alta categoría que deica entón tiña aparecido na nosa lingua. Nela colaboraron as máis importante figuras da Galicia de entón, tanto as que procedían das Irmandades como as que non, poisque a revista era órgano da cultura galega e non das Irmandades, que tiñan o seu propio órgano".

Por outra parte, o apartado artístico da foi un dos seus puntos fortes e que albergou unha gran importancia e influenza no seu momento e a posteriori[43]. María Victoria Carballo-Calero analizou esta realidade no súa obra *La ilustración en la revista «Nós»*, que alberga interesantes reflexións do parte artística da revista dirixida por Castelao. Carballo-Calero sinala que o rianxeiro "ocupouse da revista (…) integrando maquetas, caracteres tipográficos, composición de cubertas, papel, blancos nas páginas, sempre dentro da pobreza de medios do prelo en Galicia" (1983, p. 19). Ademais, "Castelao traou de renovar a arte tipográfica creando caracteres inspirados nas letras romanas antigas" (1983, p. 20), así como "demostrou coa súa preocupación pola páxina impresa que a ilustración debe acompañar no estilo da tipografía e que o ornamento da páxina é o complemento natural da tipografía" (*Ibíd.*). En definitiva e como explica no prólogo deste mesmo libro o historiador de arte Antonio Bonet Correa:

> "Se «NÓS» representa hoxe un novo concepto da vangarda artística debeuse ás distintas facetas dunha época na que aínda coexistían os últimos ecos do modernismo, mesturados coa renovación do novecentismo e os inicios das, incipientes e, en certos aspectos, tardías, vangurdas históricas españolas. Desde o punto de vista tipográfico «NÓS» supuxo un cambio no que foron determinantes a evolución do gusto a partir das

[42] Nos números 39 e 40.
[43] Por exemplo, o deseño de Pepe Barro para o novo xornal galego *Nós*, que verá a luz a finais deste ano 2019, está baseado na revista *Nós* e nas achegas de Castelao.

> novas posicións estéticas da época, reinterpretadas desde Galicia. Na tipografía resulta palmaria esta mestura de tendencias, mesturándose caracteres anticuados con outros modernos. Outro tanto sucede con viñetas e colofóns, sobre todo no que se refire aos anuncios de propaganda comercial inseridos nas súas páxinas. No relativo á ilustración e a arte plástica, o feito é flagrante. Tódolos movimentos da época están alí presentes: expresionismo e poscubismo, purismo e realismo obxectivo mestúranse ao simbolismo e ao modernismo aínda decorativistas e románticos de cargados sentidos emocionais" (1983, p. 7).

O propio Risco reflexiona, nun artigo para o xornal vasco *Euzkadi* e dez anos despois do nacemento de *Nós*, sobre o que supuxo a primeira década da revista, unha opinión interesante e importante para coñecer como viviron os propios participantes a traxectoria da publicación galega:

> "A revista, de presentación e contido irreprochábeis, sorprendeu o noso público, pouco adoitado a recibir publicacións daquel tipo feitas no país, e alcanzou éxito. O seu labor foi verdadeiramente eficaz. Tivo a virtude de espertar numerosas vocacións, de provocar conversións ao galeguismo e de orientar en sentido europeo o noso movemento literario e as nosas investigacións históricas, arqueolóxicas e folclóricas" (Risco, 2018, p. 162).

En definitiva, "non cabe dúbida de estarmos a falar (Carballo Calero, 1975, p. 633-636; Piñeiro, 1978, p. 12-13; Ventura, 1997, 503 e seguintes, citado en Pena, 2016 342) do máis conseguido escaparate da cultura galega na primeira metade do século XX".

## 3. Metodoloxía

Co fin de analizar o cosmopolitismo e europeísmo na revista *Nós*, o presente traballo seleccionará aqueles textos máis representativos e significativos que denoten ámbalas dúas características, xustificando dita escolla. Porén, en primeiro lugar realizarase unha escolma[44], baseada nun criterio temático, de tódolos textos onde se reflicta dita concepción cosmopolita e europeísta a través do índice xeral dos 144 números e unha lectura, non exhaustiva pero si atenta, do conxunto de artigos.

Ademais, a escolma incorpora aqueles artigos que procedan de colaboradores estranxeiros (poñamos por caso os de Phileas Lébesgue, Teixeira de Pascoaes ou Alexandre de Córdova) xa que a súa inclusión por parte dos homes de *Nós* nas páxinas da revista, denota un claro interese cosmopolita co fin de mediar entre outras culturas, tradicións e discursos así como "ampliar os horizontes do marco de significados e prexuízos propios" (Held, 2011, p. 111-112). Por outra parte, considérase oportuno tamén agregar a este índice as traducións porque, como expón Bauman, apoiándose en Eco e en Balibar, a práctica das mesmas foi un feito salientable para Europa:

> "O florecemento da hermenéutica, a arte da interpretación e a comprensión. Europa foi e segue sendo a patria da tradución perpetua; durante este tempo, conseguiu crear un diálogo proveitoso entre diferentes linguas culturais sen borrar a identidade de ningún dos participantes" (2006, p. 134-135).

Xa que logo, as traducións evidencian un claro compoñente europeísta pero tamén, por suposto, cosmopolita porque elevan, en palabras de Balibar, o contacto entre pobos dun "nivel meramente lingüístico ao *cultural*, máis amplo" (Bauman, 2006, p. 135). Ora ben, tanto as colaboracións como as traducións non serán obxecto de análise no comentario dos artigos porque tan só reflicten indirectamente (quérese dicir que as ideas cosmopolitas e europeístas non aparecen explicitamente no texto) ese interese dos homes de *Nós* en aproximarse a outras culturas e evitar intermediarios.

Ademais, na escolma tamén se inclúen aqueles artigos que albergan unha temática local (por local enténdese que galega) nos que, dun xeito ou outro, se evidencia un senso cosmopolita e europeísta. Tal é o caso, por exemplo, de: *O nazonalismo musical galego*

[44] Dita escolma achégase no apartado "Anexos" ao final do traballo, co fin de que non interrumpa a lectura e a compresión do estudo e co propósito de facilitar a consulta do mesmo.

(número 2 de *Nós*), *Xurxo Lourenzo Fernández 1910-1934* (número 124-125) ou *Paisaxe i-esprito* (número 137-138), entre outros. No caso do primeiro artigo, o cosmopolitismo reflíctese en que non soamente se introduce o música galega senón que fálase do carácter musical doutras culturas e manifesta as diferencias entre elas así como sinala aspectos fa evolución histórica deste eido. En *Xurxo Lourenzo Fernández 1910-1934* recóllense os estudos de Xurxo sobre o antigo Exipto e o interese polo romantismo nunha etapa da súa vida e as súas preferencias literarias, en especial as francesas así como outros autores rusos ou portugueses. O artigo *Paisaxe i-esprito*, pola súa parte, achega apuntes filosóficos de pensadores europeos así como relaciona a paisaxe e o espíritu segundo a situación xeográfica nunha clara conformación de práctica cosmopolita. Porén, este tres artigos mencionados xunto con outros engadidos no índice que presentan principalmente unha temática local, están presentes na escolma porque, dun xeito ou outro, amosan aspectos cosmopolitas como a mediación entre culturas e tradicións así como o carácter europeísta de cultivo da cultura que describe Bauman.

Como se pode comprobar na escolma introducida nos anexos, a cantidade de artigos que reflicten características europeístas e cosmopolitas dos homes de *Nós* é inxente. Tan só con esta escolma, elaborada despois de cotexar o índice xeral e realizar unha lectura atenta, poderiamos xustificar a nosa hipótese. Con todo, é preciso analizar profundamente unha serie de textos que exemplifican moi ben dita realidade na revista e, por extensión, nos homes de *Nós*. Neste senso, os artigos escollidos son os seguintes:

1. ***Nós, os inadaptados* e *Dos nosos tempos*:** tanto o primeiro, escrito por Vicente Risco, coma o segundo, obra de Florentino López Cuevillas, son pequenos ensaios, pódese dicir que autobiográficos, que reflicten as inquedanzas, o pensamento e a ideoloxía dos homes da Xeración Nós; en palabras do propio Risco: "Presento eiquí non frente a, senón diante de a gente moza que vén atrás de nós na renacencia galega, certos supostos viventes no cerne do sistema de coincidenzas dos homes do meu tempo". Xunto coa novela de Ramón Otero Pedrayo *Arredor de si*, son os textos máis significativos para analizar aos homes de Nós desde a propia visión dos protagonistas. Polo tanto, a súa análise resulta imprescindible non só para coñecer o seu pensamento, senón tamén porque a súa visión europeísta e cosmopolita está presente dun xeito considerable nestes escritos. Cuevillas fala, por exemplo, da guerra de 1914 e as súas repercusións, opina sobre o réxime socialista de Rusia e, cara o final do texto, encamiña as

súas verbas cara un sentimento europeísta: "A Europa inteira ha ser un campo de sociedades futuras, e creio tamén que pr'o desenvolvemento da humanidade, esta ha ser unha cousa útil e boa". Pola súa parte, Vicente Risco narra as lecturas europeas e universais do Grupo Nós ou describe os seus pensamentos acerca da sociedade (nun senso filosófico) e a cultura europea; é dicir, o escritor ourensán evidencia os trazos ideolóxicos dos homes do seu tempo con Europa como un dos piares do texto. Ámbolos dous explican como os acontecementos desenvolvidos ao longo do continente europeo así como as súas lecturas xuvenís, fixeron deles uns "individualistas" sitos nesas metafóricas "torres de marfin" das que fala Cuevillas, apartados da sociedade e como di Risco: "vencidos da vida por inadaptados"[45]. En definitiva, dous artigos recollidos por primeira vez na revista *Nós* que non só axudan a coñecer a visión europeísta e cosmopolita da Xeración, senón que permiten comprender ditas cuestións ao longo da publicación e servir de guieiro para analizar o conxunto dos textos.

2. **Os catro textos da serie *Do meu diario*:** este conxunto de artigos nace a raíz da viaxe de Castelao por terras francesas, belgas e alemás. Estes artigos son un gran exemplo para analizar o carácter europeísta do rianxeiro xa que neles Castelao non agocha as súas opinións acerca de todo o que presencian os seus ollos. O xornalismo pode resumirse na famosa frase: "ir, ver e contar"; exactamente o que o artista galego realiza na súa viaxe pola Europa do seu tempo. Castelao analiza, describe e valora toda a información que reúne nas súas visitas aos museos e salóns de París, Munich, Colonia e Bruxelas onde se manifestaban presentes as novas tendencias artísticas (futurismo, dadaísmo...). En definitiva, estes claros exemplos de xornalismo de viaxes, son mostras acreditadas do carácter europeísta da revista *Nós* xa que inundan as súas páxinas de consideracións acerca dos movementos artísticos que se están espallando polo continente, reflexionando sobre eles, así como a súa visión das cidades máis representativas da Europa daqueles tempos.
3. **O conxunto de artigos (30 en total) que conforman *Da Alemaña* e *Mitteleuropa*:** a viaxe de Vicente Risco por Europa canalizouse no maior

[45] Explica Manuel Outeiriño que o termo "vencidos da vida" garda relación co manifesto dos vencidos, publicado no xornal *O tempo* de Lisboa o 29 de marzo de 1889 e "malia non estar asinado, ten o estilo de Eça de Queirós, segundo indicou Manuel da Silva Gaio" (Outeiriño, 2011, p. 23). Neste senso, Outeiriño afirma que "a alusión ós vencidos da vida é índice de que *Nós, os inadaptados* non é só sincera senón tamén humildísima confesión" (*Ibíd.*).

conxunto de artigos da revista *Nós* baixo o título, primeiro, *Da Alemaña* con 20 pezas e, segundo, *Mittleuropa* con 10. Os 30 artigos totais esténdense, intermitentemente, desde o número 79 de *Nós* ata o número 138. A argumentación da selección destes textos apóiase, por unha parte, co aportado no caso anterior *Do meu diario* de Castelao: o xornalismo de viaxes é un acreditado exemplo para analizar e describir o pensamento dos autores e a súa visión europeísta e cosmopolita. Por outra banda, o conxunto de artigos que compostos por Risco abranguen, intermitentemente, cinco anos de *Nós*[46], o que indica a gran relevancia dos mesmos e a inxente cantidade de información que reflicten. Ademais, o escritor ourensán é o director literario da revista, o que implica que a súa opinión sobre a Europa do seu tempo é unha achega fundamental para analizar o europeísmo e cosmopolitismo da revista e, por extensión, do Grupo Nós.

4. **Os artigos *Irlanda políteca no século XIX* de Otero Pedrayo e *Irlanda e Galiza* de Vicente Risco:** o acercamento a Irlanda por parte dos homes de Nós é un aspecto capital na traxectoria do grupo, tanto é así que o número 8 da revista dedicouse á figura do alcalde de Cork Terence MacSwiney, tras falecer no cárcere por mor dunha folga de fame co fin de reivindicar a Irlanda no conflicto con Ingleterra. Porén, o número 8 conforma unha edición de *Nós* centrada unicamente en Irlanda. O Atlantismo e o pasado celta son dous piares básicos do pensamento da Xeración, factores que fortalecían a unión co pobo irlandés. No seu texto *Irlanda e Galiza*, Risco detalla as circunstancias converxentes entre as dúas nacións en materia de clima, xeografía ou relixión. Pola súa parte, Otero describe o pasado político de Irlanda durante o século XIX, onde amosa un profundo coñecemento da situación do país. O carácter europeísta da revista *Nós* evidénciase no seu número 8 en homenaxe ao pobo irlandés, porén a análise destes dous textos englobados en dita edición da publicación está xustificada.
5. ***A moderna literatura irlandesa* (3 escritos entre nos número 26, 27 e 28) de Vicente Risco:** no punto anterior explicouse a importancia da relación do Grupo Nós con Irlanda e como esta se reflectiu no conxunto da revista. En *A moderna literatura irlandesa* Risco describe, nun conxunto de tres artigos, o que el denominou no antetítulo como "Da renacencia céltiga". O escritor ourensán

[46] Con comezo o 25 de xullo de 1930 no número 79 e con final no penúltimo número de *Nós*, o 137-138, de maio-xuño de 1935.

retoma as similitudes entre Irlanda e Galicia e, a continuación, compara a situación do gaélico/inglés e o galego/castelán, unha realidade que une máis aos pobos. Risco ofrece unha panorámica da literatura irlandesa do seu tempo, demostrando un gran coñecemento das novidades literarias que xorden fóra de Galicia (neste caso en Irlanda) e reflexionando sobre a súa importancia. En definitiva, este conxunto de escritos albergan un interese especial pola capacidade que amosa *Nós* para recoller as novas culturais que xermolan en Europa e, tamén, polos binomios gaélico/inglés e galego/castelán, circunstancias cunhas concomitancias latentes.

6. ***Portugal e Galizia*:** este artigo sen autor do número 2 de *Nós* fala das relacións entre Portugal e Galicia, unha circunstancia que se manifesta ao longo da revista *Nós*. Este pequeno texto dunha páxina non afonda na figura de Teixeira de Pascoaes ou Leonardo Coimbra, dous personaxes centrais para a relacións entre *Nós* e Portugal, pero si menciona a aquelas persoas e institucións que promoveron o acercamento destes pobos. Isto é, este artigo aínda que non achega un análise profuso, si que aporta unha visión cenital do achegamento entre Portugal e Galicia o que permite dirixir o comentario sobre o europeísmo e cosmopolitismo de *Nós* cara diversos camiños e perspectivas[47].
7. ***A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo* de Vicente Risco:** o escritor ourensán analiza "o problema da historia" a través do Conde Keyserling pero tamén se reflicten as opinión dos grandes pensadores europeos. Como noutros artigos seleccionados previamente, Risco demostra a súa capacidade e o seu coñecemento de moitos dos movementos e correntes que agroman na Europa do seu tempo. Polo tanto, a revista *Nós* evidencia en *A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo* a súa preocupación por todo o que xorde non só preto deles senón fóra das fronteiras de Galicia. O intelectual galego analiza o

[47] Por exemplo, a idea de «dereito cosmopolita», o cal "connota a capacidade de presentarse e ser escoitado dentro e fóra das comunidades políticas, é o dereito a entrar a dialogar sen restricións nin limitacións artificiais" (Held, 2012, p. 50) e que neste artigo manifféstase no interese por crear "un proxecto de futuro no que se habían intercambiar conferencias e actividades culturais de tódolos tipos entre os mesmos. Poñendo o maior énfase na necesidade dun mellor coñecemento editorial" (Molina, 1989, p. 334). Ou, por outra parte, a idea de cosmopolitismo cultural exposta por Held e que xa se indicou previamente.

exposto por Keyserling nun exercicio ensaístico que abrangue temas como as correntes espirituais, a cultura, a técnica ou o progreso. Todos eles argumento máis que válidos para analizar un texto cosmopolita e actualiza ao pensamento do seu tempo.

8. ***Notas encol da paisaxe romántica*** **de Otero Pedrayo:** o escritor ourensán acomete neste artigo a relación entre a natureza e o Romanticismo, dous temas fundamentais ao longo da súa traxectoria vital e literaria. Otero demostra o seu coñecemento do movemento romántico que influíu en case que tódolos ámbitos da Europa do século XIX. Porén, *Notas encol da paisaxe romántica* é unha peza que permite analizar, aínda que sexa a través da natureza, a perspectiva do romantismo no Grupo Nós baixo un prisma europeísta.

# 4. Comentario e resultados

## 4.1. Comentario dos artigos seleccionados

A continuación procederase a analizar os artigos seleccionados no apartado "Metodoloxía" así como caracterizar e describir o cosmopolitismo e europeísmo presentes neles.

### *4.1.1. Do meu diario*

En 1921, grazas á axuda da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (JAE)[48], Castelao viaxa por Europa[49] durante nove meses coa finalidade de "estudar o debuxo humorístico en diferentes países" (Rodríguez, 2009, p. 76). Como describe Olivia Rodríguez, o rianxeiro distribúe o tempo de estancia da seguinte maneira: "permanece cinco en París, entre xaneiro e xuño", "en verán vai facendo curtas estancias en Bruxelas, Gante, Bruxas e Amberes" e "posteriormente entra en Alemaña por Colonia e pasa un mes en Berlín e outro en Munich" (Rodríguez, 2009, p. 75). Tamén visita a cidade alemá de Postdam, preto de Berlín, tal e como se reflicte no número 16 de *Nós*.

O artigo de Olivia Rodríguez que leva por título *Castelao e Vicente Risco na Europa de entreguerras*[50] resulta interesante, non só porque sirva de introdución ás viaxes de ámbolos dous homes de Nós polo continente europeo, senón porque aporta detalles sobre a situación, tres anos despois do remate da Primeira Guerra Mundial (1914-1918), de países como Francia: "Na súa primeira etapa parisina sofre a recesión post-bélica que coincide coa presidencia do socialista Alexandre Millerand (....) A política económica

[48] Ente estatal nado no ano 1907, englobado dentro da Institución Libre de Enseñanza, para promover a investigación e a educación científica en España.

[49] Miguel Anxo Seixas Seoane achega apuntamentos sobre esta travesía de Castelao (2019, p. 805-882) por terras europeas na biografía sobre o autor rianxeiro: Seixas Seoane, M. A. (2019). Castelao. Construtor da nación. Vigo: Galaxia.

[50] Ademais dos artigos publicados na revista *Nós*, Olivia Rodríguez enriquece o seu comentario coas cartas mensuais que Castelao estaba a obrigado a enviar á JAE, así como unha memoria final, xunto con outras publicacións e escritos xurdidos a raíz da aventura europea do rianxeiro. Para máis información de interese sobre a viaxe que non aparece nos artigos de *Nós*, consultar: Rodríguez González, O. (2009, outubro, novembro, decembro). Castelao e Vicente Risco na Europa de entreguerras. *A Trabe de Ouro* , *80*, 75-89.

francesa non pode paliar os efectos da guerra e experiméntase unha forte baixada do franco acompañada dunha suba do 20% nos impostos" (Rodríguez, 2009, p.79). Dita circunstancia tivo consecuencias na aventura francesa de Castelao xa que "viaxa con poucos cartos" e "ve como a deprezación do franco arrastra consigo o valor da peseta" (Rodríguez, 2009, p. 80).

Castelao presenta en *Nós*, a modo de crónica e mediante catro artigos, nos números 10, 13, 16 e 18 a súa andadura por terras europeas apoiándose na crítica das manifestacións artísticas que albisca na gran cantidade de museos, galerías e salóns que visita: o Louvre, o Museo Rodin, ou o Salón da *Societé des Beaux-Arts* en París; o Museo antigo de Pintura e o Museo Wiertz en Bruxelas; o Kaiser Friedich Museum ou o Museo de Arte Novo sito no Kronprinze-Palais en Berlín; entre moitos outros. O artista galego tamén pon o seu ollo noutros referentes artísticos, patrimoniais e culturais que non se atopan entre as paredes dos museos. Tal é o caso de Notre Dame, a Torre Eiffel (sobre a que opinou humoristicamente: "Xa fitei a *Tour Eiffel* que me pareceu unha grua moi grande, moi grande, feita por un inxenieiro. Un moimento erguido âs ideas do século XIX[51]" [Castelao, 1922a, p. 2]), o cemiterio de Pére Lachaise en París; o Manneken Pis en Bruxelas; ou a Catedral de Amberes, entre outros.

Este conxunto de crónicas son un exemplo acreditado do obxectivo da revista *Nós* de construír pontes cara outras culturas[52] sen presentar ningún tipo de mediador entre a cultura galega e o resto de pobos europeos. Castelao demostra que Galicia e o galego son dúas realidades plenamente capacitadas para achegar todo tipo de coñecemento e, en consonancia, son unha identidade e unha lingua que se sitúan á par doutras realidades como poden ser España e o castelán. Ademais, o artista rianxeiro cumpre na súa viaxe e nos seus escritos unha das características esenciais de cosmopolitismo que indica Held:

> "O cerne do cosmopolitismo consiste tamén na *habilidade para estar fóra dun emprazamento singular (o emprazamento natal, a terra, o lugar de crianza ou conversión) e para mediar entre tradicións*" (Held, 2011, p. 61).

[51] Respéctase a ortografía e o léxico orixinal de tódalas citas dos artigos de Castelao que se engadan no presente comentario.

[52] Así o reflicten as *Primeiras Verbas* da primeira edición da revista *Nós*: "Querendo suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as suas páxinas a prestixiosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co' a sua colaboración e tamén ha inofrmar ó púbrico galego do movemento das ideias no mundo civilizado" (1920, p. 2)

Isto é, Castelao demostra a súa capacidade para desenvolverse fóra de Galicia, aínda que sinta «morriña» por regresar e aluda constantemente á terra con continuas comparacións entre ela e todo o que presenza. E, sobre todo, o de Riaxo non escribe como un español nado en Galicia que acode a visitar un pobo foráneo; Castelao obra como una galego que describe as tradicións da súa terra e explica ás doutras culturas (neste caso a arte como o cerne das súas verbas), presentándose, xa que logo, como un mediador. Unha das anécdotas máis curiosas e que reflicten ao Castelao preocupado por coñecer e adaptarse ás novas realidades foi narrada por el do seguinte modo: "Cheguei á Gante. Pillei un coche e díxenlle ó cocheiro que me levase pol-os sitios da sua preferencia" (Castelao, 1922b, p. 3).

**A arte en Castelao: Nación, Tradición e Natureza**

As cavilacións de Castelao durante a súa estancia por terras francesas, belgas e alemás plasmadas en *Nós* encamíñanse, principalmente, cara un destino: a arte debe ter presente os conceptos de nación ("Non pode habere arte que resista o eisamen dos séculos coma non leve o cuño d' unha nacionalidade" [Castelao, 1922a, p. 8]), tradición e natureza. Neste senso, o escritor galego móstrase contrario a aqueles pintores que non erixen a súa obra tendo en conta as súas orixes, as cales permites que sexan diferentes (Castelao rememora esa famosa frase de Vicente Risco "ser diferente é ser existente"). Porén, Castelao non se arreda de criticar a artistas capitais na historia da pintura como Pablo Picasso: "É o artista máis desacougador que hay en Paris, catalán âs veces, andaluz outras, o caso é que os franceses xa son donos do seu xenio"(Castelao, 1922a, p. 6).

Agora ben, o de Rianxo non considera que as diferentes representacións artísticas sexan excluíntes por presentar trazos nacionais ou propios de cada pobo: "Unha obra d' Arte é unha obra d'Arte en calquera pobo que sexa" (Castelao, 1922a, p. 4). O que expresa Castelao ao longo dos catro artigos enmarcados en *Do meu diario* é que o nacionalismo na arte e, por extensión, noutros eidos non implica unha negación do principio de universalidade senón máis ben, permite que os artistas manifesten diferenzas entre eles apoiándose nas súas orixes e tradicións; en palabras do propio Castelao:

> "E velahí unha boa mostra da mentalidade hespañola: non decatándose que «compre seren difrentes para seren eisistentes» e tomando ô revés a frase de que «o arte non ten fronteiras» cand' os hespañoes veñen á Paris e esquecen a sua xenuina maneira, coidando ¡malpocados! Que con iso son máis universaes, cando de certo non pasan de

> parisinos de boulevar, qu' é xustamente o que refusan os franceses que pensan e traballan. Iles coidan que cosmopolitismo é sinónimo de universalismo". "Ademetindo que sere parisino de boulevar é sere cosmopolita, se todos nos fixésemos parisinos de boulevar ¿qué sería do mundo? O xeito especial de Paris é de que n-il conviven as xentes de tod' o mundo e o arte de todal-as terrasl, todol-os vicios e todal-as virtudes. Pra sere notado en Paris ¡moi eisótico ten que sere un! Cando se nasce n' un ambente cosmopolita entón compre diferenciarse c' unha peluca verde, poño por comparanza; mais cando un é diferente de seu, e leva na y-alma o xenio d' unha Terra, resulta parvo aparecer en Paris ô xeito de *tipo-medio* de boulevar" (Castelao, 1922a, p. 4).

Polo tanto o artista galego achégase ao expresado por Held en canto a cosmopolitismo cultural:

> "O cosmopolitismo cultural non está defrontado coa cultura nacional; non nega a diferenza cultural, nin a significación perdurable da tradición nacional. Non vai contra a diversidade cultural" (Held, 2011, p. 60).

Por outra banda, o home de *Nós* exterioriza no papel as súas inquedanzas acerca da presenza da natureza nas manifestacións artísticas. "Pintal-o *albre* é non coñecel-a Natureza e co-a iñorancia nada se pode faguer" (Castelao, 1923a, p. 2), di Castelao. Isto é, o artista galego considera que é indispensable ao crear unha obra artística, por exemplo, que unha árbore non sexa un concepto global que englobe a todos os tipos das mesmas. Castelao afirma que el non pinta unha árbore en xeral senón unha ameixeira, ou un carballo, ou unha figueira. Este amor pola natureza cobra vida na súa viaxe cando acode a un bosque de Berlín: "Pasei o domingo en Grunewald fartándome de Natureza" (Castelao, 1923a, p. 6).Semellan unhas palabras de desafogo tras unha experiencia que non o agradou moito: "Deixo Berlín sen migalla de sentimento. Non levo na memoria nin malas nin boas lembranzas" (Castelao, 1923a, p. 7).

Por último, Castelao non é quen de afrontar a arte sen a tradición (aspecto que garda certa relación co primeiro: a nación):

> "Os belgas pintores teñen esquecido de todo a sua tradición e non se atopa un soio que faga arte nazonal. Pintan encoiros ó xeito de Paris, paisaxes impresionistas e cadros grandes que cheiran á *envíos de Roma*. Todos falan francés c'un acento detestabel que os convirte en parisinos de terceiro orden. Pol-o de agora paréceme que saín de Francia pra meterme n-unha colonia espritual de Paris" (Castelao, 1922b, p. 2-3).

O escritor galego critica que en países como Bélxica se practique unha arte francesa e que se esqueza a tradición da cultura belga. Castelao, ao longo dos artigos, amósase favorable a unha composición artística baseada nas tradicións de cada pobo, reiterando sempre, que é o que o fai diferente e non achegarse a movementos como o Dadaísmo ("Farteime de rîr n'unha eisposición *dadaista*" [Castelao, 1922a, p. 7]) ou o Cubismo, os cales rexeita. Isto é, Castelao afástase do chamado "arte novo" e achégase á pintura "primitiva", onde se respectan as tradicións: no Museo antigo de Pintura de Bruxelas o escritor rianxeiro gaba aos cadros primitivos con estas palabras "Un ben-estar que non se pode decir é o que me leva ó Museu mañán e tarde" (Castelao, 1922b, p. 3). Por conseguinte, Castelao evidencia o seu cariño e a súa admiración pola pintura flamenga: "Iste antusiasmo meu, convertido en amor (o arte primitivo flamengo nasce da Gracia mais que da Beleza) levareino conmigo á miña Terra e queira Deus que floreza" (Castelao, 1922b, p. 3). E finalmente, tras contemplar o políptico dos Irmáns Van Eyck, manifestar en *Do meu diario* as súas preferencias artísticas en *stricto sensu*: "Deica hoxe non hai pra min mais que duas obras definitivas: o *Pórtico da Groria* do méstre Mateos e a *Adoración do Año místico* dos Van Eyck" (Castelao, 1922b, p. 4). Outra vez, Galicia como eixe que se comunica con outras culturas.

**Castelao e o xornalismo de viaxes**

As crónicas que Castelao publica en *Nós* sobre a súa andaina europea poden encadrarse no chamado xornalismo de viaxes. Dita práctica xornalística alberga uns precedentes remotos no chamado "Grand Tour", as travesías que emprenderon os mozos aristócratas do século XVII a través de Europa con fins educativo, nas que tomaban anotacións. Ademais, "é especialmente no século XVIII e XIX cando se observa un maior incremento deste tipo de literatura especializada en viaxes e aventuras con valiosas aportacións de escritores como Montaigne, Bacon, Lord Byron, Francisco Renato de Chateaubriand, etc. (...)" (Esteve e Fernández del Moral, 1998, p. 253). No século XX esta práctica xornalística estendeuse debido a acontecementos como a Exposición Universal en 1900. Esta realidade é un antecedente do turismo moderno de masas que fomentou unha actividade xornalística centrada na descrición de viaxes por diferentes países e culturas, tan de moda hoxe en día, e que, nalgúns casos, son remitidas nun ton persuasivo para que os lectores acometan as travesías.

De por parte, os escritos do artista rianxeiro son unha crónica na que expresa nitidamente a súa opinión e aínda que explore outras culturas, tradicións e estilos de vida, non é o cerne dos artigos. O aspecto cultural é claramente a fin última da súa crónica polo que é xustificable englobar os seus textos nun xornalismo de turismo cultural: "intenta fomentar as actividades culturais de coñecemento a través de visitas museísticas, rutas monumentais, ciclos de conferencias e congresos, (...), etc. (Esteve e Fernández del Moral, 1998, p. 251).

Así como no "Grand Tour" reflíctese un carácter europeísta por mor de mostrar un interese en viaxar polo continente nun marco educativo, o xornalismo de viaxes evidencia un claro cosmopolitismo xa que, principalmente, centra a súa atención en amosar as diferenzas entre culturas, valorándoas e dignificándoas.

Nas súas anotacións, Castelao amosa o seu carácter cosmopolita e o seu interese por coñecer idiomas. O escritor galego emprega unha gran cantidade de termos franceses tales como *metier*, *souvenir*, *natures-mortes*, *avant-garde*, etc., que enriquecen a crónica e son evidencias da súa posta ao día; incluso inserta no texto frases en francés. En Colonia intenta comunicarse coa xente a pesar de non coñecer o idioma a través dun manual de conversa de alemán, circunstancia que nos tempos actuais pode ser motivo de crítica pero é preciso lembrar que estas viaxes producíronse na década dos 20 do século pasado, nun intre en que aprender idiomas non estaba a orde do día e non existían ferramentas como internet para facilitar certas situacións.

Non obstante, o home de *Nós* non destaca por practicar un xornalismo no que teñan voz as fontes (aínda que, por suposto, tampouco pretende iso nas súas crónicas), quizais como consecuencia dunha certa "timidez" que evidencia ao longo da viaxe, como tamén destacou Olivia Rodríguez no seu artigo *Castelao e Vicente Risco na Europa de entreguerras* (2009, p. 81). Castelao menciona algunha conversa, pódese dicir que trivial, cun millonario suramericano, cun cocheiro en Gante ou cun pintor cubista en París, entre outras; ora ben, o rianxeiro non dá cabida nos seus escritos ás relacións persoais co fin de crear o seu relato senón que acode a un ton introspectivo.

Por outra parte e sen querer manifestalo[53], Castelao é persuasivo á hora de evocar no papel os seus pensamentos. Como afirma Olivia Rodríguez: "É curioso: nunca está

[53] A intención de Castelao é claramente amosar as súas apreciacións e inquedanzas sen ningún tipo de connotación.

conforme con nada, case todo o desgusta (Ibidem: 76), e mesmo cando acode a conferencias de arte, no Collège de France ou no Louvre, di saír desencantado" (2009, p. 80). Sen dúbida, o escritor do Grupo Nós evidencia en numerosas ocasións ao longo dos catro artigos a súa incomodidade en cidades como París ou Berlín. En troques, na súa visita a Munich, Castelao muda o seu discurso completamente: "Munich é un pouco da cibdade dos meus soños" (Castelao, 1923b, p. 1). Ademais, manifesta a súa preferencia pola cultura bávara:

> "A cultura interior dos alemáns, por exemplo, non ten o romanticismo pechado na ucha dos segredos e foi por iso que xurdeu eiqui unha «mística do corazón» cando en París xurde unha «mística da cabeza»" (Castelao, 1923a, p. 2).

A actualidade é un dos piares básicos do xornalismo e nos artigos de Castelao tamén se evidencia ese interese e preocupación polos novos sucesos. Durante a súa travesía por Europa o artista galego narra unha noticia sobre arte que aparece nos xornais franceses e, tras consultar diarios españois postos a venta en Bélxica, ten constancia do Desastre de Annual.

En definitiva, podemos enmarcar os artigos de Castelao nunha crónica de turismo cultural, aínda que o fin da súa viaxe albergaba un carácter educativo. Ademais, o escritor rianxeiro amosa o seu carácter cosmopolita, contactando e facendo de intermediario para os galegos coa cultura belga, francesa ou alemá pero tamén outras presentes nos museos das cidades que visita: a xaponesa, a chinesa ou a rusa.

### *4.1.2. Dos nosos tempos*

No primeiro número da revista *Nós* en outubro de 1920, Florentino López Cuevillas publica un dos textos máis significativos para coñecer a Xeración Nós da man dos seus protagonistas: *Dos nosos tempos*. Este pequeno ensaio de dúas páxinas elaborado polo intelectual ourensán representa unha clara autobiografía dos homes do «Cenáculo Ourensán» nos seus tempos mozos, antes de atopar o camiño do galeguismo. Os outros integrantes deste grupo, Vicente Risco e Otero Pedrayo, tamén deixaron a súa pegada autobiográfica en dous textos. Por un parte, o ensaio *Nós, os inadaptados* de Vicente Risco publicado na revista *Nós* no número 115 o 25 de xullo de 1933. Por outra parte e nun ton diferente, Otero Pedrayo manifestou o seu pensamento e inquedanzas

(aplicables aos outros membros do «Cenáculo Ourensán») na novela de 1930 *Arredor de sí*, unha obra onde se ficciona a non-ficción, práctica corrente naquel intre na literatura europea como afirma Ramón Villares:

> "Os escritores da época da transición entre os séculos XIX e XX foron moi dados á producción de obras ou romances nos que se contaban os procesos seguidos na súa formación persoal e, mesmo, xeracional. O grupo galego da xeración *Nós* non se aparta desta tendencia, pois dous dos seus membros máis relevantes deixaron escrita a súa autobiografía intelectual (persoal, pero tamén xeracional), como acontece co romance oteriano *Arredor de sí* (1930), ou o ensaio risquián *Nós, os inadaptados* (1933), onde expresamente se reenvía o lector para o texto oteriano" (Villares, 2002, p. 40).

Regresando ao ensaio de Cuevillas, *Dos nosos tempos* pode definirse, sen dúbida, como un texto fortemente europeísta. O ourensán manifesta a súa preocupación polo futuro de Europa trala Primeira Guerra Mundial (1914-1918) e pola chegada do réxime socialista a Rusia, país polo que amosa a súa admiración debido á súa literatura (Cuevillas, 1920, p. 12). O conflito bélico é un dos eixes que vertebra o ensaio e mediante o cal Cuevillas critica o afán imperialista, o interese económico que derivou en cobiza e avaricia ou o militarismo.

Así mesmo, o ensaio denota un ton cosmopolita de achegamento a outras culturas, non só europeas senón tamén orientais na procura da espiritualidade, circunstancia evidenciada nesta fermosa metáfora: "E namentres que nós, entocados nas nósas torres de marfin, ben acochados no himatión dos gregos, no albornoz dos árabes, ou nas túnecas d' Oriente, viviamos pensando no que xa pasou[54]" (Cuevillas, 1920, p. 12). Nesta frase, o escritor ourensán evoca a alegórica «Torre de Marfil», atmosfera referida ao illamento intelectual que experimentaron Cuevillas e os seus compañeiros do «Cenáculo Ourensán», arredados do mundo que lles tocou vivir e agochados na literatura:

> "Sentiamol-os mozos qu' enton principiabamos á nos interesarmos pol-a literatura, un noxo fondo e forte por todol-os problemas que xa n-aquil tempo facían pendurar sobre do peito as testas dos homes serios" (Cuevillas, 1920, p. 12).

Neste senso, Cuevillas enuncia as preferencias literarias que el e os seus compañeiros mantiveron durante a súa xuventude: "decadentismo, simbolismo, nephelibatismo"; e, como mencionamos previamente, a súa admiración pola literatura rusa. Lecturas que

[54] Nas citas extraídas do artigo respectaráse o texto orixinal na súa totalidade.

influíron profundamente nestes tres homes do Grupo Nós e condicionaron a súa visión de Europa.

**Cuevillas e Europa, cuestión de harmonía**

No libro *Europa: una aventura inacabada* do sociólogo e filósofo polaco Zygmunt Bauman, atopamos unha serie de claves que nos achegan á concepción europeísta manifestada por Cuevillas en *Dos nosos tempos*.

Nas derradeiras verbas do ensaio, o ourensán móstrase optimista de cara o futuro de Europa:

> "Eu creio pol-o tanto que dentro d' unhos anos, a Europa inteira ha ser un campo d' esprimentación de sociedades futuras, e creio tamén que pr' ó desenvolvemento da humanidade, esta ha ser cousa útil e boa, do mesmo xeito que é boa que os nenos boten os dentes ou que os paxaros muden a pruma. O que non impide que n-ises intresantes periodos das suas vidas, o paxaro non cante, y-o neno berre adoecido de doores" (Cuevillas, 1920, p. 13).

De por parte, ditas anotacións de Cuevillas gardan relación coa idea de Europa exposta por Bauman: "Europa non é algo que se descubre; Europa é unha misión: algo que se fai, se crea e se constrúe (2006, p. 13). Isto é, o escritor ourensán considera que Europa, trala destrución e o sufrimento padecidos á raíz da Gran Guerra, debe recompoñerse, é dicir, asumir unha misión (en termos de Bauman) de construír o ideal europeo. Ademais, a proxección dunha Europa mellor que acadará o desenvolvemento da humanidade, é unha característica propia do ser europeo segundo Bauman, a necesidade de superar a realidade vivida no presente:

> "Tal vez o único elemento constante que fixo da historia de Europa unha historia coherente e á fin cohesiva foi o espírito utópico que é endémico a súa identidade, unha identidade eternamente inalcanzada aínda, enoxosamente elusiva e sempre en desacordo coa realidade dos seus tempos" (Bauman, 2006, p. 59).

Cuevillas, ao longo do pequeno ensaio, emprega un ton crítico para describir a situación de Europa nos últimos anos do século XIX e primeiros anos do século XX. O escritor galego amosa o seu desapego cara o industrialismo (invencións e enxeñaría en palabras do propio autor), exemplificándoo en figuras como os irmáns Wright ou Marconi e en potencias nacionais como os Estados Unidos. Cuevillas tamén é contrario ao

comunismo que se afianza a comezos do século XX en Rusia, xa que o ve como unha ameaza para a súa (e a do seu grupo de intelectuais) liberdade individual. E, por último, co que máis se amosa crítico Cuevillas é coa guerra, coas súas causas e coas súas consecuencias. O de Ourense considera que o conflito bélico agocha unhas ansias imperialistas "qu'armou ás naciós as unhas contra das outras" (Cuevillas, 1920 p. 13); ademais, ese militarismo está promovido por un devezo de riqueza económica que tingue a guerra dun falso patriotismo. Porén, debido ao criticismo que invoca Cuevillas en *Dos nosos tempos*, achégase aínda máis ao europeísmo que describe Bauman (2006, p. 185):

> "Ao ir a 'Europa que existe' dalgunha maneira sempre á zaga da Europa que a Europa quería ser, esa noción fixo aos europeos inherentemente críticos e auto-críticos"

Agora ben, o escritor ourensán introduce no artigo pequenas pinceladas que inducen a pensar que a crítica do seu tempo presente xorde porque ve con mellor ollos o pasado:

> "(...) Os refuxados nos tempos pasados, tivemos que ollar orredor de nós, e vimos ós que foran nósos ídolos, os homes-cumes da Francia, da Ingraterra e da Alemaña aldraxábanse escudados n-un patriotismo de feira, vimos coma caian catedrás, pazos e castelos, e vimos coma no fondo das trinceiras ficaban atuados os soños d' internazonalismo e de paz..." (Cuevillas, 1920 p. 12).

E, máis adiante, evidencia que a Primeira Guerra Mundial pende dunha xustificación definida por argumentos baleiros, afastada doutros ideais pasados:

> "Son outros tempos, outros homes e moi distintal-as ideas. A mais de que, dal-a vida pol-a fe xurada a un Dios, ou defendendo a sagrada testa d' un rei ausoluto, é moi diferente que cair pelexando pol-os intereses d' unha Federación ou d' un Trust, ou defendendo as persoas de Millerand ou Lloyd George, que nada teñen de sagradas" (Cuevillas, 1920, p. 13).

En definitiva, a harmonía do ideal europeo de Cuevillas vese corrompida polos sucesos históricos do seu tempo. Un texto europeísta e dun ton universal e pacífico como é *Dos nosos tempos*, non se esqueceu de Galicia aínda que non apareza citada directamente. Se lemos entre liñas o pequeno ensaio autobiográfico dos homes de Nós, podemos imaxinar que as seguintes verbas de Cuevillas aluden á súa entrada no galeguismo (a cal fixo descender ao «Cenáculo Ourensán» da metafórica «Torre de Marfil»):

> "E diante do espeutáculo d' unha Moscovia co traballo obrigatorio nas fábricas, coa cencia oficial levada ós últemos estremos, c' un teatro e un arte sociás, pousamol-o himatión dos gregos, o albornoz dos árabes y-as túnecas d' Oriente, e vestindo a chaqueta demos en ollar afincadamente orredor de nós, y-esí estamos, y-esí estou..." (Cuevillas, 1920, p. 12).

### *4.1.3. A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo*

No número 33 de *Nós* do 15 de setembro de 1926, Vicente Risco publicou o ensaio *A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo*, un texto no que analiza o "problema" da historia e a interpretación desta apoiándose nas ideas do Conde Hermánn Keyserling. Os pensamentos do filósofo estoniano áchanse nunha posición intermedia entre o exposto por Oswald Spengler, quen sostén que "a historia desenvólvese en orgaismos culturás, interdependentes que teñen o seu ciclo pechado d'evolución" (Risco, 1926, p. 2), e de H. G. Wells, quen afirma que "a historia desenvólvese n'un progreso sen fin, a través de moitas variedades aicidentás" (*Ibíd.*). Como explica Risco, as ideas de Spengler adoptan unha posición pluralista que se basean nunha "disposición espiritual" afastada do racionalismo e o positivismo (Risco, 1926, p. 3).

Pola súa parte, Risco non soamente describe o exposto por estes autores senón que emprega un ton analítico e crítico, aportando a súa opinión fundamentada e argumentada. Emporiso, é xustificable afirmar que o escritor ourensán sitúase con este ensaio nun chanzo próximo, en calidade de intelectual e coñecedor ha historia, aos pensadores europeos contemporáneos dos seus días. Neste senso *A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo* é un artigo que aproxima aos galegos a través da revista *Nós* a situación do "problema" histórico-cultural en base aos pensamentos europeos máis actualizados naquel momento, isto é, Risco achega a Galicia á Europa e ao resto do mundo e viceversa, elaborando un exercicio de análise e explicación propio dos eruditos do seu tempo.

Ademais dos pensadores citados, Vicente Risco menciona outros autores que manifestan ideas semellantes á Spengler, que se mostran contrarios ao intelectualismo (é dicir, o racionalismo) e á "civilización mecánica"; tales persoeiros son, en palabras de Risco:

> "As figuras mais sinificativas da Alemaña moderna, Walter Rathenau, Joham Müller, Rudolph Steiner, o teósofo de quen xa m'ocupei en NÓS, Luduvig Klages, o grafólogo

> de Zurich, o poeta Sthepen George, o filósofo «aktivista» Kurt Hiller, repersentan esta direición" (1926, p. 3).

Ao longo de *A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo*, o home de Nós aporta unha gran cantidade de argumentos, exemplificados na enumeración de pensadores e escritores, para xustificar que Risco é un gran coñecedor dos movementos e correntes filosóficas da súa época (e tamén dos tempos pasados) así como da historia, configurando, de tal xeito, un texto europeísta e cosmopolita. Co fin de amosar a gran variedade de nomes que enuncia Risco e co fin de argumentar a profundidade de documentación que emprega, achegamos outros exemplos dos persoeiros que cita Risco: o filósofo polcaco Józef Maria Hoene-Wroński, o filósofo escocés John Stuart Mill, o escritor francés Charles Bernard Renouvier, o filósofo Henri Bergson ou o polaco Wincenty Lutosławski, entro outros. En palabras do político galeguista Xosé Manuel Beiras:

> "Risco, como inteleitual, está ó día, atento á derradeira novedade, á curiosidade máis abaladiza. O mesmo fala de Teixeira de Pascoaes, que de Le Corbusier, que do poeta armenio Hrand Nazariantz" (1968, p. 166).

**A crítica ao racionalismo e a técnica, unha tónica en *Nós***

O cerne do artigo publicado na revista *Nós* é a crítica ao racionalismo, ao mecanicismo, ao positivismo e á técnica. Dita realidade áchase presente en *Nós* en moitos dos seus artigos, pertencentes a diferentes autores, polo que podemos afirmar que é característica afín entre os homes da xeración. Poñamos por caso os textos *Do meu diario* de Castelao ou *Dos nosos tempos* de Cuevillas onde se reflicte dita cuestión.

Regresando ao ensaio de Risco, o escritor ourensán expón, baseándose nas ideas de Spengler e Keyserling, que o culpable da "decadencia de Occidente" e do resto de culturas é o racionalismo:

> "Cultura é unha forma de vida, espresión imediata do esprito. Non somentes a cultura oucidental, senón todal-as culturas tradicionás están en decadenza. Isto acontece porque o acento que dá senso â erduma da y-al pasou do intransferibre (a parte irracional, instintiva, sensitiva, do noso ser) ô transferibre, ou sea, ô inteleito racional; a conciencia centrouse n-il e arredouse do tradicional. O froito caraiteirístico do intelecto é a técnica: as máquinas, o qué, sendo evidente pra todos, vaise adonando do mundo inteiro, e matando a cultura tradicional en todos lados" (1926, p. 6).

Neste senso, Risco considera que os defensores do racionalismo non asumen certas influenzas no home derivadas da natureza, tal é o caso da "indución astral", do "medio xeográfico", da "herdanza fisiolóxica e psíquica", da "tradición e a herdanza espiritual" e do "ambiente social" (1926, p. 6). O escritor ourensán explica que Keyserling si atende a ditas cuestións (xa explicamos previamente que o pensador estoniano manifesta unha postura intermedia) e englóbaas en "infruxos cósmicos" e "herencia", aínda que cre no progreso, relacionado coa técnica. Dita crenza, opina Risco, desenvólvese "co-a sinxela, co-a inxenua fé do Conselleiro Pinto Porto d'Eça Queiroz, ou do Dr. Molécola de Otero Pedrayo" (1936, p. 8).

O home de Nós outórgalle unha importancia capital á tradición, á espiritualidade e ao medio xeográfico na interpretación da historia, realidades que inflúen nos seres humanos. Ditos aspectos non serán exclusivos da figura de Risco xa que Otero, Castelao, Cuevillas e gran parte dos colaboradores da revista reflectirán, en moitos dos seus artigos, a súa crenza na tradición e na herdanza espiritual, así como o influxo da natureza e da xeografía na idiosincrasia dos homes. Non obstante, os autores do estudo consideramos que a ideoloxía de Risco non se basea nun pensamento tradicionalista senón, como xa indicamos no comentario de *Nós, os inadaptados*, achégase á figura do «antimoderno» que Antoine Compagnon describiu na súa obra homónima:

> "Os antimodernos –non os tradicionalistas polo tanto, senón os antimodernos auténticos- non serían máis que os modernos, os verdadeiros modernos, que non se deixan enganar polo moderno, que están sempre alertas" (Compagnon, 2007, p. 12).

Risco non nega á técnica na súa totalidade en *A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo,* senón que avoga por non situala enriba de ningún outro valor e a tratala como "un mal necesario, e a defender da sua noxenta brutalidade canto represente un valor de cultura" (Riso, 1926, p. 9). É dicir, en palabras de Compagnon, o ideólogo de Nós sitúase nunha posición vixiante, "en alerta", sen aceptar todo progreso técnico, científico ou mecanicista que xorde na sociedade.

Por outra parte, Risco considera que a ciencia, ao partir da observación para estudar fenómenos que se repiten co fin clasificalos, posúe un factor de homoxeneización, circunstancia á que opón polo seu individualismo e porque o home "ten sobr'os demais axentes o privilexio da autodeterminación". Isto é, o home de Nós sempre defendeu o axioma enunciado por el mesmo "ser existente é ser diferente"; emporiso, Risco

amósase contrario á ciencia pola súa busca de atopar trazos homoxéneos entre os seres humanos en vez daquelas características que os fan ser exclusivos.

En definitiva, o ensaio de Risco reflicte o seu carácter europeísta e cosmopolita ao manifestar a súa preocupación polo pasado e o porvir de Europa e o resto de culturas, situando a Risco nun chanzo próximo aos intelectuais. Ademais, móstrase crítico (unha das características que segundo Zygmunt Bauman define aos europeos porque perseguen unha Europa que sempre camiña por diante do desexado [Bauman, 2006, p. 185]) con algunhas das ideas dos pensadores que cita, repudiando o racionalismo, a técnica ou o positivismo. En troques, defende a tradición e á herdanza espiritual. Un Risco antimoderno:

> "Non atopariamos mellor definición do antimoderno que como moderno arrastrado pola corriente da historia, pero incapaz de gardar loito polo pasado" (Compagnon, 2007, p. 21).

### *4.1.4. Nós, os inadaptados*

O 25 de xullo de 1933 publícase o número 115 da revista *Nós*. Unha edición especial, non só porque coincidía co Día de Galicia senón porque viu a luz o ensaio máis famoso das páxinas de *Nós*: *Nós, os inadaptados* de Vicente Risco. O texto do escritor ourensán describe a travesía dos homes de Nós desde a súa etapa inicial, illados da sociedade na metafórica «Torre de Marfil» enunciada por Cuevillas en *Dos nosos tempos* e, descritos en palabras do propio Risco como "individualistas, inadaptados, antigregarios, introvertidos" (1933, p. 26); ata a súa chegada á causa galeguista como fin último da súa viaxe: "Adentro de nós, constituíndo o máis fondo do noso ser, estaba a y-alma de Galiza" (1933, p. 27).

Tras o ensaio *Dos nosos tempos* de Cuevillas (1920) e a novela de Otero Pedrayo *Arredor de sí*[55] (1930), Risco presenta en *Nós* a súa visión persoal sobre o periplo dos homes do «Cenáculo Ourensán» na descuberta de Galicia. Neste senso, o ensaio

[55] En relación a esta novela é interesante rememorar a declaración feita por Otero Pedrayo a Víctor Freixanes sobre a personaxe principal de *Arredor de sí*: "Adrián Solovio, o protagonista do libro, son eu e somos todos os mozos que atopamos Galicia por aquelas datas: Castelao, Lousada, Risco, Cuevillas, cada quen cas súas diferencias" (Freixanes, 1982, p. 22).

autobiográfico *Nós, os inadaptados* apunta, remite e referencia á obra de Otero Pedrayo, como o alicerce descritivo da xeración:

> "A resposta está dada, moito millor do qu' eu poidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na sua novela *Arredor de sí*. *Arredor de sí*, mais qu'unha novela, é a autobiografia non d'un soio home, senón d'un agrupamento, case d'unha geración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao qu'eu pertencín tamén" (Risco, 1933, p. 26).

Ademais, desde as primeiras verbas o escritor galego esclarece que a *Nós, os inadaptados* é un ensaio que describe as características dos homes da súa xeración:

> "Presento eiquí non *frente a*, senón *diante de* a gente moza que ven atrás de nós na renacencia galega, certos supostos viventes no cerne do sistema de coincidenzas dos homes do meu tempo" (Risco, 1933, p. 19).

**A negación do cosmopolitismo en *Nós, os inadaptados***

O presente comentario, como o resto dos elaborados neste estudo sobre a revista *Nós*, pretende analizar o carácter europeísta e cosmopolita da publicación galega. Emporiso, resulta imprescindible comezar esta revisión de *Nós, os inadaptados* recuperando as verbas do propio Risco referidas a ditos aspectos:

> "Non eramos, crar' está, internacionalistas nen cosmopolitas. Internacionalismo, cosmopolitismo, desaparición das fronteiras, fraternidade universal, eran ideias que pertencían â bagage dos outros, dos filisteus"(1933, p. 22).

Estas anotacións do escritor ourensán negan, a primeira vista, a nosa hipótese principal do traballo. Porén, é preciso puntualizar as súas palabras. En primeiro lugar, o home de Nós considera o cosmopolitismo como unha "desaparición de fronteiras", sen ter en conta outro tipo de consideracións acerca desta realidade. O sociólogo británico David Held sostén que non existe unha única forma de definir ou unificar o cosmopolitismo (Held, 2012, p. 27). Porén, a idea de cosmopolitismo que podemos extraer do escrito por Risco é a dun mundo habitado por unha única sociedade e non por persoas agrupadas en nacións, pobos ou culturas. Isto é, o intelectual ourensán considera no fragmento de *Nós, os inadaptados* anteriormente referido que a súa concepción de cosmopolitismo é a igualdade entre todos os habitantes da Terra e que non existan

trazos distintivos entre os pobos[56], é dicir, só unha cultural global ou internacional (feito que, claramente, Risco rexeita xa que ten interiorizada profundamente a súa frase "ser diferente é ser existente).

Ora ben, atendendo ao exposto por Held: existen diversas concepcións do cosmopolitismo. Polo tanto, o que manifesta Risco no seu ensaio autobiográfico e, por suposto, o que achamos ao longo de tódolos artigos de *Nós*, axéitase a outras ideas de cosmopolitismo aínda que o ourensán negue a súa relación con tal concepto. Como explica Held:

> "Kant vinculou a idea do cosmopolitismo á concepción innovadora do «uso público da razón» e explorou as formas na que esta concepción da razón podía xerar un punto de vista crítico desde o que examinar a sociedade civil" (2012, p. 49).

Podemos dicir que Risco non aplicou dita circunstancia ao longo da súa traxectoria vital, literaria e xornalística, inclusive en *Nós, os inadaptados*? Por suposto que non. Neste senso, canto máis afondamos na explicación que Held elabora sobre o exposto por Kant, máis nos achegamos á labor de Risco e do resto do Grupo Nós:

> "Kant concibe a participación nunha sociedade cosmopolita (*weltbürgerlich*), en lugar dunha civil (*bürgerlich*), como un dereito –o dereito a entrar nun mundo de diálogo aberto, non coaccionado- e adapta esta idea á formulación do que el chama «dereito cosmopolita» (Kant, 1970, p. 105-8, citado en Held, 2012, p. 50). O dereito cosmopolita connota a capacidade de presentarse e ser escoitado dentro e fóra das comunidades políticas, é o dereito a entrar a dialogar sen restriccións nin limitacións artificiais" (Held, 2012, p. 50).

Esta idea de cosmopolitismo reflíctese tanto nas *Primeiras Verbas* da primeira edición da revista *Nós*: "Querendo suprimir entremediarios antr'o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as suas páxinas a prestixiosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co'a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideias no mundo civilizado" (1920, p. 2); como ao longo de numerosos artigos da revista, poñamos por caso *Portugal e Galizia* do número 2 de *Nós*, onde os responsables da publicación amosan o seu interese en seren

[56] Isto é: a homoxeneización. Sobre este asunto véxase Appadurai, A. (1990). Disjuncture and difference in the global cultural economy. *Public Culture, 2*(2), 1-24; onde se salienta que a "globalización cultural non é o mesmo cá homoxeneización" (1990, p. 9) e onde se trata o tema da da absorción cultural polas políticas de escala máis grande que promova a homoxeneización.

escoitados en Portugal e os portugueses en Galicia, un intercambio, como escribe Kant, "sen restricións nin limitacións artificiais". Polo tanto, a concepción kantiana de cosmopolitismo resulta innegable nas páxinas de *Nós*.

Por outra parte, Risco e as páxinas da revista manifestan outra das realidades cosmopolitas que nos explica Held:

> "O cosmopolitismo cultural deberíase entender á maneira de capacidade para mediar entre culturas nacionais, comunidades de destino e estilo de vida alternativos. Abrangue a posibilidade de diálogo coas tradicións e discursos doutros con fin de expandir os horizontes do marco de prexuízo e significado propio" (Held, 2011, p. 60).

Como se demostrou ao longo do estudo e cunha simple ollada á escolma de artigos de *Nós* elaborada previamente, a revista e os seus responsables tendéronlle a man a unha multitude ampla de culturas nacionais, ás súas tradicións e aos seus discursos. Incluso Risco en *Nós, os inadaptados* expón que as numerosas lecturas universais influíron tanto nel como nos homes da Xeración Nós:

> "O noso esprito zugou d'esas fontes[57] unha ideología vaga, non ben determiñada, cecais contraditoria, qu' entrou en nós fondamente e pra sempre, e pouco a pouco, paseniñamente foi collendo corpo e determiñou o qu' habíamos ser, pensar e sintir" (1933, p. 20).

Emporiso e trala exposición dos anteriores argumentos, é xustificable evidenciar o carácter cosmopolita de Risco, de *Nós, os inadaptados* e da revista *Nós*. Ora ben, a idea de cosmopolitismo que expresa o intelectual ourensán no ensaio é certo que non concorda coa ideoloxía dos homes de Nós xa que sempre amosaron a súa prioridade por seren diferentes e non pertencer a unha sociedade única e global, senón a un mundo de nacións, pobos e culturas con características propias.

**As influenzas dos homes de Nós**

En *Nós, os inadaptados* Risco afirma que Huysmans foi un dos seus mestres e que se formaron dunha maneira autodidacta. Neste senso, o ourensán expón que coñecían ben o francés e que sabían "algunhas verbas inglesas" (Risco, 1993, p. 20). O escritor galego describe no seu ensaio as preferencias literarias dos homes de Nós durante a súa

[57] Refírese ás lecturas.

mocidade, as cales resulta interesante enunciar na súa totalidade e en palabras do propio Risco:

> "D'Inglaterra, liamos en traduciós a Ruskin, Carlyle, Swimburne, Rosetti, e dos escritores de lingua ingresa, por riba de todos, a Edgar Poe. Mais ja digo, as nosas leituras predomiñantes eran francesas[58]: en poesía, Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, Rimbaud, Laforgue; en novela e conto, Huysmanns, Péladan Jean Lorrain, Rachilde, na críteca, Remy de Gourmont; no teatro, Maeterlinck. Ainda n'isto tiñamos a Ibsen e mais a d'Annunzio, úneco italián qu'entraba na nosa preferencia. Os nosos filósofos eran Nietzsche, e algúns místecos que nos descobría Maeterlinck, como Ruysbroeck o ademirábele, Novalis, Emerson, Ernesto Hello. Despoixas procurábamos outros escritores mais raros ainda: León Bloy, o Conde de Láutreamont. Dos exóticos, Omar Khayyan de Nischapur, e mais tarde Rabindranath Tagore. Hespañol, moi pouco: Ganivet, por riba de todo, e os primeiros modernistas; dos portugueses, Eça de Quieroz, Lopes Vieira, e principalmente Eugenio de Castro; algús catalás Maragall, o Xenius[59] da primeira época, o esquecido Diego Ruíz. D'América, Rubén Darío e algús argentinos raros que non lembra ninguén" (1933, p. 20).

Como se pode apreciar, os intereses de Risco e os seus compañeiros eran fundamentalmente europeos, aínda que achamos lecturas de persas como Omar Khayyan, de indios como Tagore ou sudamericanas como Rubén Darío. Porén, as influencias que, como sostén Risco, "determiñou o qu' habíamos ser, pensar e sintir", albergan un destacado carácter cosmopolita e europeísta.

En relación ás obras traducidas que Risco e os outros homes de Nós lían, evidencia outra connotación europeísta do grupo que recolle o sociólogo Zygmunt Bauman no seu libro *Europa: una aventura inacabada*:

> "Balibar toma de Umberto Eco a idea da 'linguaxe de Europa', que se formou na 'práctica da tradución'. Durante moitos séculos Europa foi unha totalidade composta, na que moitas linguas e variedades culturais tiñan contacto diario. Podería dicirse que por esa razón Europa era o chan ideal para o florecemento da hermenéutica, a arte da interpretación e a comprensión. Europa foi e segue sendo a patria da tradución perpetua;

[58] A este respecto resultan significativas as palabras de Villares sobre a influencia da literatura francesa en Otero Pedrayo: "Con todo, é en Otero Pedrayo (moito máis do que en Risco) onde máis claramente se observa a impronta da cultura francesa, tanto nos seus gusto e preferencias literarias, coma nos contidos da súa biblioteca persoal, onde se teñen recontadas máis de seiscentas obras pertencentes á cultura francesa, moitas delas na lingua orixinal (N. Dulin, 1987, p. 263 e ss., citado en Villares, 2002, p. 41 )" (2002, p. 41).

[59] Refírese ao escritor Eugenio D'Ors.

> durante este tempo, conseguiu crear un diálogo proveitoso entre diferentes linguas culturais sen borrar a identidade de ningún dos participantes (2006, p. 134-135).

Ademais, as verbas de Bauman definen claramente moitas das actividades que levaron a cabo os responsables da revista galega. En primeiro lugar, Otero Pedrayo achegou ao galego nas páxinas de *Nós* a obra *Ulysses* de James Joyce, converténdose, dita tradución, "na primeira da famosa novela do escritor irlandés realizada nunha lingua peninsular" (Casares, 1981a, p. 76). En segundo lugar, moitas das publicacións da revista traducían textos do portugués, do italiano ou do latín pero tamén, nalgunhas ocasións, aparecían textos sobre Galicia traducidos á outras linguas. Tal é o caso de"Inno alla Galizia" de P. Celestino García Romero, traducido por Guido Battelli no número 86 do 15 de febreiro de 1931. Polo tanto, o carácter europeísta que describen as verbas de Bauman manifféstase tanto no descrito por Risco en *Nós, os inadaptados* como nas publicacións da revista *Nós*, presentando gran relevancia neles as últimas palabras do fragmento de Bauman: "sen borrar a identidade de ningún dos participantes"; isto é, e como mencionamos ao longo do traballo, respectando os trazos distintivos das diversas culturas pero establecendo vieiros entre elas.

Continuando coas influenzas que expón Risco en *Nós, os inadaptados*, resulta imprescindible mencionar e analizar a importancia que manifesta no pensamento do ourensán (e, por extensión, na súa concepción da cultura europea) a figura do filósofo e historiador alemán Oswald Spengler. O escritor ourensán menciona que a idea da decadencia de Occidente (título da sonada obra de Spengler) era unha realidade que os homes do grupo tiña interiorizada incluso antes da publicación do libro do historiador alemán[60].

Neste senso, Risco manifesta en *Nós, os inadaptados* que as diferentes culturas atravesan tres etapas históricas dominadas, á súa vez, por tres tipos de homes segundo o ideólogo de *Nós*: *hylicos, psiquicos* e *pneumáticos*. O escritor ourensán sostén que "toda

[60] Sobre este asunto, véxase o limiar da obra póstuma Risco, V. (1990). *Las Tinieblas de Occidente*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, onde Manuel Outeiriño detalla e explica por que en 1912 Risco tiña preparado este libro (como sinala o propio escritor ourensán no artigo *Nós, os inadaptados*) pero que a publicación da obra de Spengler o inutilizou. Outeiriño dá conta dos anos dos manuscritos de Risco, da relación de ámbalas dúas publicacións e das achegas do home de *Nós*.

gran cultura xurde d'un estado anterior en que os homes vulgares, os hylicos, predomiñan e fan historia" (1933, p. 24). Dita cultura, segundo Risco, aparece grazas á chegada dos "homes de espírito", representados "polos pneumáticos". Agora ben, o ciclo continúa e a cultura muda, xermolando os "homes de talento" ou "psíquicos" caracterizados pola "crítica fría" e a "razón", afastándose da fe e da inventiva (Risco, 1933, p. 24). Por último, regresan os homes vulgares, os "filisteos", minando a espiritualidade da cultura e dominando a preocupación económica: "E o qu' está sucedendo precisamentes nos nosos días" (1933, p. 25), lamenta finalmente o home de *Nós*. Porén, Risco considérase un inadaptado xa que é un "home de espírito" no "tempo do predominio do talento" (1933, p. 25); os últimos dunha xeración pola decadencia de Occidente.

Dita visión pesimista e decadente da sociedade e cultura do seu tempo e, tamén, da historia, provén, en gran medida, das lecturas de autores como Spengler que influíron no pensamento de Risco pero tamén o formaron no seu carácter europeísta. Ademais, esta concepción da sociedade europea evidencia unha clara preocupación pola situación e a historia de Europa, ao igual que Florentino López Cuevillas manifesta no seu ensaio *Dos nosos tempos*. Os homes de Nós interesáronse polo pasado e o porvir do vello continente como apreciamos nos seus textos pero tamén nas súas preferencias literarias e figuras influentes no seu pensamento.

Sobre a Europa de Risco, escribiu unhas verbas Manuel Outeiriño moi descritivas que resumen tódolos argumentos expostos previamente:

> "Risco foi o principal promotor da Xeración Nós, que, no meu ver, propuxo unha concepción europeísta mais non eurocéntrica, para o dicir con Samir Amín. Unha concepción de Europa prudente e atractiva, coma a que nos suxeriu Dipesh Chakrabarty (2000) no libro *Provincialing Europe*" (Outeiriño, 2011, p. 11).

**Risco: o «antimoderno»**

Ao longo de *Nós, os inadaptados,* Risco descríbese a si mesmo e aos seus compañeiros de grupo como "individualistas", "inadaptados", "románticos", "soñadores", "insatisfeitos", "malcontentos", "despreciativos", "rebeldes", "antisociais" ou "antigregarios". Ademais, móstrase contrario ao racionalismo, ao positivismos, á "técnica" ou ao industrialismo. Porén, moitos autores consideran que Risco é

tradicionalista, como Victorino Pérez Prieto, cando enumera as características da ideoloxía do ourensán:

> "Claves do pensamento risquiano: romanticismo (espiritualismo e certa rebeldía fronte ás normas e ós cánones estéticos), tradicionalismo (froito do rexeitamento do positivismo e do espírito da Ilustración), crítica da razón e da modernidade, historicismo (un historicismo máxico que no canto de chegar a un pensamento obxectivo prefire a recreación do pasado en función dos seus intereses inmediatos), espiritualismo e relixiosidade" (1988, p. 133-134).

Con todo, se analizamos en profundidade o que escribe Risco no seu acreditado ensaio publicado no número 115 de *Nós* e ao longo da súa traxectoria na revista, podemos concluír que o escritor achégase máis á figura do «antimoderno», promulgada por Antoine Compagnon, que á de tradicionalista.

No seu libro *Los antimodernos*, Compagnon expón cós «antimodernos» "non serían máis que os modernos, os verdadeiros modernos, que non se deixan enganar polo moderno, que están sempre alertas" (2007, p. 12). Neste senso, Risco non se amosa contrario aos avances que melloran a situación da humanidade, senón que se amosa contrario a un predominio da ciencia, da razón da técnica fronte á espiritualidade. Amais, non predica co progreso cara un eido militar que busca un fin económico e imperialista. Tampouco rexeita as vangardas artísticas xa que, por exemplo, en *Nós, os inadaptados* admite a súa lectura de modernistas como Rubén Darío e, como describe Carlos Casares, explica Risco foi o primeiro en introducir nun xornal galeguista "nomes como os Rimbaud, Verlaine, Apollinaire, Mallarmé, Max Jakob, Verhaeren, Omar Khayyan e outros" e "nas tertulias convírtese nun dos abandeirados do ultraísmo, o movemento poético que xurde como reacción contra o manierismo modernista despois de 1918 e no que militarían algúns galegos" (Casares, 1981b, p. 55). Polo tanto, o intelectual galego é un "verdadeiro moderno", en palabras de Compagnon, que non acepta calquera tipo de avance ou progreso e está "sempre alerta", como evidencian estas verbas de Casares:

> "Non obstante, a Manuel Antonio ponno en garda [Risco] contra as modas e recoméndalle o estudo do folklore galego (unha vez máis o folklore), o saudosismo portugués, os *haikai* xaponeses, a arte negra e as literaturas escandinavas" (Casares, 1981b, p. 55).

Por outra banda, Manuel Outeiriño achega a mesma conclusión:

> "Risco (...) non me parece tradicionalista, senón home político que usou a retórica do tradicionalismo, xunto con moitas outras, pois non en van se definiu que era «heterodoxo en todo, menos en materia de relixión»" (2011, p. 12).

Vicente Risco demostra nas páxinas de *Nós* o seu interese polo pasado, *verbi gratia* os artigos *Galizia Céltiga*, *A estrela do Apóstolo* ou *A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo*, entre outros. A dignificación e a recuperación da tradición do pobo galego é un dos piares do pensamento de Risco. Non obstante, isto non significa que Risco sexa un tradicionalista senón que a súa realidade axeitaríase á definición de Compagnon do «antimoderno»:

> "Non atopariamos mellor definición do antimoderno que como moderno arrastrado pola corrente da historia, pero incapaz de gardar loito polo pasado" (2007, p. 21).

Continuando co exposto por Antoine Compagnon, resulta imprescindible enunciar as características que segundo el reúne un «antimoderno», a maioría presentes no pensamento risquiano:

> "Contrarrevolución, anti-ilustración, pesimismo, estas tres primeiras figuras antimodernas están ligadas a unha visión do mundo inspirada pola idea do mal. Por iso a cuarta figura do antimoderno debe ser *relixiosa* ou *teolóxica*: de modo que o *pecado orixinal* forma parte do decorado antimoderno habitual. Ao mesmo tempo, se o antimoderno ten valor, se forma un canon literario, é porque define unha *estética*: podemos asociar esta á súa quinta figura, o *sublime*. Finalmente, o antimoderno ten un tono, unha voz, un acento singular; o antimoderno recoñéceselle xeralmente polo seu estilo. De modo que a sexta e última figura do antimoderno será unha figura de *estilo*: algo así como a *vituperación* ou a *imprecación*" (2007, p. 23-24).

As dúas primeiras, "contrarrevolución" e "anti-ilustración", teñen cabida, tal e como as describe Compagnon, na ideoloxía do intelectual ourensán. Compagnon considera que os «antimodernos» rexeitan a Ilustración e a Revolución polo seu "culto á razón, ao idealismo e ao utopismo" (2007, p. 66). Como xa mencionamos anteriormente neste estudo, Risco caracterízase pola súa busca da espiritualidade fronte á razón: "Eu caraiteizaria aos homes do meu tempo preocupados pol-as cousas do esprito" (Risco, 1933, p. 19). Ademais, en *Nós, os inadaptados* sostén que as novas xeracións albergan

un marcado carácter "utopista" mentres que o seu grupo non o era (1933, p. 21) xa que non os "movía ningún intrés social" ou "reforma" (*Ibíd.*).

Continuando coas características do ser «antimoderno», Compagnon expón da seguinte maneira o carácter pesimista:

> "A terceira figura da antimodernidade, figura moral despois das figuras histórica e filosófica, é o pesimismo, ou calquera outro nome que queiramos darlle: desesperación, melancolía, duelo, *spleen*, ou «enfermidade do século». É a resignación, e menos o resentimento que a lástima" (2007, p. 97).

A visión decadente de Risco da cultura de Occidente, provoca nel e nos homes de *Nós* unha inadaptación ao seu tempo e tamén un pesimismo profundo, como xa expuxemos anteriormente e como ben manifesta Risco:

> "Sabiamos, ademais, qu'esta vulgaridade, qu'esta fealdade non tiña enmenda, e por iso eramos pesimistas. En geral, o mundo, pra nós, era cousa qu'había qu'aturar c'unha postura de dandysmo[61]" (1933, p. 23).

Compagnon fala de "ansiedade individual" provocada pola "decadencia histórica" (2007, p. 124), circunstancia arraigada no pensamento risquiano polo seu individualismo e o seu desacougo reiteradamente expresados en *Nós, os inadaptados*.

A cuarta característica garda relación coa relixión e moralidade e considera que o o progreso do home non debe ser técnico senón un progreso moral (Compagnon, 2007, p.137). Tal circunstancia non é allea ao pensamento risquiano xa que a relixión[62] e o predominio da moralidade fronte ao progreso técnico evidénciase en *Nós, os inadaptados* xa que el descríbese como un home espiritual preocupado pola fe e contrario á técnica e aos intereses económicos.

A quinta e a sexta características que expón Compagnon son máis complexas de analizar e aparecen nun plano secundario respecto das tres primeiras. Polo tanto e co fin de non alongar a exposición, sabendo que Risco cumpre a definición de «antimoderno» e as súas catro principais características, continuaremos coa exposición de por que tal concepción da figura do escritor é importante para entender a súa faceta europeísta e cosmopolita.

[61] Compagnon tamén destaca o carácter *dandy* do ser «antimoderno».
[62] Anotamos máis arriba a confesión de Risco: "Heterodoxo en todo, menos en materia de relixión".

Neste senso, Baudelaire é o prototipo de «antimoderno» segundo Compagnon e, por outra parte, Chateaubriand é outra das personaxes máis destacadas desta concepción. Polo tanto, podemos concluír que Risco aseméllase ideoloxicamente a ámbolos dous, a dúas grandes figuras que influíron nel e na súa concepción de Europa a través da súas lecturas. Isto é, por ser «antimoderno», Risco tamén é europeísta.

**O galeguismo: a fin do camiño**

> "Risco fixera a descoberta dunha abraiante paradoxa: que o camiño do universalismo levaba nos máis dos casos a confíns escuros, cativos e sen saída, mentres que o labor esforzado na propia terra, coma o do labrego, levaba dereitiño á universalidade" (Beiras, 1968, p. 168).

Esta anotación de Xosé Manuel Beiras define dun xeito conciso os últimos parágrafos de *Nós, os inadaptados* e a fin da travesía de Risco e os homes de *Nós*: o porto galeguismo. Ao ler o ensaio do ourensán e o exposto por Beiras, agroma unha clara realidade: Beiras non acometeu unha andaina por *Nós, os inadaptados* ás apalpadelas senón que a súa lectura foi profunda.

Vicente Risco explica que o nacionalismo supuxo o paso da "aititude contemprativa â aititude activa" (1933, p. 27), un activismo que non supuxo o peche das portas cara outras culturas, senón un pulo rexenerador da terra galega situándose no mesmo chanzo que as culturas europeas e universais, sen necesidade de intermediarios.

### *4.1.5. Notas encol da paisaxe romántica*

O 15 de febreiro de 1927 no número 38 de *Nós*, Ramón Otero Pedrayo publica o artigo *Notas encol da paisaxe romántica*, un escrito onde mestura dous dos piares máis representativos da súa traxectoria: a xeografía (neste caso a paisaxe) e o romanticismo.

En relación á primeira, Lorenzana[63] considera que "Otero Pedrayo deséñase como a figura literaria e o grande intérprete e sentidor da paisaxe" (1965, p. 81). Isto é, ao longo da súa traxectoria vital demostra o seu interese pola paisaxe e tamén pola historia: Eduardo Moreno López, catedrático de Xeografía e Historia exerceu unha gran influenza nel no senso de coñecer a xeografía galega e, por outra parte, o propio Otero

[63] Pseudónimo empregado polo escritor galego Francisco Fernández del Riego.

exerceu como catedrático de Xeografía e Historia na ensinanza media. Amais, no Seminario de Estudos Galegos dirixiu a sección de Xeografía.

Por outra parte, na súa labor de prosista, o home de Nós incorpora a súa paixón e interese pola xeografía nas súas novelas (poñamos por caso *Arredor de sí*) pero é na súa obra ensaística onde máis afonda en dita cuestión: *Síntese Xeográfica de Galicia* (1926); *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* (1928); *Os ríos galegos* (1977) ou a acreditada *Guía de Galicia* (1926). En *Nós* tamén incorporou asiduamente o aspecto xeográficos nos seus artigos: *Encol da aldea* ( no número 14, o 1 de decembro de 1922), *Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía* (no número 27, o 15 de marzo de 1926) ou *Probremas de Xeografía Galega. Notas en col das dormas de poboazón labrega* (no número 45, o 15 de setembro de 1927), entre outras.

A segunda, o romanticismo, deriva principalmente das súas lecturas temperás europeas, sobre todo das francesas:

> "As lecturas predilectas de aqueles mozos eran francesas, especialmente os románticos e simbolistas, anque por parte de Otero non dun xeito tan radical e excluente como Risco" (Casares, 1981a, p. 56).

Neste senso, Casares identifica como un dos seus principais referentes a Chateaubriand, escritor citado en *Notas encol da paisaxe romántica*. Tódalas súas preferencias, non só as francesas, conformaron o carácter europeísta e cosmopolita de Otero, como el mesmo manifesta:

> "Lía filosofía, teoloxía, ética, estudéi os crásicos españoles da Edade Media e máis do Século de Ouro, farteime de lecturas francesas e alemás, ateigueime de doutrinas, correntes intelectuais moi de moda na Europa daquelas datas... en fin: fíxenme universal" (Freixanes, 1982, p. 22).

Emporiso, cando o escritor ourensán escribe o artigo *Notas encol da paisaxe romántica* reunindo ámbolos dous aspectos, o carácter europeísta e cosmopolita de Otero agroma dunha maneira significativa.

**Historia, romanticismo e xeografía, tres eixes do pensamento oteriano**

Ramón Villares, no seu artigo *Terra e memoria en Otero Pedrayo*, escribe que "A escola xeográfica francesa estudaba dous temas de forma predilecta: a relación entre o

home e o medio natural e o estudo da rexión. Ámbolos dous aplicados por Otero Pedrayo" (2002, p. 191). En *Notas encol da paisaxe romántica*, o escritor ourensán acode á relación entre o home e a natureza e como está se representou na literatura romántica.

Otero expón que Rousseau "fora o descobridor da netureza no senso moderno" e Petrarca "o primeiro en apreciar a beleza das montanas" (Otero Pedrayo, 1927, p. 9). Ademais, o home de Nós recorre á historia, outro dos eixes do seu pensamento, para describir a presenza da paisaxe na cultura europea anterior ao se tempo:

> "Millor a sentiron[64] os poetas dos Canzoneiros, os monxes arredados na soedade dos cumes, os pintores framengos de Bruxas, de Gante, que non axexaban nas escumas o xurdir do lombo da sirena, nin facían a Xúpiter presidente das nubes fromentosas. Os homes da Edade Media levaban dentro d'eles unha filosofía e proieutábana na paisaxe" (1927, p. 9).

Emporiso, a historia únese á xeografía e ao romanticismo neste artigo de de Otero, unha circunstancia que non é casual debido á profunda asimilación da realidade histórica na persoa de Otero:

> "Con certeza pódese afirmar que a Historia é o escenario predilecto de toda a obra de Otero Pedrayo, como corresponde a un pensador de fonda raigame romántica, que tende a procura na Historia a lóxica dunha cosmovisión organicista e a explicación da singularidade dunha comunidade humana" (Villares, 2002 p. 38).

En *Notas encol da paisaxe romántica*, o escritor galego atende á presenza da paisaxe na literatura francesa. Otero enuncia a obra *Reveries d'un promeneur solitaire* de Jean-Jacques Rousseau, onde a paisaxe cobra unha especial importancia en forma de lagos, rochas e herba. Ademais, Rousseau emprega a verba románticas no seu libro ao falar do lago de Bienne e, como explica Otero, a utilización desta palabra é moi temperá historicamente: "1777 ou 78" (1927, p. 9). O catedrático ourensán tampouco se esquece doutro dos seus referentes: Chateaubriand; do que destaca a relevancia das pedras no sentimento romántico. (*Ibíd.*).Tamén achamos no ensaio fragmentos de obras de Proust e Lamartine no que se manifesta a presenza da paisaxe e o romanticismo.

[64] Refírese á natureza.

Ora ben, o carácter europeísta e cosmopolita do artigo *Notas encola da paisaxe romántica* reflíctese, dun xeito considerable, máis aló das lecturas e influenzas francesas de Otero. O home de *Nós* tamén acode á cultura inglesa: na obra *Historia da literatura inglesa* de Taine manifféstase "o rexurdimento do novo esprito" encarnado na figura do poeta escocés Robert Burns, quen evidenciou a súa preocupación pola montaña escocesa (Otero Pedrayo, 1937, p. 9); cita aos pintor británico William Kent do século XVIII quen introduxo o "xardín ingrés", así como afirma que outros representantes da pintura inglesa "fixeron paisaxe moderna" (*Ibíd.*). En relación á realidade inglesa e ao binomio paisaxe-romanticismo, Otero Pedrayo non dubida en salientar a figura do poeta e dramaturgo escocés James Thomson ("en Thomson atópase por primeira vegada a verba *romantismo* e unha das suas xustas apricaciós" [*Ibíd.*]) e da súa famosa obra poética *As Estacións* de 1730. En definitiva, a cultura británica non podería entenderse sen a xeografía segundo Otero:

> "Inglaterra non se pode pensar sen a paisaxe en primeiro termo. Londres medra gardando nos seus tentñaculos anacos de paisaxe, a avenza pasia en verdadeiros lameiros a carón do asfalto vilego" (*Ibíd.*).

Ademais, Otero Pedrayo escribe sobre os suízos Albrecgt von Haller (poeta que dignificou, en verbas de Otero, a figura dos Alpes) e Salomon Gessner (quen, segundo o escritor ourensán, influíu nos "poetas galegas do rexurdimento moderno" [*Ibíd.*]).

En resumo, Otero elabora un ensaio dun carácter europeísta e cosmopolita de achegamento a outras culturas e tradicións en eidos como a historia, a xeografía, a literatura e incluso a pintura, isto é, o intelectual galego leva a cabo un acreditado exercicio de sabedoría e coñecemento sobre o romanticismo e a paisaxe nun amplo contexto.

Por último, en *Notas encol da paisaxe romántica* Otero Pedrayo tamén ten palabras para Galicia e para a figura que, segundo el, representa dunha maneira óptima o binomio paisaxe-romanticismo:

> "Cicais quen millor sentiu a poesía cósmica do ermo outonizo i-a forza étnica da raza atlántica da veiramar, foi o noso Pondal. Tén seu moimento feito pol-as brétemas dos mares do Norte. Non é enxebre no senso vulgar da palabra, sendo o millor intérprete da paisaxe nas nosas leiras" (1927, p. 10).

Sexa como for, o home de Nós esqueceuse de citar unha figura (aínda que posterior a todos das personaxes mencionadas): el mesmo. Como describe Villares:

> A xeografía, entendida como un saber que dá conta tanto do lugar como do home, foi unha ferramenta decisiva para o achegamento de Otero ao estudio de Galicia como unha realidade histórica definida en termos espaciais como unha rexión e, en termos culturais, como unha nación-cultura" (2002, p.47).

Emporiso e pola súa condición de romántico, non existe ningún tipo de argumento que afaste a Otero deste grupo de intelectuais que mesturaron a paisaxe e o romanticismo nas súas obras e no seu pensamento, sobre todo no seu achegamento á xeografía galega, a súa composición, a súa descrición, a súa valorización e a identificación dos seus problemas; realidades presentadas en moitos casos nas páxinas de *Nós*.

### *4.1.6. A moderna literatura irlandesa*

*A moderna literatura irlandesa* son un conxunto de tres artigos que Vicente Risco publicou en tres números consecutivos da revista *Nós*: o número 26 do 15 de febreiro de 1926, o 27 do 15 de marzo de 1926 e o 28 do 15 de abril de 1926. O escritor ourensán elabora un amplo e fermoso comentario sobre a literatura irlandesa do seu tempo, a cal, en verbas de Risco, "cecais sexa antr'as modernas, a mais orixinal, a mais nova, a mais arriscada" (1926a, p. 5).

Nos primeiros parágrafos, Risco enuncia unha serie de trazos comúns entre o pobo irlandés e o pobo galego, semellante ao realizado no seu artigo *Irlanda e Galizia* do número 8 de *Nós*, dedicado enteiramente a este país. O argumento que máis salienta é o celtismo, apoiándose nas verbas francesas de Simone Téry para definir a "alma céltiga": "Turbulente, melancólique, allêgre, revêuse, mystique passionnée" (*Ibíd.*). Neste senso, o home do Grupo Nós considera que o celtismo é a solución para superar a decadencia da cultura do seu tempo:

> "Témol-os ollos postos na renancencia dos pobos céltigos com'a espranza derradeira e suprema, no total esborrallamento da cultura oucidental, que se vai estiñando â nosa vista, n-un entroido de seniles inocencias e farsadas d' auto e héteromimetismo" (*Ibíd.*).

Ademais, Risco compara a Galicia con Irlanda no eido lingüístico, máis axeitadamente sería dicir na situación lingüística:

> "Outra semellanza antr'a Irlanda e Galiza, é qu'aló com'eiquí, os mais dos escritores escriben na léngoa oficial, na léngoa dos dominadores" (*Ibíd.*).

Isto é, o intelectual galego manifesta a situación de asoballamento que viven as linguas propias de ámbolas dúas nacións e incluso achega estatísticas desta realidade: tan só 600.000 irlandeses dos 4 millóns e medio de habitantes falaban gaélico entre 1846 e 1900 (*Ibíd.*). Risco lamenta esta circunstancia pero loa outras como que "a contribución d'Irlanda âs letras ingresas é tan importante com'a Galiza âs letras hespañolas" (*Ibíd.*). Por outra parte, o ideólogo de Nós salienta que "hai moitos mais escritores galegos qu'escriban en galego, qu'irlandeses qu'escriban na léngoa gaélica" (*Ibíd.*).

Tras esta breve introdución, na que tamén menciona a Liga Gaélica fundada en 1893 e que no número 8 de *Nós* comparara coas Irmandades da Fala, Risco introduce, describe e comenta a figura e as obras de distintos persoeiros do "Eirín" (como el denomina a Irlanda en termos propios do idioma irlandés): Willian Butler Yeats, John Millington Synge, George Russell (coñecido por A. E.), James Stephens, Lordy Dunsany, Lennox Robinson e James Joyce. Ademais, no último parágrafo do derradeiro artigo, Risco enumera a outros escritores irlandeses que non inclúe nos seus comentarios:

> "Aínda nos quedan moitos de quen falar: Lady Gregory, Padraic Colum, Edawrd Martyn, Padraic Pearson, Thomas Macdonnagh, John Eglinton, Seumas O´Sullivan, Terencio Mac Swiney[65], Arthus Griffith, Daniel Corkery, Liam O'Flaherty, Sean O'Casey, Oliver Gogarty, Desmond Fitzgerald..." (Risco, 1926c, p. 5).

Como se pode dilucidar, Risco cumpre o cometido que a revista manifesta desde as súas "Primeiras verbas":

> "Querendo suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, *Nós* abre as súas páxinas a prestixiosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co' a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideias no mundo civilizado". (1920, p. 2).

En palabras de Anne MacCarthy:

> "A énfase na estrañeza de Joyce, na súa rebeldía, o feito de que non imita a ninguén, é realmente unha declaración de intencións por parte da «Xeración Nós». Había desexo e

[65] Homenaxeado no número 8 de *Nós* con tres artigos sobre a súa figura.

> determinación de abrir fronteiras novas para o sistema literario galego. Non quixeron ser satélite de ningún canon castelán" (2003, p. 57).

Emporiso e baseándonos neste pequeno fragmento introdutorio que elaboramos sobre *A moderna literatura irlandesa*, é xustificable afirmar a presenza do cosmopolitismo e o europeísmo en dito artigo de Risco, o miolo do presente estudo, que cómpre analizar con profundidade.

**O achegamento á literatura de Irlanda: o cultivo da cultura**

Vicente Risco coa introdución, descrición e análise de escritores irlandeses e da súa obra, non soamente constrúe un vieiro para que os galegos coñezan de primeira man a literatura de Irlanda dos seus tempos; analizando os tres artigos, non é un risco afirmar que o intelectual ourensán interpreta unha cultura como a irlandesa e, polo tanto, cumpre a función de cultivar esta realidade: Isto é, o home de Nós elabora unha crítica da situación literaria de Irlanda máis próxima a el, enumerando autores e obras para que os galegos sexan conscientes da súa existencia e da súa importancia, así como propicia o espallamento da cultura do "Eirín". Polo tanto, Risco aproxímase ao carácter europeísta exposto polo sociólogo polaco Zygmunt Bauman:

> "No es solamente la cultura el descubrimiento/la invención de Europa. Europa también inventó la necesidad de *cultivar la cultura*". (2006, p. 24).

E continúa:

> "La cultura –el propio proceso de producción del mundo humano- se convirtió en un objeto de crítica teórica y práctica humana y de subsiguiente *cultivo*" (2006, p. 25).

Neste senso, resulta significativo que o home de Nós non acomete en *A moderna literatura irlandesa* un comentario superficial e meramente enunciativo. Risco afonda nas personalidade dos autores e extrae as características máis importantes das súas obras; ademais de elaborar apuntamentos fermosos e sabios cun coñecemento amplo da literatura deste país europeo. "Todos siñalan como xefe da renacencia literaria irlandesa a *Willian Butler Yeats*, premio Nobel en 1923 e o mais grande dos poetas contemporáneos en léngoa ingresa" (Risco, 1926a, p. 7), di de Yeats, para logo evidenciar a importancia da creación do Teatro Nacional Irlandés promovido polo propio autor irlandés.

"O meirande dramaturgo d'Irlanda, é *John Millington Synge*" (1926b, p. 4), afirma Risco sobre este escritor irlandés, dando conta das súas numerosas pezas teatrais. De Synge destaca a súa influencia da literatura francesa e compárao con con Materlinck e escritores nórdicos como Ibsen, Strindberg ou Bijorsonn (*Ibíd.*). De Joyce di que é un "caso único" do seu tempo (1926b, p. 2) e comenta as súas obras máis representativas, entre elas o *Ulysses*.

É dicir, e sen continuar afondando nas descricións que fai dos diferentes autores que trata e das súas obras porque non é o propósito do presente traballo, Risco elabora un comentario sobre a literatura irlandesa no que se reflicte o desexo de cultivar a cultura e de prestar atención á literatura máis orixinal e moderna, segundo el afirma no primeiro artigo. O intelectual galego amosa o seu amplo coñecemento desta literatura europea e estranxeira así como é capaz de elaborar unha crítica fundamentada sobre a literatura do seu tempo.

Por outra parte, o escritor ourensán salienta, indirectamente, a práctica da tradución (realidade relacionado co cultivo da cultura). No segundo artigo publicado no número 27 da revista, Risco insire un poema de George Russell traducido ao galego, do que destaca a súa serenidade e a súa claridade (1926b p. 7). Ademais, faise eco doutras traducións: como a da obra *Irlanda por dentro y por fuera* de George Russel achegada ao castelán por E. Diez Canedo; a versión galega elaborada por Antón Vilar Ponte e publicada no número 8 de *Nós* da peza teatral *Cathleen ni Houlihan* de Yeats[66]; ou a tradución castelán elaborada por Primitivo Sanjurjo de *Escenas de Gigantomaquía* do escritor irlandés Lordy Dunsany, "cuias primicias deu *NÓS* en galego[67]" (1926b, p. 10). Este aspecto da importancia en Europa das variedades lingüísticas e o achegamento e a comunicación con outras culturas en base ás traducións, é un síntoma europeísta como explica sintética e perfectamente Bauman, recollido anteriormente.

[66] "Temos, pol-o tanto, en Galizia certa coñecencia de Yeats" (Risco, 1926a, p. 7), afirma o ourensán tras manIFestar a presenza en *Nós* da tradución de Vilar Ponte. Outro argumento que reflicte o obxectivo da revista de achegar Galicia a outras culturas.

[67] Refírese ao Número 7, do 25 de outubro de 1921 que contén o artigo *De Xúpiter y-os Xigantes. Capítulo XXXVIII das esceas de Xigantomaquia* de Primitivo R. Sanjurjo

**Historias paralelas: Irlanda e Galicia**

Un dos alicerces de *A moderna literatura irlandesa* é a cuestión do amor á súa terra e á súa tradición que reflicten a maioría dos autores que analiza Risco. Esta circunstancia é coincidente entre os escritores irlandeses e os home da Xeración Nós, polo que Risco manifesta en moitas ocasións esas similitudes e gaba a querenza e a preocupación polas súas orixes dos persoeiros que enuncia: "Estudou a fondo todal-as sagas irlandesas, toda a literatura bárdica" (1926a, p. 8) ou "Desbota toda alusión mitolóxica ô grecoromano, e volve â tradición do Celtismo" (1926a, p. 7), sostén sobre Yeats; ou "sábese toda Irlanda, condado por condado, vila por vila, aldeia por aldeia" (1926a, p. 7), di sobre Russell.

Por outra parte, como xa mencionamos no curto texto introdutorio deste comentario, Vicente Risco salienta as semellanzas entre a situación de Irlanda e Galicia en diversos eidos, un deles a literatura. Risco destaca o celtismo pero como explica acertadamente Anne MacCarthy, existen outros motivos de proximidade:

> "O que quizais teñan en común a literatura irlandesa e maila galega non é o feito de ser ou on celtas, senón seren literaturas novas ou menores. A literatura irlandesa presentouse nos libros de historia a xeito de literatura menor e, daquel,a enténdese ben que se reformulasen os conceptos fundamentais desa historización literaria desque se pretendeu unha literatura independente. Ben é certo que as literaturas, igual cás culturas, non son estáticas, senón que andan sempre metidas en cambios constantes que son signo de vitalidade. Cando deixa de haber loitas polo poder, perden a vitalidade e corren o risco de desaparición" (2003, p. 56).

O interese de Risco na literatura irlandesa provén da súa modernidade e da súa orixinalidade, da súa capacidade de arriscarse; pero tamén existe outro factor fundamental: a asoballamento experimentado por ámbalas dúas culturas froito de seren dominadas por España e Ingleterra, respectivamente, e no que Risco albisca un sentimento de cohesión entre ámbalas dúas, como ben apunta MacCarthy.

Tal circunstancia de vivir baixo a dominación doutra nación, provoca que "as literaturas novas tentan librarse das literaturas dominantes e seren distintivas. Procúrase a distinción nomeadamente na nacionalidade e, moi decote, o idioma no que se expresa a literatura é característica imprescindible", explica MacCarthy (2003, p. 56). Iso é o que procuraron os homes de Nós, dignificando e valorizando o idioma galego en tódolos

campos e anovando, actualizando e modernizando a literatura galega. Por iso, aínda que o inglés sexa a lingua empregada polos escritores que analiza, Risco loa o cariz irlandés das súas obras e o afán por lograr unha literatura irlandesa de calidade e moderna.

O home de Nós tamén atopa en obras como *Irlanda por dentro y por fuera* de Russell, o tipo de nacionalismo que el arela, que el considera "tan imitante ô noso" (Risco, 1926b, p. 9) e do que extrae un fragmento necesario para explicar este achegamento ás letras irlandesas:

> "Onde radican os tumultos d'Irlanda? O pobo irlandés quer ser libre. Porqu'arela a liberdade? Penso que ha ser porque sinte en si un xenio que se non ten manifestado ainda n-unha civilizaicón, com'o dos frefos, romaos y-exipcios s 'esteriorizou, no tempo pasado, n-unha cultura, unhas artes e unhas cencias propias de seu. É o mesmo pulo que move ô rapaz listo de fuxir do axexo d'unha familia convencional...".

Isto é, tan só mudando Irlanda por Galicia, achariamos os desexos da Xeración Nós.

Agora ben, Risco introduce a un autor como Joyce do que fala nos seguintes termos:

> "Desboutou da sua y-alma a relixon, a léngoa e o patriotismo irlandés. Escribeu en contra do Teatro Nacional, atacou a un escritor a quen debía o pan: soberbio com'o Demo, nin estivo cos renacentistas irlandeses, nin cos seus nemigos" (1926c, p. 2).

Aínda que Joyce móstrase, supostamente, unha actitude arredada do nacionalismo irlandés, Risco salienta o seu carácter rebelde e o seu interese por reflectir a Irlanda nas súas obras e na súa vida:

> "E do irlandesismo d'iste descastado, qu'imos dicir. Pois temos que dicir que padece no desterro a obsesión da Irlanda. Que todal-as suas obras tratan da Irlanda, pasan na irlanda, e os seus personaxes son irlandeses. Que non perde de vista a sua terra, que s'entera de canto pasa n-ela, que lee todol-os días os xornis d'alá, que cantos papeis trai no bolso refírense a ela. Qu' o qu'o queira facer falar, tenlle que falar da irlanda. Qu'il é tristeiro, desgraciado, exiliado... Pol-o derradeiro, qu' o seu esprito é fondamente irlandés: irlandés pol-a sua rebeldía pol-a exaxeración, pol-a paixón, pol- humorismo, pol-a cobiza dos misteiro, pol-a rareza, porque non s'imita a ninguén..." (1926c, p. 5).

Polo tanto, e como intelixentemente afirma MacCarthy, esta situación no supuxo un impedimento para achegar á obra de Joyce e valorala positivamente e incluso chegando

a traducir un fragmento do *Ulysses* (elaborado por Ramón Otero Pedrayo no número 32) na revista *Nós*:

> "Moita xente opina que a procura das novas identidades literarias debe conlevar fortes sentimentos de nacionalismo, mais penso que a «Xeración Nós» non se obsesionou con ese aspecto, cando menos no que atinxe á actitude de Joyce" (2003, p. 58).

En definitiva, Risco, e por extensión os homes de *Nós*, pronúnciase en *A moderna literatura irlandesa* a favor do achegamento entre culturas, cumprindo a definición de cosmopolitismo cultural exposta por David Held: "posibilidade de diálogo coas tradicións e discursos doutros con fin de expandir os horizontes do marco de prexuízo e significado propio" (Held, 2011, p. 60). Neste senso, resulta imprescindible recorrer ás palabras de Theo Dorgan recollidas no artigo de Anne MacCarthy *Os cambios da literatura irlandesa en inglés durante o século XX*, e que evidencian a realidade da revista (2003, p. 64):

> "Theo Dorgan, poeta e crítico, tenta maxina-lo futuro da literatura en Irlanda. Salienta a importancia de respectar outras culturas e, logo entón, de valora-la cultura propia: «poderiamos dicir que, canto máis aprendemos a respecta-la cultura doutra xente, máis aprendemos a valora-la nosa» (Dorgan, 1996, p. 155, citado en MacCarthy , 2003, p. 64)".

### *4.1.7. Irlanda e Galizia* e *Irlanda políteca no século XIX*

O cinco de decembro de 1921 a revista *Nós* publicou o número 8 no que se evidencia dun xeito claro o carácter europeísta e cosmopolita da publicación ao longo dos seus 16 anos de existencia, xa que a totalidade das páxinas estaban dedicadas a Irlanda. Os tres primeiros artigos (*En lembranza de Terencio Mac Swiney*, *Terencio Mac Swiney* e *Notas da vida de Terencio Mac Swiney*) desta oitava edición de *Nós*, homenaxeaban á figura de Terence MacSwiney, o alcalde de Cork durante a Guerra de independencia irlandesa que foi arrestado pola policía británica e faleceu no cárcere debido a un folga de fame que acometeu como acto reivindicativo; historia que gabou, polo seu exemplo de nacionalismo e amor á súa Terra, Antón Losada Diéguez no seu artigo sobre MacSwiney no número 8 da revista.

A oitava edición de *Nós* contou tamén con dous poemas (*Irlanda* de Cabanillas e *Ao bon irlandés* de Victoriano Taibo), a tradución da peza teatral *Cathleen ni Houlihan* de W. B. Yeats e os dous artigos que van ser obxecto de comentario polo seu achegamento ao pobo irlandés en termos de cultura, política e historia: *Irlanda e Galizia* de Vicente Risco e *Irlanda políteca no século XIX* de Ramón Otero Pedrayo.

**As similitudes entre Galicia e Irlanda**

No seu artigo, Vicente Risco elabora unha listaxe na que enumera e describe as semellanzas entre as dúas nacións e salienta, como en *A moderna literatura irlandesa*, o celtismo como a realidade que une aos pobos de Irlanda e Galicia e que mediante a súa unión poderán combater a decadencia de Occidente. As similitudes que enuncia o ourensán son numerosas: a orografía, o clima, a fauna, a flora, a xeografía, o carácter emigrante dos pobos, a súa situación lingüística ou o cristianismo. Todas estas realidades, segundo os homes de Nós, caracterizan ás culturas e dótanas de especificidades e trazos distintivos, conformando así, nun sentido resumido, a nación.

Neste senso, é preciso recorrer ás anotacións do filósofo francés Étienne Balibar en *La forma nación: historia e ideología* para describir a construción da nación. Balibar considera que "toda «nación» moderna é un produto da colonización: sempre foi nalgún grao colonizadora ou colonizada e, ás veces, ambas cousas" (1991, p. 140). A característica de nación colonizada é compartida por Galicia e Irlanda se lle botamos unha ollada ao seu pasado histórico. Continuando co exposto por Balibar, o filósofo francés enuncia o que el chama "etnicidade ficticia" que el define como a comunidade formada polo Estado nacional" (1991, p. 149):

> "Ningunha nación posúe naturalmente unha base étnica, pero a medida que as formacións sociais se nacionalizan, as poboacións que inclúen, que se reparten o que dominan quedan «etnificadas», é dicir, quedan representadas no pasado ou no futuro *como si* formaran unha comunidade natural, que posúe por si mesma unha identidade de orixe, de cultura, de intereses, que transcende aos individuos e as condicións sociais" (1991, p. 149).

Aínda que o exposto por Risco na cuestión de etnicidade non garde relación co dito por Balibar, sobre todo no senso de negar unha base étnica, si que conflúen nas súas consecuencias: nesa comunidade natural superior aos propios individuos e que conforma ela mesma "unha identidade de orixe, de cultura, de intereses" (*Ibíd.*). Con

todo, os dous autores albergan o mesmo pensamento en canto á forma de crear etnicidade, xa que identifican dous alicerces: a lingua e a raza. Ademais, Balibar tamén considera que a escola e a familia son moi relevantes na conformación da etnicidade e, polo tanto, da nación (1991, p. 150), aspectos que se reflicten en moitos textos de Risco[68].

Outro dos aspectos que salienta Balibar das nacións é o seu carácter atemporal, é dicir, a Galicia de Risco non é a mesma que a Galicia actual, por pór un exemplo. Esta cuestión tamén é un tema que ocupa o pensamento de Risco xa que nalgúns textos sostén que a Galicia do seu tempo era diferente á dos Precursores.

Despois deste pequeno inciso que achega un contexto necesario sobre a nación, tan presente nestes dous textos do número 8 de *Nós* coma en tantos outros, é significativo comentar que no texto *Irlanda e Galizia* de Risco, o tema do idioma, un dos piares da construción da nacionalidade, cobra especial relevancia. De por parte, o intelectual ourensán establece concomitancias entre o termo «gallego» e o «wild-irish», ámbalas dúas acepcións son pexorativas, aspecto derivado da situación de inferioridade experimentada por ámbalas culturas (unha por culpa de España e outra por culpa de Gran Bretaña):

> "Ós irlandeses com' a nós, sácanos nas comedias pra faguer rir á xente, e vense coma nós aldraxados e tidos por xente inferior. Si a verba «*gallego*» nos beizos d'un castelán é un insulto, os ingreses fártanse de chamar «*wild-irish*» (salvaxe irlandés) ós nobres fillos d'Eirin" (Risco, 1921, p. 20).

Emporiso, é xustificable afirmar que o nacionalismo xorde, en parte, por esa denigración da cultura colonizadora en canto a galegos e irlandeses, isto é, en canto a diferentes, circunstancia que se atopa na tónica do exposto por Terry Eagleton:

> "De calquera xeito, e noutro sentido, está claro que é perderse en cavilacións abstractas manter que o pobo de Irlanda non foi oprimido *por* Irlandés. Aínda que o colonialismo sexa fundamentalmente indiferente á natureza dos pobos que denigra, o feito segue a ser que algúns pobos son efectivamente denigrados *en canto tales*. E ese é o feito sobre o que deita luz a verdade do nacionalismo" (1998, p. 48).

[68] Un claro exemplo é o seu artigo publicado no número 5 de *Nós* titulado *Plan pedagóxico pra galeguización d'as escolas*.

Ademais, Eagleton argumenta no seu artigo *Nacionalismo: ironía e compromiso* unha reflexión interesante sobre o carácter, pódese dicir que contraditorio por irónico, nacionalista dos pobos asoballados:

> "Logo, ironicamente, a política da diferencia ou da especificidade fai causa, en primeiro lugar, da igualdade e da identidade universal: reclama o dereito dun grupo convertido en víctima por mor da súa particularidade a estar en termos de igualdade con outros no tocante á súa autodeterminación" (1998, p. 48).

Ese afán "irónico", en palabras de Eagleton, de alcanzar a igualdade está moi presente na revista *Nós* pero tamén en Irlanda como amosan os textos de Risco e Otero. Ora ben, Eagleton expón intelixentemente o propósito final:

> "O único motivo de disfrutar tal igualdade abstracta é descrubir e vivi-la propia diferencia particular" (1998, p. 48).

O problema da fala tamén provocou que Risco atopase similitudes en dous organismos: un galego, As Irmandades da Fala, e outros irlandés, A Liga Gaélica. Ámbalas dúas manifestaron as súas inquedanzas por protexer o idioma, fomentalo e dignificalo.

Polo tanto, o escritor ourensán, ao enumerar as similitudes entre Galicia e Irlanda, realiza un exercicio de achegamento a outras culturas co fondo do nacionalismo nun segundo plano pero sendo un dos cernes da cuestión. Risco é consciente dos alicerces necesarios para construír unha nación e explica por que Irlanda e Galicia os manifestan. Isto é, o home de Nós abre un diálogo con outra cultura, neste caso a irlandesa, nun ton crítico e promovendo que se compartan discursos nun claro exemplo de actitude cosmopolita e europeísta.

**O dominio cultural e político inglés en Irlanda**

O texto *Irlanda políteca no século XIX* de Otero Pedrayo achega un percorrido polos sucesos históricos e políticos ocorridos en Irlanda, situando no cerne da cuestión a súa relación con Inglaterra, durante a segunda metade do século XIX e principios do XX. Neste senso, o alicerce no que se sostén o artigo é o desexo por parte dos ingleses de subordinar ao pobo irlandés, Otero explica que no século XVI Irlanda "lentamente foi escravizada pol-a Inglaterra" (Otero Pedrayo, 1921, p. 13). Por outra parte, Maolsheachlainn Ó Caollaí sinala que foi o século XII o inicio do afán imperialista inglés en Irlanda e explica a súa estratexia:

> "Mesmo dende que comezara a conquista inglesa de Irlanda, hai uns oitocentos anos, no ano 1169, para sermos precisos, os métodos de guerra psicolóxica/cultural tanto contra os colonizados coma contra a propia xente do colonizador foron parte importante da estratexia da conquista. Irlanda foi o laboratorio no que se perfeccionaron as técnicas e instrumentos que empregaron o colonialismo e mailo imperialismo polo mundo adiante" (2007, p. 96).

Emporiso, Ó Caollaí afirma que "para o estudoso do colonialismo e mailo imperialismo seguramente o exemplo máis instructivo é o de Irlanda" (2007, p. 95). Continuando con algunhas das ideas expostas por Otero, o intelectual ourensán menciona un dos acontecementos máis significativos do país irlandés: a fame do ano 1843:

> "A fame baixou do ermo ceo, os campos morreron, as patacas podreceron. O *Poor Paddy*, o paisano irlandés estruxado pol-os donos da terra, emigraron[69] en bandadas pr'os Estados Unidos. Morreron miles de rapaces" (Otero Pedrayo, 1921, p. 14).

En relación a dita situación dramática, Ó Caollaí sostén que "o trauma da fame negra, seguido de deshaucios salvaxes, deixou unha marca indeleble nas mentes dos irlandeses que ía ter efecto inmediato na posición do gaélico" (2007, p. 97). Dito efecto sinálao Otero no seu artigo: "Antes de 1893 o vello idioma irlandés, o *erse* iba camiño dunha morte total. Apenas era falado por medio millón dos catro de habitantes con que contaba a illa[70]" (1921, p. 16). Tamén son esclarecedoras as verbas de Ó Caollaí a este respecto:

> "O inglés seríalles útil ós filllos no moi probable caso de ter que emigrar. A grande fame foi o acontecemento que ó cabo crebou a moral nacional. En dúas xeracións, case toda a nación deixara de falar a lingua nacional e adoptara a dos opresores" (2007, p. 98).

Neste contexto, agromou en 1893 a Liga Gaélica, a institución que conseguiu que a situación da lingua mudase e a afirmación da identidade irlandesa gañase enteiros. Como se mencionou anteriormente, Risco comparou este movemento coa xeira das

[69] Neste senso, no artigo de Risco *Irlanda e Galizia* tamén se enuncia como unha semellanza a emigración: "Teñen [refírese aos labregos e traballadores galegos e irlandeses] que deixal-a sua terra pra iren ganar á América o pan do desterro, hastr' o punto de seren os pobos que mais emigran" (Risco, 1921, p. 20).
[70] Circunstancia mencionada por Risco no seu artigo como se mencionou anteriormente.

Irmandades polo que, se engadimos o labor da Xeración Nós, é posible recoñecer nas verbas de Otero sobre a Liga Gaélica o pulo galeguista de principios do século XX:

> "Descobriron á vella literatura do pais e fixo frolecer unha literatura nova. Entrou na Banca, n-a Eirexa, na Prensa. Irlanda atopou por fin unha espresión súa, que fortificou ó seu pristino celtismo e deulle carauteres de nación compreta e viva" (1921, p. 16).

Os homes de Nós non só recoñeceron no pobo irlandés o parentesco celta con Galicia senón que viron representado en Irlanda o mesmo asoballamento que a nación galega e o galego sufrira e sufría por parte do Estado español. Ademais, compararon o labor galeguista de principios de século co traballo da Liga Gaélica, xa que grazas a ambos movementos as dúas nacións alcanzaron consciencia de seu, dignificaron o seu idioma e renovaron a literatura. Tanto o texto de Risco como o de Otero manifestan ditas inquedanzsa e amosan o seu desexo de que Galicia e Irlanda poidan situarse nunha posición de igualdade coas outras nacións, sendo dignificadas e entendendo que posúen unhas características culturais únicas. Estas reflexións achéganse ao exposto por Held en canto a cosmopolitismo:

> "Emprego o cosmopolitismo, en última instancia, para connotar o espazo ético e político que establece os termos de referencia para o recoñecemento da igualdade de valor moral das persoas, a súa axencia activa e o que se require para a súa autonomía e desenvolvemento (véase Held, 2003). Baséase nuns principios que todos razonablemente aproban en defensa das ideas fundamentais que fan fincapé na igualdade de dignidade, o mesmo respecto, a prioridade das necesidades vitais, etc. Por outra parte, o punto de vista cosmopolita debe recoñecer que o significado de estas non pode ser establecido dunha vez por todas. É dicir, a connotación destas ideas fundamentais non pode separarse da complexidade hermenéutica das tradicións, coas súas estruturas temporais e culturais únicas" (2012, p. 56-57).

### *4.1.8. Portugal e Galizia*

O artigo anónimo *Portugal e Galizia* apareceu no número 2 da revista *Nós* o 30 de novembro de 1920. Este texto reflicte dun xeito claro os propósitos dos homes da Xeración Nós de achegarse a outras culturas, neste caso a portuguesa, nun exercicio de cosmopolitismo e de irmandade co pobo de Portugal.

David Held expón que o cosmopolitismo cultural "deberíase entender á maneira de capacidade para mediar entre culturas nacionais, comunidades de destino e estilo de vida alternativos. Abrangue a posibilidade de diálogo coas tradicións e discursos doutros con fin de expandir os horizontes do marco de prexuízo e significado propio" (2011, p. 60). *Portugal e Galizia*, e as relacións entre ámbalas dúas culturas europeas que manifesta o artigo, reflicte un ton cosmopolita como o que suxire Held pero se analizamos ben o texto, cómpre ter en conta o carácter fraternal entre os pobos:

> "Sempre arelaran as Irmandades da Fala, qu'os dous pobos irmaus se coñeceran e s'amaran. Era, mais que un simples intercámbeo, unha verdadeira colaboración na obra da cultura o que se quería" (Portugal e Galicia, 1920, p. 8).

Estas verbas denotan o desexo dos homes de Nós de crear un novo mundo occidental baseado no Atlantismo, unindo a cultura dos pobos atlánticos como Portugal ou Irlanda. Dita unión non albergaba ningún senso político, como ben afirma a filóloga chantadina Pilar Vázquez Cuesta:

> "En realidade, o que parecía que se arelaba non era a unión política dos dous países senón unha comuñón espiritual que dese peso dentro da Península á súa cultura común, unha cultura diferenciada e por iso menos recoñecida do que en xustiza lle correspondía" (1991, p. 46).

Risco consideraba que a decadencia do europeísmo estaba vinculada coa cultura mediterránea, mentres que a cultura atlántica, caracterizada pola *saudade* e a memoria, podería ser o piar para que Galicia acadase o estatus que merecía e merece. Neste senso e en palabras de Vázquez Cuesta, buscaba nos pobos de cultura celta ( Bretaña, Irlanda Escocia, Illa de Mann, Cornualles e Gales) unha "comuñón espiritual" que permitise a Galicia saír do asoballamento ao que foi sometida durante séculos; circunstancia que tamén enuncia Vázquez Cuesta:

> "Agora ben, Portugal non só representaba para Galicia o que ela podería ter sido e non fora pero aínda podía chegar a ser, senón que os seus éxitos, tanto nos eidos da Historia como da literatura, servíanlle –utilizados compensatoriamente- para aclamar un seu vello complexo de inferioridade nacional producto do menosprezo en que era tida tanto dentro como fóra da Península" (1991, p. 43).

Se acudimos ao propio texto, os homes de Nós empregan a verba *pangaleguismo*, coa que o escritor portugués Pina de Moares denominaba o sentimento nacionalista de

Galicia. En troques, eles trátana directamente como un sinónimo do atlantismo que describimos anteriormente:

> "Ora, o *pangaleguismo*, na sua esencia trascendental, en canto obra espirtual, en canto creación de cultura, fica ben espricado nos anacos de cartas que o Mestre Teixeira de Pascoaes escribeu ó nóso compañeiro Vicente Risco e que NÓS trascribía no seu númaro derradeiro. Teleolóxicamentes, o pangaleguismo é o que o mesmo Risco tiña chamado *neo-atlantismo*, a creación do Nóvo Mundo oucidental... Elo, non digo s'intresa a Portugal, que tanto do mundo domiña co' a sua lingoa, mais qu' irmá da lingoa galega" (Portugal e Galizia, 1920, p. 8).

En resumo, este pequeno artigo de *Nós* que amosa as relacións con Portugal e a corrente do atlantismo (esta nun segundo plano), é unha visión cenital que exemplifica axeitadamente as pontes que ámbolos dous pobos ansiaron construír e que se evidenciaron ao longo da revista. É dicir, é unha proba do cosmopolitismo cultural e o europeísmo da publicación galega.

**Colaboracións e intercambios culturais: as probas da unión galaico-portugesa en *Nós***

*Portugal e Galicia* amosa nas súas liñas a colaboración, nun dobre sentido, e o contacto entre os homes de Nós e os intelectuais portugueses: a presenza de artigos de Castelao, Cabanillas e Risco na *Atlántida* de Lisboa así como a comunicación, en forma de correspondencia, entre Risco e Teixeira de Pascoaes. Por outra banda, a revista *Nós* foi un órgano cultural que acolleu entre as súas páxinas a persoeiros portugueses. Como sinala Valiente Fernández, "atopamos colaboracións dun total de trece intelectuais portugueses, dos cales quen máis colaborou foi Teixeira de Pascoaes cunha achega de tres poemas nos números 1, 14 y 18" (2007, p. 257). Esta dobre vertente de comunicación e publicación de artigos foi, e como se afirma no artigo analizado, "dende o principio" unha das súas "arelas".

En *Portugal e Galizia* rememórase o acontecemento que propiciou este dobre intercambio: a viaxe por Galicia do arqueólogo e crítico de arte José de Figueiredo. A partir da súa estadía en terras galegas, comezaron a escribir en publicacións portuguesas Castelao, Cabanillas ou Risco, como mencionamos anteriormente, e o país luso comezou a mirar a Galicia con "simpatía":

> "As verbas amigas iban chegando a nós en cartas cheas de curiosidade e de sentimento fraterno. Eran os espritos mais escoleitos das nóvas xeneraciós: o gran pensador Leonardo Coimbra; os poetas Alexandre de Córdova, Manuel de Figueiredo, João de Castro; os pintores João Peralta e Armando de Basto; o Tenente Pina de Moraes y-o poeta e crítico José Cervaens Rodrigues. E moitos mais, aínda" (Portugal e Galicia, 1920 p. 8).

Iniciábase logo, unha xeira de colaboracións galaico-portuguesas que ía albergar o seu máximo expoñente na revista *Nós*[71], como podemos observar no comentario desta análise. Pero non só nas colaboracións, as relacións tamén se estenderon ao comentario de libros portugueses[72] nas páxinas de *Nós*, moitos deles na sección *Os homes, os feitos, as verbas*, e a recepción de revistas lusas[73] recollidas nesta mesma sección.

Outro dos intercambios culturais que se menciona no artigo do segundo número de *Nós*, é o desexo de que se leven a cabo as seguintes accións: "a venda en Galizia de libros portugueses, e de libros galegos en Portugal; visita a Portugal dos nósos artistas y-escritores, e dos artistas y-escritores portugueses eiquí, compre mencionar tamén os Xogos froraes galaico-lusitanos que pr'á primaveira próisima organiza o Sr. Cervaens Rodrigues" (Portugal e Galicia, 1920 p. 8). Estas anotacións gardan relación co exposto por Kant acerca do dereito cosmopolita que recolleu David Held, xa enunciado anteriormente.

Isto é, os homes de Nós asumiron un cosmopolitismo no que o intercambio libre de ideas e tamén de mercancías, no caso dos libros, adquiría, con Portugal, a súa máxima expresión. Ademais, a construción de vieiros para que tanto os portugueses coma os galegos visitasen ámbolos dous pobos, implica o cumprimento doutro dos aspectos nos que Held basea o cosmopolitismo:

> "O cerne do cosmopolitismo consiste tamén na *habilidade para estar fóra dun emprazamento singular (o emprazamento natal, a terra, o lugar de crianza ou conversión) e para mediar entre tradicións*" (2011, P. 61).

[71] Coa presenza de Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Alexandre de Córdova, Hernani Cidade ou Antonio de Cértima, entre outros.
[72] Por exemplo: *P'ras Moças da minha terra* de A. Pereira Cardoso no número 9 de *Nós*; *Cantos indecisos* de Teixeira de Pascoaes no número 7; ou *Divina Tristeza* de Anrique Paço d'Arcos no número 23; entre moitos outros.
[73] Tal é o caso de *Naçao Portuguesa*, *A Aguia*, *Contemporánea* ou *Porto Académico*, entre outras.

### *4.1.9. Da Alemaña*

Vicente Risco, grazas á axuda da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas[74], "viaxa a Europa entre o 14 de maio e o 27 de setembro de 1930 (...) con intención de poñerse en contacto co antropólogo e sociólogo Richard Thurwald (1869-1954), e asistir ao semestre de verán na Universidade de Berlín" (Rodríguez González, 2009, p. 76). Porén, o profesor Thurwald atópase viaxando por África polo que, posteriormente, o escritor ourensán dirixe a súa andadura cara Praga e Viena na procura doutros mestres.

Risco publica intermitente[75] na revista *Nós* vinte artigos, co título *Da Alemaña*, nos que narra súa primeira viaxe: País Vasco, París, Colonia, Bonn e finalmente Berlín. Ao non poder encontrarse co profesor Thurwald, o director de *Nós* aproveita a súa estadía na capital alemá para visitar museos (algúns relacionados coa etnografía como o Museum für Völkerkunde) e bibliotecas, citarse con outros persoeiros académicos, charlar con españois e xente estranxeira, acudir a conferencias (como a da poeta bengalí Rabindranath Tagore) ou admirar o zoo e o acuario de Berlín, entre outras actividades. A este conxunto de textos publicados na revista galega sucedéronlle outros dez da viaxe de Risco por Praga e Viena baixo o título de *Mitteleuropa*. Unha anécdota curiosa é a denominación que ten o libro de 1934 da editorial de Ánxel Casal onde se recollen os vinte primeiros artigos do seu periplo por Alemaña xa que se publicaron co nome de *Mitteleuropa* en vez de *Da Alemaña* como se fixo na revista *Nós*.

**A habilidade cosmopolita de Risco**

David Held afirma que "o cerne do cosmopolitismo consiste tamén na *habilidade para estar fóra dun emprazamento singular (o emprazamento natal, a terra, o lugar de crianza ou conversión) e para mediar entre tradicións*" (2011, p. 61). Neste senso, Vicente Risco demostra que se adapta moi ben aos novos escenarios nos que habita. Por exemplo, cando abandona o País Vasco para proseguir o seu camiño cara Berlín, amosa unha certa tristura por deixar atrás a terra vasca: "por moi fermosa que sexa a súa fala, por moi acolledora que sexa a miña cámara, por moi discreto e amigo que sexa o Luis Temes, non hai remedio senón espilirse para cumprir fielmente o programa" (Risco,

[74] Ver nota número 71.
[75] Os vinte artigos de *Da Alemaña* aparecen nos números 79, 81, 82, 83, 86, 88, 89, 92, 96, 100, 102, 104, 105, 106, 107, 110, 111, 112, 119 e 120.

1984, p. 39). Ademais, durante os seus días no País Vasco, o intelectual galego amosa o seu interese pola pobo vasco e o ben que, segundo Risco, mesturan a tradición e o progreso sen perder a súa esencia de nación, apoiándose na raza, na relixión e a fala:

> "O pobo vasco ten que vivir: sostén o seu con forza extraordinaria, e conseguiu unha alianza nada chocante, senón pola contra, moi natural da tradición co progreso; tan natural que semella que tiña que ser así, e que non podía ser doutro xeito, e aínda souberon facer certos detalles de progreso, características nacionais, ao menos dentro da España, e que chaman a atención de tódolos viaxeiros" (1984, p. 28).

O home de Nós media entre a tradición galega e a vasca, plasmando nas páxinas de *Nós* as características do pobo vasco e ansiando que en Galicia se reflictan algunhas circunstancias do mesmo como o "orgullo" que senten todos pola súa lingua (Risco, 1984, p. 30). Neste senso, Risco salienta outros aspectos da súa cultura:

> "Os vascos teñen limpeza, cartos, instrucción, crianza, belas cidades, teléfonos, estradas con asfaltos; máis fixémonos ben en que teñen unha conciencia nacional moi forte, unha soberbia de raza primixenia e un idioma que ninguén entende non sendo eles..." (1984, p. 23).

Na súa estadía en Alemaña, a pesar de que se amosa crítico con certos aspectos, tamén demostra a súa habilidade cosmopolita, enunciada por Held, e, como afirma Olivia Rodríguez, "búscase a vida bastante ben" (2009, p. 81). Á cidade alemá que mellor se adapta quizais sexa Bonn, do que chega a dicir as seguintes verbas: "Algún tempo despois, aínda dicía eu en Berlín que Bonn era a cidade máis fermosa que vira na miña vida -¡despois de ver Lisboa!- e laiábame de non quedar en Bonn" (1984, p. 80). En dita cidade alemá, dialoga con moita xente a pesar de non dominar o idioma, visita os puntos máis significativos, como o Museo, acompañado do catalán Noguera, acode a seminarios e conversa con españois que viven en Bonn sobre a cultura do país alemán, etc.

En Berlín, aséntase na casa dos galegos Lois Tobío Fernández e do xornalista Felipe Fernández Armesto, onde se relaciona tamén co seu amigo Canedo. A pesar de que Risco manifesta o seu descontento co trafego da capital alemá, coa gran aglomeración de xente, coas evidencias do progreso mecánico ou coas novas correntes do pensamento que están arraigando na súa sociedade como o marxismo, o home de Nós exerce como un eficiente mediador para que os galegos coñezan a cultura alemá a través das revistas,

adáptase e desenvólvese eficazmente neste cidade europea e incluso establece algunhas rutinas (acudir a misa tódolos domingos).

Risco é capaz de relacionarse coa xente, tanto os galegos e españois residentes en Berlín como os propios alemáns; acode a unha gran cantidade de museos da capital describíndoos a detalle; visita o zoo e o acuario nos que evidencia certa ledicia; analiza e aporta a súa opinión sobre a cultura alemá, así como doutras culturas[76], e sobre as novas correntes que a están a conformar; describe as rúas de Berlín e as súas tendas con amplos catálogos de ámbalas dúas; pasea, observa e aspira os aires de Berlín para captar a súa esencia e plasmala no papel do seu diario. É dicir, Risco non é un simple turista[77] ou forasteiro en Alemaña senón que intenta comunicarse coa súa xente, comprender a súa tradición e a súa cultura, observar todo o que o rodea e transmitilo aos galegos cos detalles máis precisos e abundantes. Isto é, o ourensán evidencia esa característica enunciada por Held do cosmopolitismo cultural esa capacidade para "mediar entre culturas nacionais, comunidades de destino e estilo de vida alternativos" (2011, p. 60). Neste senso, Olivia Rodríguez considera que "tanto «Da Alemaña» como «Mittleuropa», que van dando conta da viaxe pormenorizadamente, están cheas de reflexións, de recordos e de anécdotas de vida cotiá, de impresións das xentes en cada país e digresións de todo tipo" (2009, p. 81).

Por outra parte, Risco elabora unha ampla crónica que se pode inserir dentro do xornalismo de viaxes ao igual que os artigos de Castelao *Do meu diario*. O ourensán leva á súa máxima expresión a realidade xornalística de "ir, ver e contar". Os vinte artigos do director de *Nós* caracterízanse pola gran cantidade de detalles que aporta e as súas concisas e evocadoras descricións. Algún fragmento que exemplifica esta cuestión, é, por exemplo, o da descrición dun señor co que se atopa en Bonn:

> "Fiquei parvo diante daquel home impoñente: esguío, loiro, xentil, aposto, fondos ollos de azul claro e ergueito bigote de ouro, facha distinta e fina, flamante uniforme, elegante capaz azul de colo ergueito e engalonado, o extraño chacó dos *Schupos* que eu aínda non coñecía (...)" (1984, p. 68-69).

[76] "Toda a miña vida heina pasar coa cisma do pensamento indio, e coa admiración por aquela cultura" (Risco, 1984, p. 202).

[77] En relación a isto son interesantes as seguintes verbas de Risco: "Estaba no estado perfecto do observador e do viaxeiro: tiña a testa tan enteiramente baleira de ideas, que podía aproveitar canto vira e canto non vira, sen deformalo con ningún preconcepto"(1984, p. 72).

Tamén son salientables as verbas que emprega Risco para describir ao poeta indio Tagore, onde manifesta a súa capacidade de observación e a súa riqueza de vocabulario:

> "Tagore vai coma sempre, coa testa descuberta, a branca cabeleira de brillante seda chegándolle aos ombreiros, as longas barbas brancas, respetosas, apostólicas e sabias, o ollar inmóbil, espetado cara adiante, como mirando para o lonxe, como se fose alleo a todo, como se non vise nada , como se camiñase hipnotizado. Camiña dereito, pausado, solemne, isócrono, mecánico, tamén como hipnotizado, ensimesmado, solagado no pensamento. Leva as mans atrás, e nunha delas o manuscrito da conferencia. Viste unha longa túnica branca, deica os pes, e enriba un caftán negro do mesmo longo..." (1984, p. 172).

Esta capacidade de observación e descrición tamén a evidencia cando acode aos museos de Berlín, ao zoo ou ao acuario. Ademais, nestes lugares ofrece un amplo catálogo de todo o que ve, aportando unha inxente información do que atopa neles. Neste senso, non soamente achega aos galegos nas páxinas de *Nós* a cultura alemá senón que tamén, en emprazamentos como o Museum Für Völkerkunde, describe aspectos da etnoloxía de culturas de América, África ou, incluso, de Xeorxia e dalgúns pobos de Siberia e Europa boreal grazas a unhas exposicións temporais do museo que el explora e examina minuciosamente.

Emporiso, as anotacións expostas até o momento manifestan claramente as dúas ideas de Held no eido do cosmopolitismo que expuxemos con anterioridade, circunstancia que Risco denota durante a súa longa estadía por Europa.

**As ideas de Berlín: o cosmopolitismo segundo Risco**

Os últimos apuntamentos do home de Nós en *Da Alemaña* son unha serie de pequenos textos sobre diferentes ideas de movementos ou correntes que achou na sociedade berlinesa, tales como o americanismo, o marxismo, o militarismo, o antisemitismo, o nacionalsocialismo, etc. Unha delas é o cosmopolitismo, un dos alicerces do presente Traballo de Fin de Grao.

Ao igual que en *Nós, os inadaptados*, Risco afástase da idea que el propón de cosmopolitismo e critica profundamente as súas consecuencias. O escritor ourensán emprega os termos cosmopolitismo e universalismo dunha forma difusa e non moi clara ao longo da revista *Nós*. Neste senso, en *Da Alemaña* recupera unha definición

semellante á que achegou no se seu ensaio autobiográfico *Nós, os inadaptados*: "fóra fronteiras, desaparezan Estados ou nacións, e formémo-la grande fraternidade de tódolos homes". Ademais, considera que o materialismo e o marxismo son cosmopolitas polas dúas frases que propulgan: "ubi bene, ibi patria" (Risco, 1984, p. 283) o primeiro, e "traballadores de tódolos países, xuntádevos" (*Ibíd.*) o segundo. Tanto o marxismo como o materialismo son ideas que o home de Nós critica[78] durante toda a viaxe, mentres que o cosmopolitismo que el relaciona co derrubamento de fronteiras e a disolución das nacións confróntase co seu axioma "ser diferente é ser existente" así como a súa idea de nacionalismo sustentada na lingua, na tradición, na raza e na relixión.

Sexa como for, é xustificable afirmar que Risco demostra un carácter cosmopolita no seu percorrido por Europa e ao longo dos seus escritos relacionados con este periplo. Como xa mencionamos anteriormente, o director de *Nós* manifesta "unha capacidade para mediar entre culturas nacionais, comunidades de destino e estilo de vida alternativos" (Held, 2011, p. 60), así como "a posibilidade de diálogo coas tradicións e discursos doutros con fin de expandir os horizontes do marco de prexuízo e significado propio" (*Ibíd.*).

Risco achega aos galegos nas páxinas de *Nós* as súas observacións e apuntamentos sobre o pobo vasco no inicio da súa travesía, gaba aspectos da súa cultura e describe a súa tradición. Por outra parte, na súa estadía en Alemaña o intelectual galego é aínda máis profundo nas súas anotacións narrando todo o que presenza, falando cos estranxeiros que habitan aló así como os propios alemáns; acudindo aos museos, ás bibliotecas e outros puntos de interese que frecuenta a poboación nativa, describindo as súas rutinas, as súas tradicións, a súa arte, as súas vestimentas e os seus pensamentos; amosando as características da arquitectura que ollo, así como as tendas e as rúas; escribindo nas últimas páxinas *Da Alemaña* as diferentes ideas que agroman na sociedade contemporánea alemá aínda que as critique e se opoña a elas como á da liberdade sexual[79]. Ademais, é capaz de adaptarse a vivir fóra do seu emprazamento

[78] Nas seguintes verbas fala do marxismo: "Sigo vendo que chaman partidos definidos aos que se explican segundo o criterio marxista. ¿Pero non verán estes homes que o marxismo explica de máis as cousas, é claro de máis, definido de máis, para ser verdadeiro? Comprendo que homes de masa, de mentalidade simple, o novo bárbaro das grandes cidades, ou os que levan demasiada presa na vida, e non teñen tempo para excitaren o pensamento crítico, sexan marxistas; mais que outros se deixen engaiolar, non me colle na testa" (Risco, 1984, p. 113).

[79] "Estes pobres de espírito, estes cobardes, estes egoístas que compoñen o mundo moderno, non teñen folgos nin arnaces para ningún esforzo, para ningún sacrificio. Pésalle-la moral porque non teñen coraxe

natal, descubrindo lugares nos que se sinte cómodo e establecendo rutinas como acudir a misa os domingos lonxe de onde acostuma a asistir.

Por outra parte, como ben afirma Held: "Al igual que no existe una única forma de liberalismo o una sola manera de conceptualizar la democracia, no hay una comprensión unificada o monolítica del cosmopolitismo" (2012, p. 27). Quizais as inquedanzas de Risco se afasten da súa idea de cosmopolita relacionada con suprimir fronteiras e formar unha nación única e universal pero, en troques, achégase a algunhas das anotacións sobre o cosmopolita que introduce Held na súa obra *Cosmopolitismo. Ideas y realidades*.

Unha delas é o exposto por polo filósofo prusiano Immanuel Kant quen "vinculou a idea de cosmopolitismo co punto de vista da razón pública. Un dereito individual a entrar no ámbito da razón pública reflíctese no dereito á libre participación na comunidade global de debate" (Held, 2012, p. 27). Risco demostra nos artigos *Da Alemaña* ese desexo de participar libremente no debate global, achegando á súa opinión sobre o militarismo, o nacionalsocialismo, a unión entre a tradición e o progreso e un longo etcétera. Desexa que Galicia sexa recoñecida como una nación acreditada e que estableza unha condición de igualdade con outras culturas, construíndo pontes con elas.

Ademais, Held enuncia na súa obra outra concepción máis recente do cosmopolitismo na que se manifestan algunhas semellanzas cos textos de Risco sobre a súa viaxe por Europa, a cal explica que dito cosmopolitismo: Implica que os individuos son as «unidades finais do ámbito moral» a igualdade de valor moral das personas e a imparcialidade na deliberación e debate dos públicos" (2012, p. 27).

Neste senso, Rico demostra que a primeira característica está moi presente en *Da Alemaña*, xa que o espiritualismo que el promulga enfróntase profundamente co materialismo e o progreso racionalista, mecanicista e científico (todo elo relacionado coa técnica) que el crítica. É dicir, o director de *Nós* manifesta a súa preocupación pola importancia que a sociedade lle outorga ao avance no eido científico fronte ao carácter moral e espiritual do ser humano que, segundo as súas verbas, se atopa en decadencia en Occidente. Risco amosa a súa inquedanza pola perda da concepción de que o

para ela, porque son menos homes que os de antes; o que queren é aforra traballos e darlle gusto ao corpiño" (Risco, 1984, p. 291), escribe sobre este tema.

individuo[80] é o cumio do ámbito moral, así o reflicte nalgúns apuntamentos da súa viaxe como: "No fondal da alma así e todo, quizais os vascos saiban ou sintan que o progreso en realidade non é nada fundamental, senón accesorio, un medio, un instrumento, unha arma para defende-la tradición, e que se aquel mata esta, daquela xa non serve de nada, xa perdeu el mesmo todo o valor que podía ter" (1984, p. 28); ou cando describe Berlín: "É un gran mundo artificial de extrema perfección mecánica, coma se os homes quixesen erguer un novo mundo segundo a ciencia, e non segundo a natureza. É (...) unha sorte de Torre de Babel concebida en horizontal" (1984, p. 109).

**Europa e Galicia: a esencia europeísta de Risco**

Olivia Rodríguez escribe unha reflexión moi atinada sobre as viaxes de Castelao (reflectidas nos artigos *Do meu diario*) e Risco por Europa:

> "Hai unha distancia temporal entre estas viaxes que non é de importancia menor: Castelao empréndea en plena ebulición de ideas e proxectos do grupo Nós, para facer acopio de novidades artísticas que logo el se encargará de incorporar ao acervo galego. Risco, malia que o seu proxecto político persoal entra en declive fronte a outros dominantes que triunfarán a partir de 1931, non perde ánimos para viaxar e volver cun baúl de libros de ciencia etnográfica alemá, porque os novos métodos científicos son os que van sacar á luz e dar prestixio aos valores culturais do pobo galego. Unha vez elaborada a súa contribución galega, ámbolos dous pretendían devolver a Europa o que Europa lles fornecera" (Rodríguez, 2009, p. 87-88)

Isto é, o periplo de Risco por Europa tiña, oficialmente, fins educativos pero tamén unha busca de coñecementos e realidades aplicables ao seu proxecto de Galicia, de crear un pobo galego con conciencia de seu, que admire a súa cultura, a súa tradición e a súa lingua. O home de *Nós* ve en Europa unha oportunidade, un lugar, como afirma Zygmunt Bauman, onde se inventou a necesidade de *cultivar la cultura*" (2006, P. 24) e onde esta "se converteu nun obxecto de crítica teórica e práctica humana e doe subseguinte *cultivo*" (2006, p. 25). Ademais, Risco tamén demostra ese carácter crítico e

[80] Neste senso, o pensamento de Risco relaciónase co exposto sobre a individualidade por John Stuart Mill en *Sobre a liberdade*, onde o autor considera que "Toda persoa aumenta o seu valor en proporción ao desenvolvemento da súa individualidade, e faise máis capaz, por iso mesmo, de ser valorada por outros. Na súa propia existencia hai unha gran plenitude de vida; e, cando hai máis vidas nas unidades, máis vida hai na masa que con estas unidades se conforma" (2018, p. 160); ademais de manifestar que a individualidade pode xerar xenialidade e orixinalidade, circunstancia que Risco contempla nas súas ideas.

autocrítico "inherente" aos europeos, segundo Bauman (2006, p. 185). Tal carácter crítico radica na esencia de ir á procura dunha identidade que sempre vai por diante da real, da actual, explica Bauman (2016, p. 183); así o exemplifica Risco en *Da Alemaña*, no caso de Galicia cun desexo de espertar a conciencia galega no pobo, de mellorar os problemas , da cultura e do espírito para alcanzar unha cidade moderna onde se respecte a tradición; así como expón nun ton crítico que na súa terra queda moito traballo por facer e por desenvolver. Esta idea tamén a traslada á cultura europea, a cal considera que está en decadencia e que debe procurar unha mellora co piar do espiritualismo e a moralidade, amosándose crítico co que el interpreta que interrompe dito avance: o marxismo, o materialismo, o comunismo, a arte nova (*Neue Kunst*) ou americanismo, entre outras.

Por outra parte, o ourensán defende, como é costume, que as culturas son realidades diferentes e que ese é o miolo da súa alma e da súa esencia, ámbalas dúas visibles na concepción de Europa:

> "Unha cultura é decote unha unidade orgánica, é unha creación social, e polo tano, é a forma exterior dunha alma colectiva. Por iso, en primeiro termo, a cultura non é imitable. Velaquí o erro dos asiáticos que acolleron a cultura occidental, erro do que semella que se decatou Gandhi –e o erro dos americanos que cren se-los continuadores da cultura europea. América posúe tódalas formas externa do europeísmo, mais non as esencias, non o senso, non a alma, que as creou" (Risco, 1984, p. 21).

**"Ideas de Berlín"**

Os últimos artigos de *Da Alemaña* levan o subtítulo de "Ideas de Berlín", onde, como xa explicamos anteriormente, desenvolve unha serie de argumentos para achegar a súa opinión sobre realidades coma a liberdade sexual, o cosmopolitismo, o americanismo, o antisemitismo ou o marxismo, entre outras. Na súa exposición, non só neste conxunto de artigos senón ao longo de todos os textos de *Da Alemaña*, Risco manifesta, ao igual que en *Nós, os inadaptados*, o carácter do «antimoderno» exposto por Antoine Compagnon en *Los antimodernos*. Segundo Compagnon, o «antimoderno» maniféstase principalmente en persoeiros europeos como, por exemplo, Chateaubriand, Proust ou Baudelaire. No home de *Nós* tamén se evidencia esta idea que Compagnon define así:

> "Os antimodernos –non os tradicionalistas polo tanto, senón os antimodernos auténticos- non serían máis que os modernos, os verdadeiros modernos, que non se deixan enganar polo moderno, que están sempre alertas" (2007, P. 12).

Neste senso, Risco móstrase vixiante a tódalas novas ideas e correntes que atopa en Berlín, cuestionando e criticando ás que considera que reflicten un carácter materialista. Ademais, durante a súa vaixe o ourensán caracterízase como ese "moderno arrastrado pola corrente da historia" (Compagon, 2007, p. 21), xa que por exemplo asume a rutina de montar no coche eléctrico ou ser consciente dos vieiros da sociedade moderna; en troques e como afirma Compagnon, o «antimoderno» é "incapaz de gardar o loito polo pasado" (*Ibíd.*), como así o demostra Risco no seu afán de mesturar tradición e querenza pola terra natal en consonancia co progreso.

Agora ben, nos últimos artigos de *Da Alemaña*, Risco introduce argumentos e ideas un tanto conservadores e sombríos. Un exemplo deste aspecto é, por exemplo, o exposto polo director de *Nós* en canto a liberdade sexual, onde elabora unha análise superficial, quizais por interpretar unha nova realidade que non tivo tempo a debullar máis profundamente e da cal critica por non ser "máis que vicio, iso do amor libre" (Risco, 1984, p. 291). Ademais, afirma que "non hai, non pode haber *amor* libre; o que chaman amor libre non é mais que *vicio* libre. O amor, por natureza, é servidume; onde hai liberdade non hai amor", quizais unha visión conservadora sobre este tema. Por outra parte, tamén resultan sombrías as súas verbas respecto dos xudeus, xa que considera que o diñeiro, o materialismo e o capitalismo destruíu as sociedades cristiás, considerando ao xudaísmo como un dos responsables de erguer os valores económicos por riba dos espirituais (Risco, 1984, p. 302).

### *4.1.10. Mitteleuropa*

Logo dos vinte artigos de *Da Alemaña*, Vicente Risco continúa os escritos da súa viaxe por Europa coa serie *Mitteleuropa*. Neste conxunto de dez artigos publicados de xeito intermitente[81], entre 1934 e 1935, na revista *Nós*, o escritor ourensán narra a súa marcha de Berlín (debido á ausencia do profesor Richard Thurwald e de quen tiña pensado recibir un seminario) e a súa andadura por Praga e Viena na procura de novos mestres.

[81] Publicáronse nos números 122, 123, 124-125, 126-127, 128-129, 131-132, 134, 135, 136 e 137-138 de *Nós*.

En vez de sentirse decepcionado ou reticente e sen folgos de continuar o seu periplo europeo, Risco evidencia ese carácter aventureiro dos europeos que describe Bauman:

> "Los europeos eran los aventureros entre los amantes de la paz y la tranquilidad: viajeros compulsivos e infatigables entre los tímidos y los sedentarios, vagabundos y errantes entre aquellos que preferían vivir sus vidas en un mundo que terminaba en la última cerca de su pueblo" (2006, p. 13-14).

Así o manifesta o intelectual galego, proseguindo a súa viaxe cara outros territorios non considerados previamente dentro da súa idea inicial e, incluso, manifesta o seu desexo de acudir a Hungría cando o confunden, debido á súa presenza física, cun habitante natal desa nación. Risco lamenta non poder acudir por falta de cartos, expresando así o seu carácter aventureiro e, polo tanto se consideramos as verbas de Bauman, europeo.

Por outra parte, ao longo dos dez artigos de *Mitteleuropa*, Risco reflicte, pode dicirse que dun xeito máis claro que en *Da Alemaña*, o exposto por David Held en canto a cosmopolitismo:

> "O cerne do cosmopolitismo consiste tamén na *habilidade para estar fóra dun emprazamento singular (o emprazamento natal, a terra, o lugar de crianza ou conversión) e para mediar entre tradicións*" (2011, p. 61).

O home de *Nós* comeza a súa nova andadura despedíndose de Berlín cun sentimento de saudade, a pesar do seu manifesto odio polas cidades grandes (Risco, 1934a, p. 28). Na capital alemá foi capaz de demostrar a súa habilidade cosmopolita, como se explicou e analizou no comentario sobre *Da Alemaña*. No seu seguinte destino, Praga, recollido en *Mitteleuropa*, o ourensán demostra a súa ledicia e o seu agrado por esta cidade:

> "A carón de estiramento mecánico, do artificialismo e ordeanza de Berlín, eiquí semella que s'atopa un na casa. Esta gente é máis miña, com'a a do mercado de Bonn. Estas facianas compréndense moi ben" (Risco, 1934a, p. 32).

Quizais, se mesturamos as verbas de David Held e de Vicente Risco, unha definición improvisada e superficial do cosmopolitismo sexa a seguinte: o cosmopolitismo é coma andar pola casa nunha terra allea á natal, a capacidade para achegarse a outras culturas e ser capaz de mediar entre elas. Tal circunstancia evidénciaa Risco en *Mitteleuropa*:

> "Cand'un está fora da casa, son as mellores horas do día, porque son as horas de espranza; e can'un está en terra estrana, é a hora d'agardar grandes cousas" (Risco, 1934a, p. 32).

Ao igual que en *Da Alemaña*, o director de *Nós* achega en *Mitteleuropa* rigorosas, elocuentes, sinceras e amplas descricións de todo o que ve, observa, escoita ou visita. Risco evidencia nelas a súa ledicia por estar en Praga e a satisfacción que lle produce a cidade. Ademais, o escritor galego explora toda a cidade, afastándose dos lugares máis turísticos e, en troques, camiña polos recunchos de Praga co fin de aspirar a verdadeira esencia da mesma: acode por primeira vez na súa vida a unha sinagoga (aínda que non lle supuxo unha boa experiencia); entra en numerosas igrexas e quédase a escoitar as misas; come en restaurantes cos profesores que visita e os amigos destes, acostumándose ás súas rutinas culinarias e acompañándoos a lugares aos que adoitan acudir; analiza os pequenos detalles de Praga, como as tendas, as cristaleiras, os restaurantes, as librerías...

Isto é, Risco é capaz de desenvolverse lonxe da súa terra natal e de mediar entre culturas, describíndoas en *Nós* e posibilitando que os galegos daquela época coñezan a tradición e o pensamento doutros pobos que, a maioría, dificilmente podería presenciar cos seus propios ollos. Esta necesidade de construír pontes cara outras culturas, que como xa dixemos é un dos obxectivos que *Nós* propugna desde as súas primeiras verbas, reflíctese esclarecedoramente nas seguintes verbas do ourensán albergadas no último artigo publicado de *Mittleuropa*:

> "Nós, os galegos, pouca culpabilidade temos n-isto. O germanismo vennos, como todo imposto de Madrí. Asi e todo, hai pra elo unha disposición doada no noso caraute: o castelán culto e semiculto –o hespañol en geral, porque isto acontécelle tamén aos cataláns- vive preocupado do que do seu país poidan pensar «en el Extranjero»; «el Extranjero» é unha verba mágica na Hespaña, que resume canto de máis execelente e ademirábele poder sair dos miolos ou das maus dos homes o modelo impecábele que compre imitar. Nós, os galegos temol-a mesma preocupación, non já repseito do Extrangeiro, senón de todo o que sexa forasteiro, de todo o que non sexa noso. D'eiquí qu'esteamos dispostos a acoller todo o alemán, e moito máis se nos ven de Madrí, agionllados e cos brazos abertos. Pois ben, compre reaccionar contra d'isto. S'en Madrí querene seguir en postura servil co-a Alemaña, alá iles. Mais ao menos nós, ceibémonos. Se temos efeitivamente moito que deprender do estrangeiro, que non sexa somentes d'Aleñama, Galiza tivo ligame tradicional co-a cultura francesa, pois precuremos de

> novo ise ligame. Temos afinidades de raza con pobos da Gran Bretaña, pois precuremos tamén a cultura ingresa. Non sexamos escrusivistas, com'os de Madrí, que c'un soilo santo non se vai ao ceo. Recibamos influenas diversas, que canto máis diversas, mais ceibes quedaremos nós. Escoitemos mestres de diversos métodos, de diversas opiniós, de diversos principios, e será o modo de podelos contrastar os ús cos outros, de coller o millor de cada un, d'alargal-o noso hourizonte, comparar, discernir, e non casarnos co primeiro que chega. E cando tenñamos qu'acudir aos alemás, que por fora terá que ser moitas veces, vayámolos procurar direitamente, e non nas selecciós e nas traduciós que nos dean feitas de Madrid" (Risco, 1935d , p.102).

Este pequeno fragmento de *Mitteleuropa* define claramente o carácter cosmopolita do escritor ourensán, onde amosa o seu interese por recibir influenzas e opinións doutras culturas, canto máis diversas posible mellor. Por outra parte, é un bo exemplo para demostrar ese carácter nacionalista non exclusivista dos homes de *Nós* e, tamén, para salientar a súa inquedanza por crear un Galicia á que as outras culturas a vexan coma unha igual, sen intermediarios nin filtros (neste caso España), capaz de cotexar opinións, métodos e principios e, nun último chanzo, aplicalos. Estas verbas de Risco son de moita importancia para entender o seu pensamento no eido das relacións entre culturas así como da mediación entre tradicións, as cales amosan a súa preocupación por adquirir coñecementos de todas elas xa que todas son válidas.

A pesar da súa boa adaptación ás novas cidades europeas que visita, nos dez artigos da serie de *Mitteleuropa* reflíctese en Risco un sentimento de morriña cara Galicia e, especialmente, cara a súa cidade natal: Ourense. Nos seus apuntamentos por terra europeas, o director de *Nós* menciona a Ourense en diversas ocasións, comparando lugares e rúas con outros sitos en terras ourensáns, evidenciando nalgunhas ocasións un sentimento nostálxico. Ademais, lonxe dos seus amigos galegos de Berlín, Risco síntese só en Praga e Viena, chegando a empregar verbas que denotan tristura:

> "O certo é que já levaba cinco días na máis cumprida soedade. É grande cousa, a soedade. Mais é cousa que se leva ben co-a vida sedentaria e queda, na casa ou na campía; non co a vida nómada do viageiro, e menos co-istes centros forzosos de sociedade que son as grandes cibdades. A soedade n-estas chégase a facer fonda coma sepultura" (Risco, 1935d , p.105).

En definitiva e como ben apunta Olivia Rodríguez, a súa experiencia vital, o seu traballo e Galicia son os tres piares da viaxe de Risco (2009, p. 81), a cal manifesta un claro

carácter cosmopolita e unha preocupación polas novas correntes e movementos que xorden en Europa, así como o coñecemento das opinións, métedos e principios dos grandes autores e pensadores europeos.

## 4.2. Resultados

Na escolma previa de artigos[82] da revista *Nós* nos que se reflectía o carácter cosmopolita e europeísta descrito no marco teórico, pódese apreciar que existe unha inxente cantidade de textos que evidencian dita realidade. Ora ben, é na primeira xeira de *Nós* (1920-1923) onde máis constantemente aparecen textos que manifestan o cosmopolitismo e europeísmo, sobre todo no eido da literatura. Con todo, a partir da segunda etapa de *Nós* tamén se reflicte esta circunstancia aínda que o número de artigos nos que está reflectida descende por cada número[83]. Iso si, é nesta segunda xeira cando se publican textos tan importantes, que recollen dita temática, como *Nós, os inadaptados, Da Alemaña* ou *Mitteleuropa*, os dous últimos cunha duración conxunta de cinco anos (1930-1935), aparecendo en *Nós* de xeito intermitente. Porén, coa simple análise da escolma, poderiamos afirmar que a hipótese principal do noso estudo sería certa.

Por outra parte, os 44 artigos seleccionados e analizados abarcan, intermitentemente, desde o primeiro número de *Nós* ata o penúltimo, polo que esta escolma é claramente representativa e significativa tanto en termos de importancia dos textos como da súa extensión ao longo de traxectoria vital da publicación galega. Neste senso, os artigos comentados reflicten, en maior medida pero dun xeito considerable, o carácter cosmopolita e europeísta descrito no marco teórico, como podemos observar ao longo dos comentarios elaborados. Emporiso, é xustificable afirmar que a hipótese principal do presente traballo é afirmativa e está contrastada con todo o exposto anteriormente. Sexa como for, é preciso salientar que se produce un descenso do número de artigos que agrupan baixo a perspectiva cosmopolita e europeísta canto máis avanzamos nos números de *Nós*, aínda que pola contra, é cara o final da publicación cando aparecen as

[82] Incluída no apartado "Metodoloxía".
[83] Nesta segunda xeira os artigos relacionados co cosmopolitismo e europeísmo agroman en gran medida gracias á sección *Os homes, os feitos, as verbas*, ás traducións e á extensas series *Da Alemaña* e *Mitteleuropa.*

series de artigos *Da Alemaña* e *Mitteleuropa* que se estenden cinco anos no tempo, evidenciando a importancia dos homes da revista por amosar outras culturas, tradicións, discursos e ideas.

## 5. Conclusións

A revista *Nós*, como órgano cultural, foi non só unha das grandes publicacións de principios do século XX senón de toda a historia da prensa cultural en Galicia. *Nós* revitalizou, dignificou e outorgoulle valía á lingua galega como o vehículo lingüístico dun pobo culto e en harmonía coas outras culturas europeas do seu tempo. Este grupo de persoeiros galegos achou na revista o seu mellor e máis comprometido órgano de expresión, onde plasmaron as súas ideas, coñecementos, inquedanzas e intereses. O xornalismo galego viviu unha época dourada grazas, en parte, ás achegas de *Nós* que centrou os seus artigos, sobre todo, en campos como a literatura (tanto poesía, como conto breve, fragmentos de novelas e traducións estranxeiras), a etnografía, a arqueoloxía, a xeografía, a lingüística, a filosofía, a arte, a tradición e historia galegas, así como o achegamento a outras culturas como por exemplo: Portugal, Irlanda ou Francia. *Nós* erixiuse non só como unha revista senón como o espírito ou a esencia dun grupo de homes que propiciaron que un gran número de colaboradores publicasen os seus artigos, convertendo a *Nós* nunha revista estable, interxeracional e ideada para Galicia e para os galegos, o fin último das súas aspiracións. Os homes de *Nós* tamén anovaron e innovaron no eido eido literario, situando ás letras galegas á carón do resto de literaturas universais. Porén, as figuras máis destacadas do grupo, Risco, Otero, Cuevillas e Castelao, construíron os alicerces dunha xeración que pasou á historia e que é coñecida co mesmo nome que a revista. Probablemente, a xeración que máis traballou pola dignificación, valorización e espallamento do noso idioma; por achegarse a outras culturas e intercambiar con elas ideas, principios e coñecementos; por atopar un oco para unha literatura galega innovadora, diferente e rebelde (no senso de orixinal) e comprometida; por situar a Galicia no chanzo europeo e universal.

O cosmopolitismo e o europeísmo son dúas concepcións presentes en boa medida ao longo de toda a traxectoria da revista *Nós*. A primeira xeira da publicación (1920-1923), sobre todo, amosa un gran interese pola literatura doutras culturas e polo establecemento de relacións e intercambio de ideas con elas, especialmente con Irlanda e Portugal. Sexa como for, é xustificable afirmar que, a pesar de que estas dúas nacións foron obxecto de interese constante, existiu tamén unha inquedanza por estender a temática central dos artigos cara outras culturas como a francesa, a inglesa ou a alemá e, incluso, algunhas que albergaron unha mínima representación pero que estiveron presentes: a italiana (como reflicte a serie de artigos *Por terras orientals. (Cartas encol*

*da miña pilingrinaxe* de A. Gómez Ledo), ou o artigo *O poeta armenio Hrand Nazariantz* no número 4 de 31 de xaneiro de 1921, elaborado por Vicente Risco, ou os artigos de Risco da súa viaxe pola República Checa e Austria recollidos en *Mitteleuropa*. Neste senso, a escolma de artigos que reflicten o aspecto cosmopolita e europeísta abrangue unha gran cantidade de textos e unha asiduidade considerable ao longo de tódolos números de *Nós*. Ora ben, a partir do ano 1925, cando a revista regresa tras dous anos de parón por mor de problemas económicos coa Ditadura de Primo de Rivera como pano de fondo, o número de artigos que manifestan dita realidade descende e mantense, en boa medida, pola sección *Os homes, os feitos, as verbas*, as traducións e a serie de escritos *Da Alemaña* e *Mitteleuropa* de Vicente Risco que, conxuntamente, esténdense durante cinco anos da vida de *Nós* (1930-1935). Emporiso, a nosa hipótese principal quedaría contrastada en canto á presenza do cosmopolitismo e europeísmo ao longo de toda a traxectoria da publicación galega.

